Deles 7 son de sector (46,67% dos de sector asinados) e afectan a 27.578 persoas traballadoras (69,84%), das que 23.907 son homes e 3.671 mulleres, e 57 son de empresa (44,19% dos de empresa asinados) e afectan a 5.555 persoas traballadoras (57,09%), das que 3.438 son homes e 2.117 mulleres.

No ano 2013 os convenios que indican a interrupción das vacacións no caso de incapacidade temporal **durante o seu desfrute** son 55 (28,21% dos asinados) e afectan a 43.424 persoas traballadoras (17,89%) das que 27.538 son homes e 15.886 mulleres.

Deles 8 son de sector (19,51% dos de sector asinados) e afectan a 37.615 persoas traballadoras (16,70%), das que 23.787 son homes e 13.828 mulleres, e 47 son de empresa (30,52% dos de empresa asinados) e afectan a 5.809 persoas traballadoras (33,40%), das que 3.751 son homes e 2.058 mulleres.

En 2014 indican a interrupción das vacacións no caso de incapacidade temporal **durante o seu desfrute** 56 convenios (38,89% dos asinados) e afectan a 30.565 persoas traballadoras (62,10%) das que 25.959 son homes e 4.606 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 24.928 persoas traballadoras (63,13%), das que 22.457 son homes e 2.471 mulleres, e 50 son de empresa (38,76% dos de empresa asinados) e afectan a 5.637 persoas traballadoras (57,93%), das que 3.502 son homes e 2.135 mulleres.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con este tipo de cláusulas.

Convenios colectivos que indican
interrupción das vacacións por IT durante o desfrute
Por provincias. Galicia. 2009-2014

Galicia		
	Nº	%
Sector		
2009	4	13,3
2010	4	13,3
2011	2	7,7
2012	2	14,3
2013	8	19,5
2014	6	40,0
Empresa		
2009	39	29,8
2010	30	25,6
2011	28	30,1
2012	24	23,3
2013	47	30,5
2014	50	38,8
Total 2014	56	38,9

Convenios colectivos que indican
interrupción das vacacións por IT antes do inicio
Por provincias. Galicia. 2009-2014

Galicia		
	Nº	%
Sector		
2009	12	40,0
2010	12	40,0
2011	9	34,6
2012	4	28,6
2013	23	56,1
2014	7	46,7
Empresa		
2009	49	37,4
2010	48	41,0
2011	42	45,2
2012	34	33,0
2013	68	44,2
2014	57	44,2
Total 2014	64	44,4

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

D. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.

En 2013 recollen cláusulas relacionadas con este tema a totalidade dos convenios asinados de sector e o 99% dos de empresa.

En 2014 recollen cláusulas relacionadas con este tema a totalidade dos convenios asinados de sector e o 98% dos de empresa.

Respecto do tipo de cláusulas que conteñen que varían nalgún aspecto o sinalado na lexislación vixente, pódense destacar os seguintes:

➤ **Permisos**

O 97,44% dos convenios asinados en 2013 (190 convenios) **melloran** dalgún xeito os permisos establecidos no Estatuto dos traballadores/as. As persoas traballadoras ás que afectan son 242.566 (o 99,96% do total) das que 149.426 son homes e 93.140 mulleres.

Nos de sector son o 100% dos asinados este ano os que os melloran (41 convenios que afectan a 225.282 persoas traballadoras das que 137.844 son homes e 87.438 mulleres) e nos de empresa son 149 os que o fan (96,75% dos de empresa asinados) e afectan a 17.284 persoas traballadoras (99,39%), das que 11.582 son homes e 5.702 mulleres.

En 2014 o 96,53% dos convenios asinados (139 convenios) **melloran** dalgún xeito os permisos establecidos no Estatuto dos traballadores/as. As persoas traballadoras ás que afectan son 48.914 (o 99,38% do total) das que 39.599 son homes e 9.315 mulleres.

Nos de sector son 14 os que os melloran (o 93,33% dos asinados este ano) e afectan a 39.288 persoas traballadoras (99,49%), das que 33.003 son homes e 6.285 mulleres, e nos de empresa son 125 convenios os que o fan (96,90% dos asinados este ano) e afectan a 9.626 persoas traballadoras (98,93%), das que 6.596 son homes e 3.030 mulleres.

As melloras consisten nuns casos en aumentar o número de días de permiso aos que se ten dereito e noutros o que se fai e ampliar os casos que dan dereito aos permisos ou diminuír os requisitos necesarios.

Esíxense ás veces algúns requisitos para ter dereito aos permisos sinalados ou para incrementar o número de días aos que se ten dereito, sinalando moitos convenios a necesidade de ter que facer un desprazamento, indicando nuns casos ademais que sexa fóra da localidade, da provincia, de Galicia ou do Estado e noutros casos fixando un número concreto de quilómetros.

Outros convenios o requisito que esixen é a convivencia ou a pertenza á unidade familiar.

Entre os supostos que máis se citan non recollidos no ET figuran o matrimonio de parentes (nalgúns casos amplíase tamén para a inscrición como parella de feito) e a enfermidade grave e/ou falecemento de parentes de terceiro grao de consanguinidade e/ou afinidade ou de convivintes.

Tamén se indican nalgúns convenios permisos para bautizos e primeiras comunións, engadindo nalgúns casos a celebración de calquera outra cerimonia similar doutra relixión.

Outros supostos que se engaden son o nacemento de netos e o divorcio ou separación.

Regulan tamén moitos convenios os permisos para acudir ao médico e para o acompañamento de familiares (menores e/ou dependentes) á consulta médica.

Hai convenios que indican que se concederá o tempo necesario, pero nalgúns casos só se concede para consulta a especialistas da Seguridade Social ou probas en centros sanitarios, sinalando para o resto das consultas médicas un número de horas ao mes ou ao ano.

Amplían algúns convenios estes permisos en caso de consulta médica privada requirindo xustificación da hora de entrada e saída da consulta e sinalando ás veces tamén un número máximo ao ano.

Requírese xeralmente a coincidencia do horario da consulta coa xornada laboral da persoa traballadora.

Establece un convenio para os traballadores e traballadoras afectados por toxicomanía e/ou alcoholemia un permiso retribuído polo tempo que requira seguir o seu tratamento prescrito, sempre no caso de que non lle sexa recoñecida a IT e sempre que faga efectivo o compromiso de incorporarse a programas de deshabituación.

Sinala outro convenio que no desfrute dos permisos terán preferencia as mulleres xestantes, lactantes ou con fillos de ata 10 anos de idade, engadindo que en caso de conflito de intereses con algún compañeiro de traballo, prevalecerá o criterio maternidade sobre o do momento en que se solicitou o permiso.

Recollen moitos convenios cláusulas que supoñen melloras respecto do indicado no ET e que fan referencia á **ampliación dos permisos ás parellas de feito**, aos **permisos retribuídos por asuntos propios** e aos **permisos non retribuídos**, que se analizan con máis detalle a continuación.

- **Ampliación dos permisos ás parellas de feito**

No ano 2013 amplían o dereito aos permisos retribuídos ás parellas de feito 128 dos convenios asinados (o 65,64%) que afectan a 207.255 persoas traballadoras (85,41%) das que 129.404 son homes e 77.851 mulleres.

Deles 31 son de sector (75,61% dos convenios de sector asinados nese ano) e afectan a 194.097 persoas traballadoras (86,16%), das que 120.659 son homes e 73.438 mulleres, e 97 son de empresa (62,99% dos de empresa asinados) e afectan a 13.158 persoas traballadoras (75,66%), das que 8.745 son homes e 4.413 mulleres.

En 2014 son 103 os convenios que o fan (o 71,53% dos asinados este ano) e afectan a 40.129 persoas traballadoras (81,53%) das que 32.390 son homes e 7.739 mulleres.

Deles 9 son de sector (60% dos convenios de sector asinados) e afectan a 31.850 persoas traballadoras (80,66%), das que 26.811 son homes e 5.039 mulleres, e 94 son de empresa (72,87% dos de empresa asinados) e afectan a 8.279 persoas traballadoras (85,09%), das que 5.579 son homes e 2.700 mulleres.

Respecto das cláusulas sinalar que hai convenios nos que se indica que os permisos son os mesmos que para o cónxuxe, incluíndo os días por matrimonio que se estenden para o caso de inscrición no rexistro correspondente.

Outros convenios establecen os mesmos permisos que para o cónxuxe con excepción do permiso por matrimonio e noutros amplían para as parellas de feito o dereito aos permisos retribuídos nos casos de enfermidade, falecemento e maternidade.

Respecto da xustificación, nos convenios que fan referencia ela, indican que debe ser mediante certificado do rexistro de parellas de feito se existe, certificación do Concello de residencia, acta notarial ou calquera outro medio co que a convivencia quede debidamente xustificada.

Limitase nalgúns casos este dereito esixindo nalgúns deles que se xustifique un certo tempo de convivencia estable e noutros impedindo que se poida conceder de novo ata transcorrido un certo número de anos que se indica.

Sinálase tamén que unha vez gozada esta licenza por formalización de parella de feito non poderá ser gozada por matrimonio coa mesma persoa.

Os cadros seguintes reflicten os convenios con cláusulas deste tipo por provincias en 2013 e 2014.

Convenios colectivos asinados que amplían os permisos ás parellas de feito. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	6	60,00%	3	75,00%	9	64,29%
	Núm. Traballad.	2.639	85,10%	5.981	71,15%	8.620	74,91%
	Homes	1.514	48,82%	3.421	40,70%	4.935	42,89%
	Mulleres	1.125	36,28%	2.560	30,45%	3.685	32,02%
A Coruña							
	Núm. Convenios	25	55,56%	8	72,73%	33	58,93%
	Núm. Traballad	2.329	62,39%	79.661	78,36%	81.990	77,79%
	Homes	1.402	37,56%	45.286	44,55%	46.688	44,30%
	Mulleres	927	24,83%	34.375	33,81%	35.302	33,50%
Lugo							
	Núm. Convenios	5	29,41%	3	75,00%	8	38,10%
	Núm. Traballad	1.150	66,32%	3.500	54,18%	4.650	56,75%
	Homes	902	52,02%	2.950	45,67%	3.852	47,01%
	Mulleres	248	14,30%	550	8,51%	798	9,74%
Ourense							
	Núm. Convenios	5	55,56%	4	66,67%	9	60,00%
	Núm. Traballad	856	45,22%	16.925	92,36%	17.781	87,95%
	Homes	792	41,84%	13.872	75,70%	14.664	72,53%
	Mulleres	64	3,38%	3.053	16,66%	3.117	15,42%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	56	76,71%	13	81,25%	69	77,53%
	Núm. Traballad	6.184	89,25%	88.030	97,35%	94.214	96,77%
	Homes	4.135	59,68%	55.130	60,96%	59.265	60,87%
	Mulleres	2.049	29,57%	32.900	36,38%	34.949	35,90%
Galicia							
	Núm. Convenios	97	62,99%	31	75,61%	128	65,64%
	Núm. Traballad	13.158	75,66%	194.097	86,16%	207.255	85,41%
	Homes	8.745	50,29%	120.659	53,56%	129.404	53,32%
	Mulleres	4.413	25,38%	73.438	32,60%	77.851	32,08%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos asinados que amplían os permisos ás parellas de feito. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	382	86,43%	0	0,00%	382	13,44%
	<i>Homes</i>	305	69,00%		0,00%	305	10,73%
	<i>Mulleres</i>	77	17,42%		0,00%	77	2,71%
A Coruña							
	Núm. Convenios	24	63,16%	2	50,00%	26	61,90%
	Núm. Traballad	1.433	69,19%	20.991	89,52%	22.424	87,87%
	<i>Homes</i>	821	39,64%	19.492	83,13%	20.313	79,60%
	<i>Mulleres</i>	612	29,55%	1.499	6,39%	2.111	8,27%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	60,00%	2	66,67%	11	61,11%
	Núm. Traballad	665	71,12%	1.380	35,57%	2.045	42,47%
	<i>Homes</i>	528	56,47%	376	9,69%	904	18,77%
	<i>Mulleres</i>	137	14,65%	1.004	25,88%	1.141	23,70%
Ourense							
	Núm. Convenios	2	50,00%	1	50,00%	3	50,00%
	Núm. Traballad	359	82,91%	600	75,00%	959	77,78%
	<i>Homes</i>	340	78,52%	400	50,00%	740	60,02%
	<i>Mulleres</i>	19	4,39%	200	25,00%	219	17,76%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	57	83,82%	4	80,00%	61	83,56%
	Núm. Traballad	5.440	93,01%	8.879	99,11%	14.319	96,70%
	<i>Homes</i>	3.585	61,29%	6.543	73,03%	10.128	68,40%
	<i>Mulleres</i>	1.855	31,71%	2.336	26,07%	4.191	28,30%
Galicia							
	Núm. Convenios	94	72,87%	9	60,00%	103	71,53%
	Núm. Traballad	8.279	85,09%	31.850	80,66%	40.129	81,53%
	<i>Homes</i>	5.579	57,34%	26.811	67,90%	32.390	65,81%
	<i>Mulleres</i>	2.700	27,75%	5.039	12,76%	7.739	15,72%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

- Permisos retribuídos por asuntos propios

En 2013 establécese o dereito a permisos retribuídos por asuntos propios en 102 convenios (52,31% dos asinados) que afectan a 108.742 persoas traballadoras (44,81%) das que 45.705 son homes e 63.037 mulleres.

Deles 18 son de sector (43,90% dos de sector asinados) e afectan a 98.397 persoas traballadoras (43,68%), das que 39.231 son homes e 59.166 mulleres, e 84 son de empresa (54,55% dos de empresa asinados) e afectan a 10.345 persoas traballadoras (59,49%), das que 6.474 son homes e 3.871 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre permisos retribuídos por asuntos propios. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	7	70,00%	4	100,00%	11	78,57%
	Núm. Traballad.	2.915	94,00%	8.406	100,00%	11.321	98,38%
	Homes	1.682	54,24%	4.391	52,24%	6.073	52,78%
	Mulleres	1.233	39,76%	4.015	47,76%	5.248	45,61%
A Coruña							
	Núm. Convenios	27	60,00%	5	45,45%	32	57,14%
	Núm. Traballad	2.455	65,76%	60.281	59,30%	62.736	59,53%
	Homes	1.359	36,41%	24.762	24,36%	26.121	24,78%
	Mulleres	1.096	29,36%	35.519	34,94%	36.615	34,74%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	47,06%	0	0,00%	8	38,10%
	Núm. Traballad	523	30,16%	0	0,00%	523	6,38%
	Homes	296	17,07%		0,00%	296	3,61%
	Mulleres	227	13,09%		0,00%	227	2,77%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	33,33%	2	33,33%	5	33,33%
	Núm. Traballad	1.034	54,62%	2.910	15,88%	3.944	19,51%
	Homes	714	37,72%	978	5,34%	1.692	8,37%
	Mulleres	320	16,90%	1.932	10,54%	2.252	11,14%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	39	53,42%	7	43,75%	46	51,69%
	Núm. Traballad	3.418	49,33%	26.800	29,64%	30.218	31,04%
	Homes	2.423	34,97%	9.100	10,06%	11.523	11,84%
	Mulleres	995	14,36%	17.700	19,57%	18.695	19,20%
Galicia							
	Núm. Convenios	84	54,55%	18	43,90%	102	52,31%
	Núm. Traballad	10.345	59,49%	98.397	43,68%	108.742	44,81%
	Homes	6.474	37,23%	39.231	17,41%	45.705	18,83%
	Mulleres	3.871	22,26%	59.166	26,26%	63.037	25,98%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 75 os convenios que establecen o dereito a permisos retribuídos por asuntos propios (52,08% dos asinados) e afectan a 17.004 persoas traballadoras (34,55%) das que 11.425 son homes e 5.579 mulleres.

Deles 7 son de sector (46,67% dos de sector asinados) e afectan a 12.180 persoas traballadoras (30,84%), das que 8.476 son homes e 3.704 mulleres, e 68 son de empresa (52,71% dos de empresa asinados) e afectan a 4.824 persoas traballadoras (49,58%), das que 2.949 son homes e 1.875 mulleres.

**Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre permisos retribuídos por asuntos propios.
Galicia. 2014**

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	382	86,43%	0	0,00%	382	13,44%
	Homes	305	69,00%		0,00%	305	10,73%
	Mulleres	77	17,42%		0,00%	77	2,71%
A Coruña							
	Núm. Convenios	20	52,63%	0	0,00%	20	47,62%
	Núm. Traballad	1.167	56,35%	0	0,00%	1.167	4,57%
	Homes	666	32,16%		0,00%	666	2,61%
	Mulleres	501	24,19%		0,00%	501	1,96%
Lugo							
	Núm. Convenios	7	46,67%	3	100,00%	10	55,56%
	Núm. Traballad	495	52,94%	3.880	100,00%	4.375	90,86%
	Homes	352	37,65%	2.476	63,81%	2.828	58,73%
	Mulleres	143	15,29%	1.404	36,19%	1.547	32,13%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	50,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	424	97,92%	600	75,00%	1.024	83,05%
	Homes	357	82,45%	400	50,00%	757	61,39%
	Mulleres	67	15,47%	200	25,00%	267	21,65%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	36	52,94%	3	60,00%	39	53,42%
	Núm. Traballad	2.356	40,28%	7.700	85,95%	10.056	67,91%
	Homes	1.269	21,70%	5.600	62,51%	6.869	46,39%
	Mulleres	1.087	18,58%	2.100	23,44%	3.187	21,52%
Galicia							
	Núm. Convenios	68	52,71%	7	46,67%	75	52,08%
	Núm. Traballad	4.824	49,58%	12.180	30,84%	17.004	34,55%
	Homes	2.949	30,31%	8.476	21,46%	11.425	23,21%
	Mulleres	1.875	19,27%	3.704	9,38%	5.579	11,34%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Respecto das cláusulas que recollen pode sinalarse o seguinte:

O número de días que se establecen van desde 1 ata 10. Nalgúns convenios con vixencia superior a un ano, modifícase o número de días de asuntos propios para os anos seguintes. Algúns convenios sinalan un número de horas.

Faise referencia nestas cláusulas entre outras ás seguintes circunstancias:

- Necesidade ou non de que exista xustificación para desfrutalos.
- Prohibición ou posibilidade de acumulalos entre si, ás vacacións, aos festivos ou a outras licenzas.

Nalgúns convenios que prohiben acumulalos ás vacacións permiten que se acumulen aos días de vacación que se desfruten de forma independente.

- Prazo de antelación mínimo das solicitudes ou de aviso previo á empresa.
- Número de persoas que poden desfrutalos simultaneamente
- Establecer días de asuntos propios ou días adicionais aos existentes en función do absentismo individual ou colectivo.
- Posibilidade, no caso de non esgotalos no ano, de desfrutalos no ano seguinte.

Indícase xeralmente ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.

- Límites para o seu desfrute.

Sínálase o desenvolvemento normal da actividade, a organización do traballo e as necesidades de produción da empresa ou do servizo ou de cada sección ou departamento.

Nalgúns convenios establécese un número máximo ou unha porcentaxe de persoas traballadoras que poden desfrutalos simultaneamente (por quenda, para certos días,...) para non perturbar a normalidade do proceso produtivo ou afectar ao servizo, sinalando nalgúns destes casos os criterios e/ou procedemento a seguir.

Exclúense certos períodos ou días para poder desfrutalos e nalgúns casos establécese a súa repartición anual, obrigando a desfrutar unha parte antes dunha data que se indica.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios que establecen días de asuntos propios retribuídos e dos que amplían os permisos ás parellas de feito.

Convenios que indican días de asuntos propios retribuídos
Por provincias. Galicia. 2009-2014

Sector	Galicia	
	Nº	%
2009	15	50,0
2010	15	50,0
2011	10	38,5
2012	11	78,6
2013	18	43,9
2014	7	46,7
Empresa		
2009	78	59,5
2010	58	49,6
2011	47	50,5
2012	57	55,3
2013	84	54,6
2014	68	52,7
Total 2014	75	52,1

Convenios que amplían os permisos ás parellas de feito
Por provincias. Galicia. 2009-2014

Sector	Galicia	
	Nº	%
2009	19	63,3
2010	18	60,0
2011	15	57,7
2012	11	78,6
2013	31	75,6
2014	9	60,0
Empresa		
2009	84	64,1
2010	74	63,3
2011	62	66,7
2012	76	73,8
2013	97	63,0
2014	94	72,9
Total 2014	103	71,5

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Permisos non retribuídos

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 95 convenios (48,72% dos asinados) que afectan a 119.469 persoas traballadoras (49,23%) das que 77.696 son homes e 41.773 mulleres. Deles 18 son de sector (43,90% dos de sector asinados) e afectan a 106.847 persoas traballadoras (47,43%), das que 69.643 son homes e 37.204 mulleres, e 77 son de empresa (50% dos de empresa asinados) e afectan a 12.622 persoas traballadoras (72,58%), das que 8.053 son homes e 4.569 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre permisos non retribuídos. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	6	60,00%	2	50,00%	8	57,14%
	Núm. Traballad.	2.799	90,26%	6.336	75,37%	9.135	79,39%
	Homes	1.590	51,27%	3.139	37,34%	4.729	41,10%
	Mulleres	1.209	38,99%	3.197	38,03%	4.406	38,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	20	44,44%	6	54,55%	26	46,43%
	Núm. Traballad.	2.241	60,03%	36.661	36,06%	38.902	36,91%
	Homes	1.015	27,19%	13.560	13,34%	14.575	13,83%
	Mulleres	1.226	32,84%	23.101	22,72%	24.327	23,08%
Lugo							
	Núm. Convenios	10	58,82%	4	100,00%	14	66,67%
	Núm. Traballad.	1.523	87,83%	6.460	100,00%	7.983	97,42%
	Homes	1.268	73,13%	3.394	52,54%	4.662	56,90%
	Mulleres	255	14,71%	3.066	47,46%	3.321	40,53%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	44,44%	1	16,67%	5	33,33%
	Núm. Traballad.	1.521	80,35%	9.590	52,33%	11.111	54,96%
	Homes	1.173	61,97%	9.000	49,11%	10.173	50,32%
	Mulleres	348	18,38%	590	3,22%	938	4,64%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	37	50,68%	5	31,25%	42	47,19%
	Núm. Traballad.	4.538	65,49%	47.800	52,86%	52.338	53,76%
	Homes	3.007	43,40%	40.550	44,84%	43.557	44,74%
	Mulleres	1.531	22,10%	7.250	8,02%	8.781	9,02%
Galicia							
	Núm. Convenios	77	50,00%	18	43,90%	95	48,72%
	Núm. Traballad.	12.622	72,58%	106.847	47,43%	119.469	49,23%
	Homes	8.053	46,31%	69.643	30,91%	77.696	32,02%
	Mulleres	4.569	26,27%	37.204	16,51%	41.773	17,21%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 82 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (56,94% dos asinados este ano) e afectan a 28.494 persoas traballadoras (57,89%) das que 22.997 son homes e 5.497 mulleres.

Deles 5 son de sector (33,33% dos de sector asinados) e afectan a 21.880 persoas traballadoras (55,41%), das que 18.876 son homes e 3.004 mulleres, e 77 son de empresa (59,69% dos de empresa asinados) e afectan a 6.614 persoas traballadoras (67,98%), das que 4.121 son homes e 2.493 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre permisos non retribuídos. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	382	86,43%	0	0,00%	382	13,44%
	Homes	305	69,00%		0,00%	305	10,73%
	Mulleres	77	17,42%		0,00%	77	2,71%
A Coruña							
	Núm. Convenios	22	57,89%	2	50,00%	24	57,14%
	Núm. Traballad	1.283	61,95%	18.000	76,76%	19.283	75,56%
	Homes	702	33,90%	16.900	72,07%	17.602	68,97%
	Mulleres	581	28,05%	1.100	4,69%	1.681	6,59%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	53,33%	2	66,67%	10	55,56%
	Núm. Traballad	546	58,40%	1.380	35,57%	1.926	40,00%
	Homes	452	48,34%	376	9,69%	828	17,20%
	Mulleres	94	10,05%	1.004	25,88%	1.098	22,80%
Ourense							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	33,33%
	Núm. Traballad	419	96,77%	0	0,00%	419	33,98%
	Homes	357	82,45%		0,00%	357	28,95%
	Mulleres	62	14,32%		0,00%	62	5,03%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	43	63,24%	1	20,00%	44	60,27%
	Núm. Traballad	3.984	68,11%	2.500	27,90%	6.484	43,79%
	Homes	2.305	39,41%	1.600	17,86%	3.905	26,37%
	Mulleres	1.679	28,71%	900	10,05%	2.579	17,42%
Galicia							
	Núm. Convenios	77	59,69%	5	33,33%	82	56,94%
	Núm. Traballad	6.614	67,98%	21.880	55,41%	28.494	57,89%
	Homes	4.121	42,35%	18.876	47,80%	22.997	46,72%
	Mulleres	2.493	25,62%	3.004	7,61%	5.497	11,17%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

As cláusulas máis frecuentes refírense ao seguinte:

Sinalar a duración máxima e/ou mínima e/ou o tempo que debe mediar entre dous períodos de licenza.

Condicionar estes permisos ás necesidades do servizo e á organización do traballo e a que sexan por causa xustificada.

Existencia dunha determinada antigüidade para ter dereito a eles.

Antelación coa que se debe facer a solicitude.

Prohibición de acumulalos ás vacacións ou certos períodos ou pontes.

Máximo de persoas traballadoras que poden coincidir con este permiso.

Hai convenios que establecen esta posibilidade de días non retribuídos para ampliar os permisos retribuídos por enfermidade grave ou falecemento de familiares ou outras circunstancias extraordinarias.

- **Regulación do permiso por lactación e a posibilidade de acumulación en xornadas completas.**

As cláusulas que melloran nalgún aspecto o sinalado na lexislación vixente refírense ao seguinte:

Amplíase a idade ata 12 meses.

Amplíase a duración da redución de xornada ata unha hora.

Indícase que se terá dereito a dúas horas de ausencia do traballo, que se poderán dividir en dúas fraccións, ou ven substituír este dereito por unha redución de xornada normal nunha hora ou acumulalo en xornadas completas.

Os convenios que regulan a posibilidade de acumulación deste permiso indican ás veces o número de días que corresponden e cando se deben ou poden desfrutar.

Na maioría dos casos indícase que deberá desfrutarse a continuación dos permisos de maternidade/paternidade.

Algúns convenios recollen o prazo co que debe de comunicarse á empresa a opción pola acumulación deste permiso.

- **Permiso de paternidade / maternidade**

O tipo de cláusulas máis habitual o que fan e remitir ou recoller total ou parcialmente o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

Amplíase nalgún caso o permiso por maternidade ata as 18 semanas (20 semanas no caso de parto múltiple) percibindo o 100% do salario.

Refírense moitas cláusulas tamén á protección nos supostos de risco durante o embarazo ou a lactación remitindo ou recollendo total ou parcialmente o sinalado na lei ao respecto.

Entre os convenios que fan referencia á duración do permiso de paternidade recóllese maioritariamente a sinalada no Estatuto dos traballadores/as ou na lexislación aplicable nos casos dos concellos para o seu persoal.

Sínálase nalgúns casos unha duración de 15 ou 20 días ou ata 4 semanas, ampliándose ademais nalgúns convenios a duración para o caso de familias numerosas.

Recóllese tamén a posibilidade de desfrute deste permiso a tempo parcial.

Exclúense nalgúns convenios os permisos e as baixas por maternidade ou por incapacidade ligada ao embarazo para ter en conta á hora de calcular a produtividade ou para o cálculo e/ou a penalización por absentismo.

➤ **Redución de xornada por garda legal ou coidado de familiares.**

Das cláusulas que varían o sinalado na lexislación vixente algunhas o que fan é ampliar a idade do menor establecida legalmente e/ou a redución de xornada que se pode facer.

Amplíase nalgún caso para familiares máis alá do segundo grao de consanguinidade se se acredita a convivencia durante polo menos o ano anterior á solicitude.

Regulan algúns convenios o procedemento e/ou os criterios a ter en conta no desfrute para evitar a incidencia negativa sobre a organización da produción ou as necesidades do servizo, indicando que para o goce desta redución, e en caso de coincidencia do permiso entre varias persoas traballadoras, co fin de non desatender as liñas produtivas, primarán os acordos entre os distintos solicitantes do permiso. Sínálase tamén que o persoal que gozase deste tipo de dereito, será o primeiro en adaptar a súa xornada, quenda e horario cando no futuro sexan outras as persoas que queiran exercer este dereito cando coincidan no departamento, tendo en conta a similitude de funcións e horario de traballo.

Recóllese a posibilidade de acumulación en xornadas completas

Establece un convenio de sector que por razóns xustificadas e logo da aceptación pola empresa, tamén poderá ser autorizada unha redución de xornada por un período máximo dun ano de entre, polo menos, unha hora e un máximo da metade da xornada de traballo, coa redución proporcional das súas retribucións, á persoa traballadora que teña que encargarse do coidado directo dun familiar, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo aínda que realice actividade retribuída.

Outro convenio de sector indica que a flexibilidade ou irregularidade da xornada a que se refire o artigo 34.2 do E.T. nunca poderá afectar ás persoas que estean a gozar dunha redución de xornada, de conformidade cos supostos a que se refire o artigo 37 do E.T. Tampouco poderán verse afectadas por unha distribución irregular da xornada as persoas que sexan beneficiarias da prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

Noutro convenio tamén de sector indican que serán excluídas aquelas persoas traballadoras que teñan pactada unha xornada laboral en función de necesidades de conciliación da vida familiar anterior ao acordo da distribución irregular, así como os que estean gozando de redución de xornada polo coidado de fillos ou maiores ao seu cargo.

Nun convenio de empresa indican a posibilidade para familiares con ingresos inferiores ao SMI sen unha diminución proporcional do salario (a redución de soldo será a resultante de aplicar o 70% á redución de xornada solicitada -redución de xornada do $50\% \times 70\% = 35\%$ de redución de soldo-).

Recóllese tamén a posibilidade de reducións de xornada retribuídas por un certo período de tempo para casos de enfermidade moi grave.

- **Cláusulas relativas ao dereito da persoa traballadora a adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.**

Algunhas das cláusulas que se poden destacar das recollidas respecto da xornada fan referencia ao seguinte:

Sínálase respecto da organización do traballo que se promoverá a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.

Indícase que na organización das quendas teranse en conta as circunstancias persoais de cada persoa empregada sempre que non deteriorenen a organización do traballo.

Respecto da distribución e organización da xornada indícase que as persoas que teñan ao seu cargo menores en idade de escolarización ou maiores dependentes terán prioridade, logo de solicitude.

Establece un convenio que por atención a persoas con discapacidade física ou psíquica ou sensorial, sempre que o servizo o permita, o traballador ou traballadora terá dereito a cambiar a súa quenda de traballo para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e se isto non fose posible, e sempre en función das necesidades do servizo, poderáselle ofertar outro posto de traballo de igual categoría. Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar, até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo, e que non desempeñe actividade retribuída.

Noutro convenio sinala para as persoas traballadoras que cumpran cos requisitos legais de familia numerosa que poderán solicitar a preferencia de quenda de traballo, así como a adecuación da súa xornada laboral se se trata de persoas traballadoras con horario partido, mentres que un dos fillos ou fillas sexa menor de 8 anos.

Indica outro convenio que os traballadores e traballadoras que sexan familias monoparentais, con fillos ou fillas ao seu cargo menores de tres anos, terán dereito a ordenar o seu tempo de traballo en xornada continua.

Establece un convenio de empresa que procederá en todo caso a modificación do réxime horario co único requisito da solicitude da persoa interesada nos seguintes casos:

- *Nais e pais con fillos menores de 5 anos. No caso de que ambos os dous proxenitores traballen na empresa só un deles poderá acollerse a este suposto.*
- *Persoas traballadoras encargadas do coidado persoal e directo de ascendentes e descendentes ata o primeiro grao de consanguinidade sempre que estes teñan recoñecida pola Administración competente a consideración de dependencia severa ou gran dependencia.*
- *A vítimas de violencia de xénero nos termos sinalados.*

Indica un convenio de empresa que *por razóns familiares a petición da persoa traballadora e segundo apreciación da empresa, poderá instaurarse en determinados períodos unha xornada de traballo cunha peculiaridade que consiste en que o traballo o efectúa a persoa traballadora peticionaria desde o seu domicilio, sen acudir ao centro de traballo.*

Recolle un convenio de empresa a seguinte cláusula: *As persoas traballadoras que fosen declaradas coidadoras segundo a Lei 39/2006 de Dependencia, poderán proceder á elección de quenda de traballo. Previamente o posto de traballo afectado deberá ser cuberto por outra persoa traballadora, preferentemente en réxime de voluntariedade. De non se dar esta voluntariedade haberá que estar á aplicación da norma esixible e á aplicación correspondente da lexislación laboral en materia contida no art.º 41 do E.T., para o caso e suposto concreto.*

Noutro convenio tamén de empresa indican que cando ambos os dous proxenitores traballen na empresa, tratarase de buscar fórmulas para que a atención dos familiares a cargo, menores de oito anos ou persoa a cargo con discapacidade física, psíquica ou sensorial e que non desempeñe unha actividade retribuída, non sufran prexuízos, sendo un criterio orientativo, e se así o solicita a persoa traballadora, o que as quendas de traballo non coincidan, e que nas semanas que isto aconteza, se dea unha hora de marxe na entrada ou na saída do traballo de forma alternativa. Esta hora de axuste horario non será retribuída.

Respecto da posibilidade de distribución irregular da xornada sinálase que se consideran como criterios preferentes para a súa realización a voluntariedade por parte da persoa traballadora e a ausencia de obrigas familiares suficientemente acreditadas.

Exceptúa un convenio de sector da prolongación da xornada, logo de xustificación suficiente da existencia e importancia da causa alegada, ás persoas traballadoras que cursen con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou de ensino profesional oficialmente recoñecido, durante o tempo imprescindible para asistir ás clases e ás que teñan obrigas familiares habituais de carácter persoal e ineludible.

➤ **Garderías**

En 2013 existen cláusulas en 18 convenios que afectan a 4.039 persoas traballadoras das que 2.653 son homes e 1.386 mulleres. Só un deles é de sector.

En 2014 existen cláusulas en 14 convenios que afectan a 1.900 persoas traballadoras das que 1.294 son homes e 606 mulleres. Son todos de empresa.

As cláusulas fan referencia á existencia de axudas económicas.

➤ **Excedencias**

Entre as cláusulas que melloran o establecido ao respecto na lexislación vixente pódense destacar as seguintes:

Créanse nalgúns convenios excedencias especiais de duración distinta á establecida na lexislación vixente por motivos familiares, de estudos, desenvolvemento profesional e humano, requirindo ás veces requisitos distintos e sinalando así mesmo prazos menores aos establecidos legalmente para poder solicitalas de novo.

Amplíase en varios convenios a duración da excedencia por coidado de familiares a 3 anos e nalgún ata 5 anos no caso de estaren gravemente enfermos.

Amplíase a duración da excedencia por coidado de fillos e fillas ata 4, 5 ou 8 anos.

Indícase tamén ás veces unha duración mínima menor que a sinalada no Estatuto dos traballadores/as.

Amplíase o período de reserva do posto de traballo nalgúns casos de excedencia voluntaria, de excedencias por coidado de fillos e fillas ou por coidado de familiares por toda a duración.

Indícase ás veces a reserva do posto só se a excedencia ten unha duración determinada.

Algúns convenios amplían a reserva do posto a dous anos e nalgúns casos faise en función da antigüidade.

Amplíase nalgún caso a duración a tres anos con reserva do posto dous anos salvo para o caso de formar parte dunha familia numerosa que se reservaría os tres anos.

Ao establecer algúns convenios a obriga da empresa de reservar o posto de traballo, indican que debe concertarse para estes supostos un contrato de interinidade ou substitución da mesma duración da excedencia.

Sinálanse ás veces requisitos distintos aos esixidos no Estatuto dos traballadores/as (antigüidade, prazo para poder solicitar unha nova excedencia,...).

Nas excedencia por coidado de familiares inclúese tamén nalgún caso as parellas de feito.

Establece un convenio de sector que a empresa concederá preceptivamente a excedencia voluntaria por un tempo non superior a un ano cando medien fundamentos serios, debidamente xustificados, de orde familiar, terminación de estudos, etc.

Nalgún convenio amplíase a duración máxima da excedencia voluntaria establecida legalmente en función da antigüidade (un ano máis por cada dous anos de antigüidade acumulada, ata un máximo de oito).

Existen algúns convenios que seguen mantendo a redacción anterior ás modificacións introducidas pola Lei 3/2007.

➤ **Outras cláusulas**

Refírense algúns convenios ás preferencias para non ser desprazados, sinalando entre estas ás traballadoras embarazadas e as persoas traballadoras con persoas dependentes ao seu cargo.

Establece un convenio de sector que os traballadores e traballadoras, para atenderen ao coidado dun fillo ou filla menor de seis anos ou dun fillo ou filla menor que tivese unha discapacidade de, polo menos, un 33 %, así como dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que por razóns de discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, terán un dereito preferente a ocupar as vacantes que existan dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente que se atopen en centros máis próximos ao seu domicilio, gardería, colexio ou centro de día de persoas da terceira idade, durante os seis anos seguintes ao nacemento ou adopción do neno ou nena ou mentres dure a atención á persoa discapacitada.

De non existiren vacantes, e contando coa conformidade da empresa, tamén se poderá pactar unha permuta cos traballadores ou traballadoras dos citados centros. Para tales efectos, o traballador ou traballadora deberá acreditar a inscrición do menor, da menor ou do familiar discapacitado ao centro que estea situado preto do centro de traballo ao cal ten interese en trasladarse.

Indican algúns convenios de empresa que se terá en conta a proximidade do domicilio habitual da persoa traballadora dos lugares en que teña que prestar o seu servizo.

Sinala outro convenio que se potenciará o uso da videoconferencia como vía para reducir a necesidade das viaxes de traballo e facilitar unha mellor conciliación da vida persoal e familiar, engadindo ademais que tanto nas convocatorias de reunións de traballo como na súa duración se procurará que estas non se estendan máis alá das 18.00 horas.

Establecen algúns convenios para o caso de aumento do cadro de persoal ou xestión de novos centros de traballo que as vacantes ou novos postos ocuparanse de forma preferente polas persoas traballadoras que se atopen prestando servizo na empresa tendo en conta como orde de preferencia a antigüidade, a proximidade do domicilio habitual da persoa traballadora ao centro de traballo do novo posto ou vacante, así como as cargas familiares.

-Vacacións

As cláusulas máis frecuentes refírense a que a traballadora embarazada terá dereito a escoller a data das súas vacacións regulamentarias (nalgúns casos indícase sempre e cando as una á baixa por maternidade).

Sinálase tamén que cando debido á baixa por incapacidade temporal ou suspensión con reserva de posto de traballo en caso de maternidade/paternidade, lactación ou risco durante o embarazo, non se desfruten as vacacións ou parte destas nas datas establecidas, terase dereito ao seu desfrute total ou parcial, aínda que finalizara o ano natural ao que correspondan.

Entre as preferencias na elección das quendas que se sinalan maioritariamente indícase as persoas traballadoras con responsabilidades familiares (fillos ou fillas menores de 12 anos ou en idade escolar e/ou maiores dependentes ao seu coidado).

Recollen algúns convenios a posibilidade de cambiar as quendas de vacacións entre as persoas traballadoras, indicando algúns deles os requisitos para facelo.

-Formación

Refírense estas cláusulas que se analizan con máis detalle no apartado 12 deste informe ás facilidades para acceder á formación por parte das persoas traballadoras, sinalando a posibilidade de elección de quenda e/ou adaptación da xornada así como aos permisos con reserva do posto de traballo para o persoal que curse estudos ou asista a cursos de formación e perfeccionamento.

Tamén se regulan os permisos para acudir a exames e as axudas para a financiación da formación.

-Violencia de xénero

A maioría das cláusulas, que se analizan con máis detalle no apartado 16 deste informe, remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado ao respecto no Estatuto dos traballadores/as e na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

-Outras medidas

Outro tipo de medidas consisten en axudas económicas ou complementos en determinadas situacións de incapacidade que se analizan con máis detalle no apartado sobre melloras sociais deste informe.

E. ABSENTISMO

Adóptase algunha medida concreta ou recóllense cláusulas sobre o control do absentismo en 90 convenios dos asinados en 2013 (46,15%) que afectan a 83.015 persoas traballadoras (34,21%) das que 67.787 son homes e 15.228 mulleres.

Deles 14 son de sector (34,15% dos de sector asinados) e afectan a 73.385 persoas traballadoras (32,57%), das que 60.626 son homes e 12.759 mulleres, e 76 son de empresa (49,35% dos de empresa asinados) e afectan a 9.630 persoas traballadoras (55,38%), das que 7.161 son homes e 2.469 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre absentismo. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	20,00%	1	25,00%	3	21,43%
	Núm. Traballad.	625	20,15%	2.425	28,85%	3.050	26,51%
	Homes	458	14,77%	970	11,54%	1.428	12,41%
	Mulleres	167	5,39%	1.455	17,31%	1.622	14,10%
A Coruña							
	Núm. Convenios	22	48,89%	5	45,45%	27	48,21%
	Núm. Traballad	1.714	45,91%	39.395	38,75%	41.109	39,01%
	Homes	1.144	30,65%	32.538	32,01%	33.682	31,96%
	Mulleres	570	15,27%	6.857	6,74%	7.427	7,05%
Lugo							
	Núm. Convenios	11	64,71%	4	100,00%	15	71,43%
	Núm. Traballad	1.418	81,78%	6.460	100,00%	7.878	96,14%
	Homes	1.189	68,57%	3.394	52,54%	4.583	55,93%
	Mulleres	229	13,21%	3.066	47,46%	3.295	40,21%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	44,44%	1	16,67%	5	33,33%
	Núm. Traballad	804	42,47%	4.425	24,15%	5.229	25,86%
	Homes	751	39,67%	3.894	21,25%	4.645	22,97%
	Mulleres	53	2,80%	531	2,90%	584	2,89%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	37	50,68%	3	18,75%	40	44,94%
	Núm. Traballad	5.069	73,16%	20.680	22,87%	25.749	26,45%
	Homes	3.619	52,23%	19.830	21,93%	23.449	24,09%
	Mulleres	1.450	20,93%	850	0,94%	2.300	2,36%
Galicia							
	Núm. Convenios	76	49,35%	14	34,15%	90	46,15%
	Núm. Traballad	9.630	55,38%	73.385	32,57%	83.015	34,21%
	Homes	7.161	41,18%	60.626	26,91%	67.787	27,93%
	Mulleres	2.469	14,20%	12.759	5,66%	15.228	6,28%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 68 os convenios con cláusulas ao respecto (47,22% dos asinados) que afectan a 34.949 persoas traballadoras (71,01%) das que 30.304 son homes e 4.645 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 28.528 persoas traballadoras (72,24%), das que 25.557 son homes e 2.971 mulleres, e 62 son de empresa (48,06% dos de empresa asinados) e afectan a 6.421 persoas traballadoras (65,99%), das que 4.747 son homes e 1.674 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre absentismo. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	25,00%	1	100,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	365	82,58%	2.400	100,00%	2.765	97,29%
	Homes	302	68,33%	1.900	79,17%	2.202	77,48%
	Mulleres	63	14,25%	500	20,83%	563	19,81%
A Coruña							
	Núm. Convenios	16	42,11%	3	75,00%	19	45,24%
	Núm. Traballad	876	42,30%	21.449	91,47%	22.325	87,48%
	Homes	651	31,43%	19.914	84,92%	20.565	80,58%
	Mulleres	225	10,86%	1.535	6,55%	1.760	6,90%
Lugo							
	Núm. Convenios	5	33,33%	0	0,00%	5	27,78%
	Núm. Traballad	503	53,80%	0	0,00%	503	10,45%
	Homes	434	46,42%		0,00%	434	9,01%
	Mulleres	69	7,38%		0,00%	69	1,43%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	16,67%
	Núm. Traballad	354	81,76%	0	0,00%	354	28,71%
	Homes	340	78,52%		0,00%	340	27,58%
	Mulleres	14	3,23%		0,00%	14	1,14%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	39	57,35%	2	40,00%	41	56,16%
	Núm. Traballad	4.323	73,91%	4.679	52,23%	9.002	60,79%
	Homes	3.020	51,63%	3.743	41,78%	6.763	45,67%
	Mulleres	1.303	22,28%	936	10,45%	2.239	15,12%
Galicia							
	Núm. Convenios	62	48,06%	6	40,00%	68	47,22%
	Núm. Traballad	6.421	65,99%	28.528	72,24%	34.949	71,01%
	Homes	4.747	48,79%	25.557	64,72%	30.304	61,57%
	Mulleres	1.674	17,20%	2.971	7,52%	4.645	9,44%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Entre as cláusulas que recollen pódense sinalar as seguintes:

- Establecemento de complementos en función da asistencia e/ou puntualidade.

Respecto do número de convenios que establecen este tipo de complementos xa se fixo mención no apartado sobre a estrutura salarial deste informe.

Como xa se dicía no citado apartado, na regulación dos complementos de asistencia e puntualidade recóllense as condicións que deben cumprirse para ter dereito a eles e os motivos polos que se perden ou se producen descontos neles por faltas de puntualidade e asistencia, facendo ás veces unha relación de cales son as ausencias que se teñen en conta para estes efectos e cales non.

- En 2013 fan depender os complementos por incapacidade temporal do índice de absentismo 18 convenios (9,23% dos asinados este ano) que afectan a 3.199 persoas traballadoras (1,32%) das que 2.639 son homes e 560 mulleres. Son todos de empresa.

En 2014 son 18 os convenios que fan depender os complementos por incapacidade temporal do índice de absentismo (12,50% dos asinados) e afectan a 3.108 persoas traballadoras (6,31%) das que 2.543 son homes e 565 mulleres. Só un é de sector.

Tense en conta tanto o absentismo individual como o colectivo ou os dous.

Faise maioritariamente cando a incapacidade temporal é por enfermidade común sen hospitalización.

- Establecemento de primas, incentivos ou gratificacións extraordinarias en función do absentismo.

Indícanse ás veces distintos índices ou tramos de absentismo e a contía que correspondería percibir para cada un deles.

Para a súa determinación tense en conta ás veces de forma individualizada a asistencia ao traballo e noutros casos ponse en relación o absentismo individual co colectivo ou considérase este último unicamente.

Sínálanse tamén as faltas que se teñen en conta e cales non.

- Incídese na potenciación dos instrumentos de control e de redución do absentismo laboral así como da realización dos estudos necesarios co fin de reduci-lo.

- Faise referencia á posibilidade de descontos ou penalizacións nas retribucións, sinalando ás veces as ausencias que se exclúen.

- Nalgún convenio créase unha comisión específica de seguimento do absentismo. Noutros en cambio atribúense estas funcións á comisión paritaria do convenio.

- Outras cláusulas refírense á información á representación dos traballadores/as sobre o absentismo, indicando ás veces o contido e a periodicidade que debe ter.

- Noutro tipo de cláusulas recóllense compromisos xenéricos de redución do absentismo, sen concretar ningunha medida.

F. HORAS EXTRAORDINARIAS

En 2013 teñen cláusulas sobre horas extraordinarias 173 convenios (88,72% dos asinados) que afectan a 225.146 persoas traballadoras (92,78%) das que 140.410 son homes e 84.736 mulleres.

Deles 35 son de sector (85,37% dos de sector asinados) e afectan a 208.902 persoas traballadoras (92,73%), das que 129.539 son homes e 79.363 mulleres, e 138 son de empresa (89,61% dos de empresa asinados) e afectan a 16.244 persoas traballadoras (93,41%), das que 10.871 son homes e 5.373 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre horas extraordinarias. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	8	80,00%	4	100,00%	12	85,71%
	Núm. Traballad.	2.901	93,55%	8.406	100,00%	11.307	98,26%
	Homes	1.668	53,79%	4.391	52,24%	6.059	52,65%
	Mulleres	1.233	39,76%	4.015	47,76%	5.248	45,61%
A Coruña							
	Núm. Convenios	43	95,56%	10	90,91%	53	94,64%
	Núm. Traballad	3.656	97,94%	99.661	98,03%	103.317	98,03%
	Homes	2.161	57,89%	56.472	55,55%	58.633	55,63%
	Mulleres	1.495	40,05%	43.189	42,48%	44.684	42,40%
Lugo							
	Núm. Convenios	14	82,35%	3	75,00%	17	80,95%
	Núm. Traballad	1.691	97,52%	6.010	93,03%	7.701	93,98%
	Homes	1.416	81,66%	3.094	47,89%	4.510	55,04%
	Mulleres	275	15,86%	2.916	45,14%	3.191	38,94%
Ourense							
	Núm. Convenios	8	88,89%	5	83,33%	13	86,67%
	Núm. Traballad	1.849	97,68%	18.125	98,91%	19.974	98,79%
	Homes	1.466	77,44%	14.997	81,84%	16.463	81,43%
	Mulleres	383	20,23%	3.128	17,07%	3.511	17,37%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	65	89,04%	13	81,25%	78	87,64%
	Núm. Traballad	6.147	88,71%	76.700	84,82%	82.847	85,09%
	Homes	4.160	60,04%	50.585	55,94%	54.745	56,23%
	Mulleres	1.987	28,68%	26.115	28,88%	28.102	28,86%
Galicia							
	Núm. Convenios	138	89,61%	35	85,37%	173	88,72%
	Núm. Traballad	16.244	93,41%	208.902	92,73%	225.146	92,78%
	Homes	10.871	62,51%	129.539	57,50%	140.410	57,86%
	Mulleres	5.373	30,90%	79.363	35,23%	84.736	34,92%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 135 convenios (93,75% dos asinados este ano) os que teñen cláusulas sobre horas extraordinarias e afectan a 48.340 persoas traballadoras (98,22%) das que 39.399 son homes e 8.941 mulleres.

Deles 14 son de sector (93,33% dos de sector asinados) e afectan a 38.738 persoas traballadoras (98,10%), das que 32.828 son homes e 5.910 mulleres, e 121 son de empresa (93,80% dos de empresa asinados) e afectan a 9.602 persoas traballadoras (98,68%), das que 6.571 son homes e 3.031 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre horas extraordinarias. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	424	95,93%	2.400	100,00%	2.824	99,37%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	105	23,76%	500	20,83%	605	21,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	36	94,74%	4	100,00%	40	95,24%
	Núm. Traballad	2.048	98,89%	23.449	100,00%	25.497	99,91%
	Homes	1.345	64,94%	21.614	92,17%	22.959	89,96%
	Mulleres	703	33,94%	1.835	7,83%	2.538	9,95%
Lugo							
	Núm. Convenios	14	93,33%	2	66,67%	16	88,89%
	Núm. Traballad	919	98,29%	3.130	80,67%	4.049	84,09%
	Homes	730	78,07%	2.226	57,37%	2.956	61,39%
	Mulleres	189	20,21%	904	23,30%	1.093	22,70%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	64	94,12%	5	100,00%	69	94,52%
	Núm. Traballad	5.778	98,79%	8.959	100,00%	14.737	99,52%
	Homes	3.811	65,16%	6.613	73,81%	10.424	70,39%
	Mulleres	1.967	33,63%	2.346	26,19%	4.313	29,13%
Galicia							
	Núm. Convenios	121	93,80%	14	93,33%	135	93,75%
	Núm. Traballad	9.602	98,68%	38.738	98,10%	48.340	98,22%
	Homes	6.571	67,53%	32.828	83,13%	39.399	80,05%
	Mulleres	3.031	31,15%	5.910	14,97%	8.941	18,17%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O tipo de cláusulas que recollen é similar ao de anos anteriores, podendo resumilas nas seguintes:

- Retribución das horas extraordinarias

A regulación da retribución das horas extraordinarias é o tipo de cláusula máis habitual.

Faise sinalando un valor ou a súa compensación con tempo de descanso ou dos dous xeitos.

Son tres as formas que se utilizan para fixar a retribución destas horas: indicando unha porcentaxe de incremento que se aplica sobre o valor das horas normais, sinalando unha contía concreta ou establecendo unha fórmula para o cálculo do seu valor.

Cando a compensación se fai en tempo de descanso indícase, ademais do que corresponde por cada hora extraordinaria realizada, a posibilidade ou non de acumular os descansos para desfrutalos en xornadas completas, así como a posibilidade ou non de acumulalos ás vacacións (xeralmente indícase que non).

Nalgúns casos establécese un prazo de tempo no que se ten que desfrutar o descanso (xeralmente nos 2, 3, ou 4 meses seguintes) e ás veces exclúense algúns períodos ou indícase que se desfrutarán en períodos de baixa actividade.

Remítese noutros convenios ao acordo entre as partes para o disfrute do descanso.

Refírense algúns convenios a quen lle corresponde a opción entre o descanso ou a compensación económica pola realización de horas extraordinarias (empresa, persoa traballadora ou de mutuo acordo). Nalgún caso indícase a opción para o 50% das horas realizadas.

Á hora de establecer a compensación destas horas, faise unha distinción entre as horas extraordinarias normais, as festivas e as nocturnas, aplicando porcentaxes (ou contías) maiores para estas últimas, tanto na compensación económica como no tempo de descanso.

Xeralmente considéranse festivas as realizadas en domingo e días festivos declarados legalmente, pero tamén hai convenios que indican os sábados (algúns deles establecen un valor inferior neste caso e outros igual e nalgúns casos diferencian ademais se é o sábado pola mañá ou pola tarde) ou os días de descanso.

Indican algúns convenios cal é o horario que se considera nocturno para estes efectos.

- Control das horas extraordinarias

Sínálase que a dirección da empresa informará periodicamente á representación dos traballadores/as sobre o número de horas extraordinarias realizadas, especificando as causas e, se é o caso, a distribución por seccións, servizos ou departamentos.

Hai convenios que indican a periodicidade coa que debe producirse esta información, sinalando xeralmente que será mensual.

Remítese xeralmente á Comisión Paritaria do convenio para o control e vixilancia do establecido respecto destas horas.

- Redución ou supresión das horas extraordinarias

No ano 2013 establécese a supresión das horas extraordinarias habituais en 39 convenios (20% dos asinados nese ano) que afectan a 101.531 persoas traballadoras (41,84%) das que 48.824 son homes e 52.707 mulleres.

Deles 10 son de sector (24,39% dos de sector asinados) e afectan a 97.240 persoas traballadoras (43,16%), das que 46.337 son homes e 50.903 mulleres, e 29 son de empresa (18,83% dos de empresa asinados) e afectan a 4.291 persoas traballadoras (24,68%), das que 2.487 son homes e 1.804 mulleres.

En 2014 son 28 os convenios que establecen a supresión das horas extraordinarias habituais (19,44% dos asinados) que afectan a 4.682 persoas traballadoras (9,51%) das que 2.822 son homes e 1.860 mulleres.

Deles 1 é de sector (6,67% dos de sector asinados este ano) e afectan a 1.700 persoas traballadoras (4,31%), das que 1.200 son homes e 500 mulleres, e 27 son de empresa (20,93% dos de empresa asinados) e afectan a 2.982 persoas traballadoras (30,65%), das que 1.622 son homes e 1.360 mulleres.

No ano 2013 indican a redución ao mínimo das horas extraordinarias ou a redución do número máximo establecido no Estatuto dos traballadores/as 53 convenios (27,18% dos asinados) que afectan a 121.363 persoas traballadoras (50,01%) das que 75.260 son homes e 46.103 mulleres.

Deles 14 son de sector (34,15% dos de sector asinados) e afectan a 116.765 persoas traballadoras (51,83%), das que 72.166 son homes e 44.599 mulleres, e 39 son de empresa (25,32% dos de empresa asinados) e afectan a 4.598 persoas traballadoras (26,44%), das que 3.094 son homes e 1.504 mulleres.

En 2014 son 38 os convenios que o indican (26,39% dos asinados este ano) e afectan a 30.716 persoas traballadoras (62,41%) das que 27.215 son homes e 3.501 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 27.649 persoas traballadoras (70,02%), das que 24.914 son homes e 2.735 mulleres, e 32 son de empresa (24,81% dos de empresa asinados) e afectan a 3.067 persoas traballadoras (31,52%), das que 2.301 son homes e 766 mulleres.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios que indican a supresión das horas extraordinarias habituais.

**Convenios que indican a supresión das horas extraordinarias habituais
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

		Galicia	
		Nº	%
Sector	2009	11	36,7
	2010	6	20,0
	2011	3	11,5
	2012	5	35,7
	2013	10	24,4
	2014	1	6,7
Empresa	2009	17	13,0
	2010	22	18,8
	2011	14	15,1
	2012	14	13,6
	2013	29	18,8
	2014	27	20,9
Total 2014		28	19,4

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Outras cláusulas

Inclúen varios convenios definicións das horas que se consideran estruturais ou por forza maior.

Noutros convenios limítanse a remitir á lexislación vixente todo o referente ás horas extraordinarias.


8. CONTRATACIÓN E EMPREGO

Analízanse neste apartado en primeiro lugar as cláusulas recollidas nos convenios colectivos asinados este ano que se refiren aos procedementos de selección e ingreso no traballo, as modalidades contractuais e a utilización de empresas de traballo temporal, e a continuación as cláusulas sobre xubilación, fomento do emprego, fomento da contratación indefinida e garantías do posto de traballo.

A. INGRESO NO TRABALLO. PERÍODO DE PROBA


No ano 2013 regulan dalgún xeito o ingreso no traballo 145 convenios (74,36% dos asinados) que afectan a 219.670 persoas traballadoras (90,52%) das que 138.360 son homes e 81.310 mulleres.

Deles 27 son de sector (65,85% dos de sector asinados) e afectan a 204.452 persoas traballadoras (90,75%), das que 128.328 son homes e 76.124 mulleres, e 118 son de empresa (76,62% dos de empresa asinados) e afectan a 15.218 persoas traballadoras (87,51%), das que 10.032 son homes e 5.186 mulleres.



No ano 2014 son 111 os convenios que o regulan (77,08% dos asinados) que afectan a 42.765 persoas traballadoras (86,89%) das que 35.278 son homes e 7.487 mulleres.

Deles 12 son de sector (80% dos de sector asinados) e afectan a 34.608 persoas traballadoras (87,64%), das que 29.902 son homes e 4.706 mulleres, e 99 son de empresa (76,74% dos de empresa asinados) e afectan a 8.157 persoas traballadoras (83,83%), das que 5.376 son homes e 2.781 mulleres.



Os cadros seguintes reflicten os convenios con cláusulas sobre ingreso no traballo en 2013 e 2014 por provincias.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre ingreso no traballo. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	10	100,00%	4	100,00%	14	100,00%
	Núm. Traballad.	3.101	100,00%	8.406	100,00%	11.507	100,00%
	Homes	1.785	57,56%	4.391	52,24%	6.176	53,67%
	Mulleres	1.316	42,44%	4.015	47,76%	5.331	46,33%
A Coruña							
	Núm. Convenios	34	75,56%	8	72,73%	42	75,00%
	Núm. Traballad	3.083	82,59%	97.571	95,98%	100.654	95,50%
	Homes	1.699	45,51%	55.230	54,33%	56.929	54,02%
	Mulleres	1.384	37,07%	42.341	41,65%	43.725	41,49%
Lugo							
	Núm. Convenios	13	76,47%	2	50,00%	15	71,43%
	Núm. Traballad	1.554	89,62%	3.050	47,21%	4.604	56,19%
	Homes	1.402	80,85%	2.650	41,02%	4.052	49,45%
	Mulleres	152	8,77%	400	6,19%	552	6,74%
Ourense							
	Núm. Convenios	9	100,00%	5	83,33%	14	93,33%
	Núm. Traballad	1.893	100,00%	18.125	98,91%	20.018	99,01%
	Homes	1.502	79,34%	14.997	81,84%	16.499	81,61%
	Mulleres	391	20,66%	3.128	17,07%	3.519	17,41%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	52	71,23%	8	50,00%	60	67,42%
	Núm. Traballad	5.587	80,63%	77.300	85,48%	82.887	85,14%
	Homes	3.644	52,59%	51.060	56,46%	54.704	56,19%
	Mulleres	1.943	28,04%	26.240	29,02%	28.183	28,95%
Galicia							
	Núm. Convenios	118	76,62%	27	65,85%	145	74,36%
	Núm. Traballad	15.218	87,51%	204.452	90,75%	219.670	90,52%
	Homes	10.032	57,69%	128.328	56,96%	138.360	57,02%
	Mulleres	5.186	29,82%	76.124	33,79%	81.310	33,51%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre ingreso no traballo. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	4	100,00%	1	100,00%	5	100,00%
	Núm. Traballad.	442	100,00%	2.400	100,00%	2.842	100,00%
	<i>Homes</i>	333	75,34%	1.900	79,17%	2.233	78,57%
	<i>Mulleres</i>	109	24,66%	500	20,83%	609	21,43%
A Coruña							
	Núm. Convenios	31	81,58%	4	100,00%	35	83,33%
	Núm. Traballad	1.897	91,60%	23.449	100,00%	25.346	99,32%
	<i>Homes</i>	1.244	60,07%	21.614	92,17%	22.858	89,57%
	<i>Mulleres</i>	653	31,53%	1.835	7,83%	2.488	9,75%
Lugo							
	Núm. Convenios	12	80,00%	1	33,33%	13	72,22%
	Núm. Traballad	599	64,06%	2.500	64,43%	3.099	64,36%
	<i>Homes</i>	435	46,52%	2.100	54,12%	2.535	52,65%
	<i>Mulleres</i>	164	17,54%	400	10,31%	564	11,71%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	<i>Homes</i>	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	<i>Mulleres</i>	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	48	70,59%	4	80,00%	52	71,23%
	Núm. Traballad	4.786	81,83%	5.459	60,93%	10.245	69,19%
	<i>Homes</i>	2.998	51,26%	3.813	42,56%	6.811	46,00%
	<i>Mulleres</i>	1.788	30,57%	1.646	18,37%	3.434	23,19%
Galicia							
	Núm. Convenios	99	76,74%	12	80,00%	111	77,08%
	Núm. Traballad	8.157	83,83%	34.608	87,64%	42.765	86,89%
	<i>Homes</i>	5.376	55,25%	29.902	75,72%	35.278	71,68%
	<i>Mulleres</i>	2.781	28,58%	4.706	11,92%	7.487	15,21%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O tipo de cláusulas que recollen fai referencia aos seguintes aspectos:

- Posibilidade ou necesidade de facer as probas de selección teórico-prácticas e psicotécnicas que consideren necesarias para comprobar se o grao de aptitude e a preparación das persoas interesadas son adecuados ao posto de traballo que vaian desempeñar, así como concursos de méritos para o ingreso.

Refírense nalgúns casos á participación da representación dos traballadores/as nestes procesos de selección.

Faise referencia ao establecemento de procedementos e políticas de carácter obxectivo baseadas en principios de mérito e capacidade e de adecuación persoa - posto, valorando as candidaturas sobre a base da idoneidade, asegurando en todo momento que os postos de traballo nos diferentes ámbitos de responsabilidade son ocupados polas persoas máis axeitadas nun marco de igualdade de trato con ausencia de toda discriminación.

Tamén se refíren á utilización dunha linguaxe non sexista na documentación dos procesos de selección.

Establecen algúns convenios que se dará preferencia a aqueles empregados e empregadas que pertencen a un colectivo sinalado no plan de igualdade como desprotexido ou subrepresentado.

Recollen tamén ás veces os criterios que se deberán de ter en conta nos baremos dos concursos, sinalando entre outros a formación, a experiencia, o coñecemento do posto e o historial profesional.

- Obrigación de informar á representación dos traballadores/as e/ou dar publicidade da convocatoria da praza no taboleiro de anuncios cunha antelación suficiente á celebración das probas.

- Preferencias na contratación en igualdade de condicións para os fillos e fillas ou familiares das persoas traballadoras ou para anteriores persoas traballadoras da empresa (prestasen ou presten os seus servizos na empresa con carácter eventual, a tempo parcial, etc).

- Elaboración de listas ou bolsas de persoas traballadoras ás que recorrer á hora de cubrir as necesidades da empresa.

- Reserva dun número de prazas non inferior a unha porcentaxe que se indica para ser cubertas por persoas con discapacidade.

- Necesidade dunha revisión médica previa ao ingreso no traballo.

- Para os postos que impliquen mando ou confianza sinálase xeralmente a libre designación por parte da empresa.

- Na cobertura de vacantes indícase xeralmente que, antes de contratar persoas alleas á empresa, trátase de cubrir estas prazas con persoas traballadoras do cadro de persoal, sempre que cumpran os requisitos requiridos, pasándose a cubrir as vacantes que estas orixinen polas novas contratacións.

- Indican algúns convenios que as vacantes ou novos postos ocuparanse de forma preferente polas persoas traballadoras que se atopen prestando servizo na empresa tendo en conta como orde de preferencia a antigüidade, a proximidade do domicilio habitual da persoa traballadora ao centro de traballo do novo posto ou vacante, así como as cargas familiares da persoa solicitante.

- Establecen algúns convenios medidas de non discriminación da muller no ingreso na empresa e de acción positiva sinalando que terán preferencia no ingreso as persoas do xénero menos representado no grupo profesional de que se trate.

- Recolle un convenio de empresa a seguinte cláusula para a cobertura das vacantes:

Habilitarase un sistema para a cobertura de traslados a quendas e prazas vacantes baseado nos seguintes principios xerais:

Prioridade das persoas traballadoras en cadro de persoal tendo sempre en conta as necesidades do servizo respectivo.

Comunicación da vacante que puidese producirse.

Consideraranse vacantes as que se produzan nas diferentes quendas por defunción, xubilación, incapacidade total e absoluta e, en xeral todas aquelas que se produzan nos postos de carácter fixo que poidan preverse con certa anticipación. Cando se produza unha promoción profesional a categoría superior os promocionados deixarán vacantes na categoría e quenda ocupada que se farán efectivas unha vez transcorrido o preceptivo período de proba.

Resposta escrita por parte das persoas traballadoras solicitando o traslado ou a praza.

Preferencia das persoas traballadoras do centro de traballo, en primeiro lugar, e das persoas traballadoras doutros centros, en segundo lugar, tendo en conta a proximidade do seu domicilio habitual ao centro de traballo onde se produza a posibilidade do traslado ou vacantes, segundo os criterios que se reflicten no seguinte apartado:

O 33% das vacantes producidas serán cubertas polo criterio de antigüidade na quenda de fin de semana e festivos. O 33% cubriranse segundo os criterios de antigüidade e idoneidade na empresa e o 33% restante cos criterios que a empresa considere máis oportunos. As vacantes cubriranse de forma rotatoria segundo estas porcentaxes.

A Empresa, durante o mes de xaneiro, informará anualmente ás representación dos traballadores/as sobre as estimacións de previsión de novos ingresos para o exercicio seguinte.

As vacantes que se produzan cubriranse nun prazo máximo de 30 días desde que estas se produzan e serán cubertas segundo dispón o Convenio Colectivo e a redacción definitiva do AGA.

Rematada a parte interna de cobertura de vacantes e a partires do cadro actual de traballadores e traballadoras e durante o tempo que exista a crise actual que estamos a sufrir, ou teñamos unhas cifras de desemprego superiores o 10%, a Empresa comprométese a cubrir as vacantes que se produzan e sexa necesario acudir a contratación externa, atendendo os seguintes criterios: O 50% das vacantes cubriranse, tendo en conta ter estado contratado pola empresa con anterioridade, e o 50% restante cos seguintes criterios:

1.—Familias con todos os seus membros en paro e sen ingresos

2.—Prioridade as cargas familiares

3.—O ámbito xeográfico será o da actividade da empresa ou do Convenio Colectivo de Empresa

4.—A creación desta Bolsa de Emprego, realizarase coa colaboración dos Servizos Sociais do Concello de Pontevedra.

5.—Todos os datos relativos a situación de desemprego, cargas familiares e ingresos económicos serán debidamente acreditados coas certificacións correspondentes.

6.—A relación de persoal pertencente a esta Bosa de Emprego será administrada conxuntamente pola Empresa e o Comité de Empresa durante o tempo da súa vixencia.

7.— Estes criterios serán de aplicación sempre e cando se dea a idoneidade para ocupar o posto de traballo en que se produce a vacante.

➤ Período de proba

Dos convenios asinados en 2013 conteñen cláusulas sobre o período de proba 89 (45,64%) que afectan a 204.294 persoas traballadoras (84,19%) das que 127.963 son homes e 76.331 mulleres.

Deles 24 son de sector (58,54% dos de sector asinados) e afectan a 197.296 persoas traballadoras (87,58%), das que 123.476 son homes e 73.820 mulleres, e 65 son de empresa (42,21% dos convenios de empresa asinados) e afectan a 6.998 persoas traballadoras (40,24%), das que 4.487 son homes e 2.511 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre período de proba. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	4	40,00%	3	75,00%	7	50,00%
	Núm. Traballad.	149	4,80%	7.336	87,27%	7.485	65,05%
	Homes	116	3,74%	3.539	42,10%	3.655	31,76%
	Mulleres	33	1,06%	3.797	45,17%	3.830	33,28%
A Coruña							
	Núm. Convenios	21	46,67%	7	63,64%	28	50,00%
	Núm. Traballad	2.110	56,52%	91.785	90,29%	93.895	89,09%
	Homes	1.011	27,08%	51.490	50,65%	52.501	49,81%
	Mulleres	1.099	29,44%	40.295	39,64%	41.394	39,28%
Lugo							
	Núm. Convenios	5	29,41%	2	50,00%	7	33,33%
	Núm. Traballad	299	17,24%	3.050	47,21%	3.349	40,87%
	Homes	279	16,09%	2.650	41,02%	2.929	35,75%
	Mulleres	20	1,15%	400	6,19%	420	5,13%
Ourense							
	Núm. Convenios	7	77,78%	5	83,33%	12	80,00%
	Núm. Traballad	990	52,30%	18.125	98,91%	19.115	94,54%
	Homes	914	48,28%	14.997	81,84%	15.911	78,70%
	Mulleres	76	4,01%	3.128	17,07%	3.204	15,85%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	28	38,36%	7	43,75%	35	39,33%
	Núm. Traballad	3.450	49,79%	77.000	85,15%	80.450	82,63%
	Homes	2.167	31,27%	50.800	56,18%	52.967	54,40%
	Mulleres	1.283	18,52%	26.200	28,97%	27.483	28,23%
Galicia							
	Núm. Convenios	65	42,21%	24	58,54%	89	45,64%
	Núm. Traballad	6.998	40,24%	197.296	87,58%	204.294	84,19%
	Homes	4.487	25,80%	123.476	54,81%	127.963	52,73%
	Mulleres	2.511	14,44%	73.820	32,77%	76.331	31,45%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 teñen cláusulas sobre o período de proba 67 convenios (46,53% dos asinados este ano) que afectan a 37.018 persoas traballadoras (75,21%) das que 31.023 son homes e 5.995 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 32.108 persoas traballadoras (81,31%), das que 27.802 son homes e 4.306 mulleres, e 56 son de empresa (43,41% dos de empresa asinados) e afectan a 4.910 persoas traballadoras (50,46%), das que 3.221 son homes e 1.689 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre período de proba. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	77	17,42%	2.400	100,00%	2.477	87,16%
	Homes	31	7,01%	1.900	79,17%	1.931	67,95%
	Mulleres	46	10,41%	500	20,83%	546	19,21%
A Coruña							
	Núm. Convenios	15	39,47%	4	100,00%	19	45,24%
	Núm. Traballad	807	38,97%	23.449	100,00%	24.256	95,05%
	Homes	553	26,70%	21.614	92,17%	22.167	86,86%
	Mulleres	254	12,26%	1.835	7,83%	2.089	8,19%
Lugo							
	Núm. Convenios	5	33,33%	0	0,00%	5	27,78%
	Núm. Traballad	120	12,83%	0	0,00%	120	2,49%
	Homes	94	10,05%		0,00%	94	1,95%
	Mulleres	26	2,78%		0,00%	26	0,54%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	29	42,65%	4	80,00%	33	45,21%
	Núm. Traballad	3.473	59,38%	5.459	60,93%	8.932	60,32%
	Homes	2.177	37,22%	3.813	42,56%	5.990	40,45%
	Mulleres	1.296	22,16%	1.646	18,37%	2.942	19,87%
Galicia							
	Núm. Convenios	56	43,41%	11	73,33%	67	46,53%
	Núm. Traballad	4.910	50,46%	32.108	81,31%	37.018	75,21%
	Homes	3.221	33,10%	27.802	70,41%	31.023	63,03%
	Mulleres	1.689	17,36%	4.306	10,90%	5.995	12,18%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Respecto das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

Nos convenios que o fixan axústase en cada caso á estrutura profesional da empresa ou ás características do sector e tamén ás condicións e tipo de posto que se vaia desenvolver.

Nuns casos indícase a posibilidade de establecelo e noutros a obrigatoriedade de facelo.

Algunhas destas cláusulas recollen total ou parcialmente o sinalado ao respecto no artigo 14 do Estatuto dos traballadores/as, sinalando a obriga de realizar as experiencias que constitúan o obxecto da proba e indicando que a persoa traballadora, durante o período de proba, terá os dereitos e obrigas correspondentes ao seu grupo profesional e ao posto de traballo que desempeñe coma se fose de cadro de persoal, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Recóllese tamén o sinalado respecto de que transcorrido o período de proba sen que se producira o desestemento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade da persoa traballadora na empresa.

Tamén recollen algúns convenios a necesidade de facelo por escrito.

Respecto da comunicación da non superación do período de proba sinálase a necesidade de facelo por escrito e/ou de comunicalo á representación legal dos traballadores/as.

A maioría dos convenios que fan referencia á situación de incapacidade temporal e/ou maternidade, adopción ou acollemento durante este período indican que interromperá o cómputo.

Outras cláusulas remiten ao sinalado ao respecto na lexislación vixente.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre o período de proba.

**Evolución dos convenios colectivos con cláusulas sobre o período de proba
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	Sector		Empresa		Total Galicia	
	Nº convenios	%	Nº convenios	%	Nº convenios	%
2009	14	46,7	50	38,2	64	39,8
2010	20	66,7	43	36,8	63	42,9
2011	17	65,4	37	39,8	54	45,4
2012	9	64,3	41	39,8	50	42,7
2013	24	58,5	65	42,2	89	45,6
2014	11	73,3	56	43,4	67	46,5

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

B. CONTRATACIÓN. MODALIDADES DE CONTRATOS

No ano 2013 conteñen cláusulas sobre a contratación 168 convenios (86,15% dos asinados) que afectan a 240.563 persoas traballadoras (99,13%) das que 148.223 son homes e 92.340 mulleres.

Deles 40 son de sector (97,56% dos de sector asinados) e afectan a 224.902 persoas traballadoras (99,83%), das que 137.774 son homes e 87.128 mulleres, e 128 son de empresa (83,12% dos convenios de empresa asinados) e afectan a 15.661 persoas traballadoras (90,06%), das que 10.449 son homes e 5.212 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre contratación. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	10	100,00%	4	100,00%	14	100,00%
	Núm. Traballad.	3.101	100,00%	8.406	100,00%	11.507	100,00%
	Homes	1.785	57,56%	4.391	52,24%	6.176	53,67%
	Mulleres	1.316	42,44%	4.015	47,76%	5.331	46,33%
A Coruña							
	Núm. Convenios	34	75,56%	11	100,00%	45	80,36%
	Núm. Traballad.	3.180	85,19%	101.661	100,00%	104.841	99,48%
	Homes	1.789	47,92%	58.452	57,50%	60.241	57,16%
	Mulleres	1.391	37,26%	43.209	42,50%	44.600	42,32%
Lugo							
	Núm. Convenios	15	88,24%	4	100,00%	19	90,48%
	Núm. Traballad.	1.712	98,73%	6.460	100,00%	8.172	99,73%
	Homes	1.423	82,06%	3.394	52,54%	4.817	58,79%
	Mulleres	289	16,67%	3.066	47,46%	3.355	40,94%
Ourense							
	Núm. Convenios	8	88,89%	6	100,00%	14	93,33%
	Núm. Traballad.	1.034	54,62%	18.325	100,00%	19.359	95,75%
	Homes	950	50,18%	15.167	82,77%	16.117	79,72%
	Mulleres	84	4,44%	3.158	17,23%	3.242	16,04%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	61	83,56%	15	93,75%	76	85,39%
	Núm. Traballad.	6.634	95,74%	90.050	99,58%	96.684	99,31%
	Homes	4.502	64,97%	56.370	62,34%	60.872	62,52%
	Mulleres	2.132	30,77%	33.680	37,24%	35.812	36,78%
Galicia							
	Núm. Convenios	128	83,12%	40	97,56%	168	86,15%
	Núm. Traballad.	15.661	90,06%	224.902	99,83%	240.563	99,13%
	Homes	10.449	60,09%	137.774	61,16%	148.223	61,08%
	Mulleres	5.212	29,97%	87.128	38,68%	92.340	38,05%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 121 os convenios que conteñen cláusulas sobre a contratación (84,03% dos asinados) e afectan a 48.222 persoas traballadoras (97,98%) das que 38.925 son homes e 9.297 mulleres.

Deles 15 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 106 son de empresa (82,17% dos de empresa asinados) e afectan a 8.734 persoas traballadoras (89,76%), das que 5.847 son homes e 2.887 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre contratación. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	4	100,00%	1	100,00%	5	100,00%
	Núm. Traballad.	442	100,00%	2.400	100,00%	2.842	100,00%
	Homes	333	75,34%	1.900	79,17%	2.233	78,57%
	Mulleres	109	24,66%	500	20,83%	609	21,43%
A Coruña							
	Núm. Convenios	33	86,84%	4	100,00%	37	88,10%
	Núm. Traballad	1.730	83,53%	23.449	100,00%	25.179	98,66%
	Homes	1.083	52,29%	21.614	92,17%	22.697	88,94%
	Mulleres	647	31,24%	1.835	7,83%	2.482	9,73%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	60,00%	3	100,00%	12	66,67%
	Núm. Traballad	464	49,63%	3.880	100,00%	4.344	90,22%
	Homes	353	37,75%	2.476	63,81%	2.829	58,75%
	Mulleres	111	11,87%	1.404	36,19%	1.515	31,46%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	56	82,35%	5	100,00%	61	83,56%
	Núm. Traballad	5.665	96,85%	8.959	100,00%	14.624	98,76%
	Homes	3.712	63,46%	6.613	73,81%	10.325	69,73%
	Mulleres	1.953	33,39%	2.346	26,19%	4.299	29,03%
Galicia							
	Núm. Convenios	106	82,17%	15	100,00%	121	84,03%
	Núm. Traballad	8.734	89,76%	39.488	100,00%	48.222	97,98%
	Homes	5.847	60,09%	33.078	83,77%	38.925	79,09%
	Mulleres	2.887	29,67%	6.410	16,23%	9.297	18,89%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Os tipos de cláusulas que máis se repiten regulan o seguinte:

- Forma, requisitos e contido mínimo do contrato.

Indícase a necesidade de facelo por escrito, antes do comezo da prestación de servizos, facendo constar as condicións que se pacten, o grupo profesional e o contido mínimo do contrato e demais requisitos formais legalmente establecidos. Nalgúns convenios recóllese tamén cal se considera que é este contido mínimo.

- Obrigatoriedade de entrega dunha copia do contrato á persoa traballadora.

- Información sobre contratación á representación legal dos traballadores/as. Contido e periodicidade coa que se debe facer.

Nestas cláusulas indícase que se informará á representación dos traballadores/as das contratacións e das baixas que se produzan e das súas causas, sinalando nalgúns convenios a periodicidade coa que debe darse.

Tamén se refiren á obriga de entregarlle unha copia básica dos contratos e das prórrogas e denuncias deles, sinalando nalgúns casos o prazo para facelo.

- Información sobre a cotización á Seguridade Social co fin de que as persoas traballadoras constaten a súa situación laboral.

Refírense a maioría destas cláusulas á publicación nos taboleiros de anuncios das copias dos boletíns de cotización á Seguridade Social correspondentes ao último mes en que se fixese efectiva a liquidación.

- Cláusulas sobre contratación temporal.

Sinálase ao respecto que os contratos se suxeitarán ao principio de causalidade.

Indícase tamén que as persoas contratadas por tempo determinado terán os mesmos dereitos e igualdade de trato nas relacións laborais que as demais persoas traballadoras do cadro de persoal, salvo as limitacións que se deriven da natureza e duración do seu contrato.

Outras cláusulas refírense á indemnización por fin do contrato e ás compensacións por eventualidade.

- Cláusulas sobre extinción do contrato, avisos previos de cesamento e sobre liquidacións e o seu aboamento.

Refírense sobre todo aos prazos de avisos previos no caso de cesamentos e os efectos no caso de non cumprirse (descontos na liquidación no caso de cesamentos voluntarios ou, para o caso de cesamento por fin do contrato, substitución deste aviso previo por unha indemnización equivalente á cantidade correspondente aos días de aviso previo omitidos).

Indícase que nas liquidacións que teñan lugar por finalización ou rescisión do contrato ou outras causas, farase constar que a persoa traballadora non perderá o dereito a cobrar o que a empresa teña que aboar en concepto de revisións, atrasos ou calquera outro tipo de variación na retribución que corresponda ao tempo de prestación de servizos.

Faise constar ás veces a posibilidade de que a persoa traballadora poida estar asistida por un representante dos traballadores/as ou, no seu defecto, por un representante sindical dos sindicatos asinantes do convenio ou do sindicato ao que estea afiliado/a.

Outras cláusulas remiten ao sinalado na lexislación vixente.

- Extinción do contrato por causas obxectivas

Nalgúns casos indícase que cando a empresa queira facer uso do dereito concedido no artigo 52.c do Estatuto dos traballadores/as e conforme ao procedemento previsto no artigo 53 do mesmo texto legal, deberá entregar, ademais da comunicación prevista na norma, e simultaneamente, unha memoria explicativa que faga referencia á causa da extinción, tanto ás persoas traballadoras afectadas como á representación dos traballadores/as na empresa. Engádese que sen prexuízo da eficacia e executividade do acordo extintivo, conforme ao procedemento establecido na lei, a representación dos traballadores/as emitirá informe motivado sobre a decisión empresarial e a causa extintiva alegada (indican o prazo para facelo).

Destes informes darase traslado á dirección da empresa para a súa unión ao expediente, entendéndose que transcorridos os prazos previstos para a súa emisión sen facelo, desítese de tal dereito.

Sinálase ademais que este procedemento non suspenderá nin interromperá os prazos previstos no artigo 53.1.c do Estatuto dos traballadores/as e considérase esta cláusula para todos os efectos de carácter obrigacional.

- Recollen algúns convenios cláusulas respecto das incompatibilidades e a non concorrencia.

Analízanse a continuación con máis detalle as cláusulas sobre as distintas **modalidades de contratación** recollidas nos convenios asinados este ano.

➤ **Modalidades de contratación**

- **Contrato de obra ou servizo determinado**

No ano 2013 teñen cláusulas sobre este tipo de contrato 57 convenios (29,23% dos asinados) que afectan a 147.816 persoas traballadoras (60,91%) das que 98.708 son homes e 49.108 mulleres.

Deles 20 son de sector (48,78% dos de sector asinados) e afectan a 143.601 persoas traballadoras (63,74%), das que 95.821 son homes e 47.780 mulleres, e 37 son de empresa (24,03% dos convenios de empresa asinados este ano) e afectan a 4.215 persoas traballadoras (24,24%), das que 2.887 son homes e 1.328 mulleres.

En 2014 son 36 os convenios que teñen cláusulas sobre este tipo de contrato (25% dos asinados) que afectan a 15.990 persoas traballadoras (32,49%) das que 12.299 son homes e 3.691 mulleres.

Deles 8 son de sector (53,33% dos de sector asinados) e afectan a 14.058 persoas traballadoras (35,60%), das que 11.177 son homes e 2.881 mulleres, e 28 son de empresa (21,71% dos convenios de empresa asinados este ano) e afectan a 1.932 persoas traballadoras (19,86%), das que 1.122 son homes e 810 mulleres.

Os cadros seguintes reflicten os convenios con este tipo de cláusulas en 2013 e 2014 por provincias.

**Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contrato de obra ou servizo determinado.
Galicia. 2013**

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	20,00%	1	25,00%	3	21,43%
	Núm. Traballad.	178	5,74%	3.911	46,53%	4.089	35,53%
	Homes	101	3,26%	2.169	25,80%	2.270	19,73%
	Mulleres	77	2,48%	1.742	20,72%	1.819	15,81%
A Coruña							
	Núm. Convenios	11	24,44%	6	54,55%	17	30,36%
	Núm. Traballad	820	21,97%	51.655	50,81%	52.475	49,79%
	Homes	457	12,24%	36.470	35,87%	36.927	35,04%
	Mulleres	363	9,72%	15.185	14,94%	15.548	14,75%
Lugo							
	Núm. Convenios	1	5,88%	3	75,00%	4	19,05%
	Núm. Traballad	38	2,19%	3.500	54,18%	3.538	43,18%
	Homes	38	2,19%	2.950	45,67%	2.988	36,47%
	Mulleres	0	0,00%	550	8,51%	550	6,71%
Ourense							
	Núm. Convenios	2	22,22%	2	33,33%	4	26,67%
	Núm. Traballad	484	25,57%	6.735	36,75%	7.219	35,71%
	Homes	453	23,93%	4.472	24,40%	4.925	24,36%
	Mulleres	31	1,64%	2.263	12,35%	2.294	11,35%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	21	28,77%	8	50,00%	29	32,58%
	Núm. Traballad	2.695	38,89%	77.800	86,03%	80.495	82,68%
	Homes	1.838	26,53%	49.760	55,03%	51.598	53,00%
	Mulleres	857	12,37%	28.040	31,01%	28.897	29,68%
Galicia							
	Núm. Convenios	37	24,03%	20	48,78%	57	29,23%
	Núm. Traballad	4.215	24,24%	143.601	63,74%	147.816	60,91%
	Homes	2.887	16,60%	95.821	42,53%	98.708	40,68%
	Mulleres	1.328	7,64%	47.780	21,21%	49.108	20,24%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

**Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contrato de obra ou servizo determinado.
Galicia. 2014**

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	1	100,00%	3	60,00%
	Núm. Traballad.	59	13,35%	2.400	100,00%	2.459	86,52%
	Homes	17	3,85%	1.900	79,17%	1.917	67,45%
	Mulleres	42	9,50%	500	20,83%	542	19,07%
A Coruña							
	Núm. Convenios	6	15,79%	2	50,00%	8	19,05%
	Núm. Traballad	119	5,75%	5.449	23,24%	5.568	21,82%
	Homes	53	2,56%	4.714	20,10%	4.767	18,68%
	Mulleres	66	3,19%	735	3,13%	801	3,14%
Lugo							
	Núm. Convenios	2	13,33%	2	66,67%	4	22,22%
	Núm. Traballad	163	17,43%	3.250	83,76%	3.413	70,88%
	Homes	128	13,69%	2.350	60,57%	2.478	51,46%
	Mulleres	35	3,74%	900	23,20%	935	19,42%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	16,67%
	Núm. Traballad	5	1,15%	0	0,00%	5	0,41%
	Homes	0	0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres	5	1,15%		0,00%	5	0,41%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	17	25,00%	3	60,00%	20	27,40%
	Núm. Traballad	1.586	27,12%	2.959	33,03%	4.545	30,69%
	Homes	924	15,80%	2.213	24,70%	3.137	21,18%
	Mulleres	662	11,32%	746	8,33%	1.408	9,51%
Galicia							
	Núm. Convenios	28	21,71%	8	53,33%	36	25,00%
	Núm. Traballad	1.932	19,86%	14.058	35,60%	15.990	32,49%
	Homes	1.122	11,53%	11.177	28,30%	12.299	24,99%
	Mulleres	810	8,32%	2.881	7,30%	3.691	7,50%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Ademais das cláusulas que remiten ou recollen o indicado na lexislación vixente ou en convenios de ámbito superior, pódense destacar entre outras as seguintes:

Identifícanse nalgúns convenios as tarefas ou actividades obxecto do contrato.

Indica algún convenio de sector os traballos ou tarefas que en ningún caso terán a consideración de substantividade propia dentro da actividade normal da empresa, sen que, polo tanto, poidan concertarse contratos de obra ou servizo determinado para cubrir estas situacións.

Sinálase nalgúns convenios que no contrato de traballo farase constar, de forma clara e precisa, se o contrato é de obra ou servizo, cunha completa identificación da obra ou servizo para a cal se contrata a persoa traballadora.

Regulan outras cláusulas a indemnización que corresponde por fin deste contrato, indicando un número de días por por mes ou por ano de servizo, ou a parte proporcional que corresponda, ou unha porcentaxe calculada sobre os conceptos salariais das táboas do convenio aplicable devengados durante a vixencia do contrato, establecendo nalgúns casos porcentaxes distintas en función da duración do contrato.

Outro tipo de cláusulas refírense aos requisitos dos cesamentos.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato de obra ou servizo
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	3	75,0	3	75,0	0	0,0	2	20,0	3	33,3	11	36,7
2010	3	75,0	3	50,0	1	33,3	1	12,5	3	33,3	11	36,7
2011	1	25,0	1	33,3	1	14,3	2	22,2	2	66,7	7	26,9
2012	1	25,0	0	0,0	-	-	2	50,0	2	50,0	5	35,7
2013	1	25,0	6	54,6	3	75,0	2	33,3	8	50,0	20	48,8
2014	1	100,0	2	50,0	2	66,7	0	0,0	3	60,0	8	53,3
Empresa												
2009	0	0,0	5	13,2	1	12,5	2	20,0	15	22,7	23	17,6
2010	2	28,6	3	10,0	4	25,0	3	30,0	14	25,9	26	22,2
2011	2	28,6	2	6,7	1	12,5	5	50,0	13	34,2	23	24,7
2012	1	20,0	6	20,7	2	20,0	1	33,3	7	12,5	17	16,5
2013	2	20,0	11	24,4	1	5,9	2	22,2	21	28,8	37	24,0
2014	2	50,0	6	15,8	2	13,3	1	25,0	17	25,0	28	21,7
Total 2014	3	60,0	8	19,1	4	22,2	1	16,7	20	27,4	36	25,0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Contrato eventual por circunstancias da produción

No ano 2013 teñen cláusulas sobre este contrato 91 convenios (46,67% dos asinados este ano) que afectan a 225.531 persoas traballadoras (92,94%) das que 138.950 son homes e 86.581 mulleres.

Deles 36 son de sector (87,80% dos de sector asinados) e afectan a 219.182 persoas traballadoras (97,29%), das que 134.887 son homes e 84.295 mulleres, e 55 son de empresa (35,71% dos convenios de empresa asinados) e afectan a 6.349 persoas traballadoras (36,51%), das que 4.063 son homes e 2.286 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contrato eventual por circunstancias da produción. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	10,00%	3	75,00%	4	28,57%
	Núm. Traballad.	139	4,48%	7.336	87,27%	7.475	64,96%
	<i>Homes</i>	65	2,10%	3.539	42,10%	3.604	31,32%
	<i>Mulleres</i>	74	2,39%	3.797	45,17%	3.871	33,64%
A Coruña							
	Núm. Convenios	13	28,89%	11	100,00%	24	42,86%
	Núm. Traballad	1.027	27,51%	101.661	100,00%	102.688	97,43%
	<i>Homes</i>	463	12,40%	58.452	57,50%	58.915	55,90%
	<i>Mulleres</i>	564	15,11%	43.209	42,50%	43.773	41,53%
Lugo							
	Núm. Convenios	6	35,29%	4	100,00%	10	47,62%
	Núm. Traballad	247	14,24%	6.460	100,00%	6.707	81,85%
	<i>Homes</i>	80	4,61%	3.394	52,54%	3.474	42,40%
	<i>Mulleres</i>	167	9,63%	3.066	47,46%	3.233	39,46%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	33,33%	6	100,00%	9	60,00%
	Núm. Traballad	674	35,60%	18.325	100,00%	18.999	93,97%
	<i>Homes</i>	623	32,91%	15.167	82,77%	15.790	78,10%
	<i>Mulleres</i>	51	2,69%	3.158	17,23%	3.209	15,87%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	32	43,84%	12	75,00%	44	49,44%
	Núm. Traballad	4.262	61,51%	85.400	94,44%	89.662	92,09%
	<i>Homes</i>	2.832	40,87%	54.335	60,09%	57.167	58,72%
	<i>Mulleres</i>	1.430	20,64%	31.065	34,35%	32.495	33,38%
Galicia							
	Núm. Convenios	55	35,71%	36	87,80%	91	46,67%
	Núm. Traballad	6.349	36,51%	219.182	97,29%	225.531	92,94%
	<i>Homes</i>	4.063	23,36%	134.887	59,87%	138.950	57,26%
	<i>Mulleres</i>	2.286	13,15%	84.295	37,42%	86.581	35,68%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 57 os convenios que teñen cláusulas sobre este contrato (39,58% dos asinados) e afectan a 43.286 persoas traballadoras (87,95%) das que 35.622 son homes e 7.664 mulleres.

Deles 15 son de sector (o 100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 42 son de empresa (32,56% dos de empresa asinados) e afectan a 3.798 persoas traballadoras (39,03%), das que 2.544 son homes e 1.254 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contrato eventual por circunstancias da produción. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	77	17,42%	2.400	100,00%	2.477	87,16%
	Homes	31	7,01%	1.900	79,17%	1.931	67,95%
	Mulleres	46	10,41%	500	20,83%	546	19,21%
A Coruña							
	Núm. Convenios	10	26,32%	4	100,00%	14	33,33%
	Núm. Traballad	307	14,82%	23.449	100,00%	23.756	93,09%
	Homes	146	7,05%	21.614	92,17%	21.760	85,27%
	Mulleres	161	7,77%	1.835	7,83%	1.996	7,82%
Lugo							
	Núm. Convenios	6	40,00%	3	100,00%	9	50,00%
	Núm. Traballad	239	25,56%	3.880	100,00%	4.119	85,55%
	Homes	162	17,33%	2.476	63,81%	2.638	54,79%
	Mulleres	77	8,24%	1.404	36,19%	1.481	30,76%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	25,00%	2	100,00%	3	50,00%
	Núm. Traballad	5	1,15%	800	100,00%	805	65,29%
	Homes	0	0,00%	475	59,38%	475	38,52%
	Mulleres	5	1,15%	325	40,63%	330	26,76%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	22	32,35%	5	100,00%	27	36,99%
	Núm. Traballad	3.170	54,20%	8.959	100,00%	12.129	81,91%
	Homes	2.205	37,70%	6.613	73,81%	8.818	59,55%
	Mulleres	965	16,50%	2.346	26,19%	3.311	22,36%
Galicia							
	Núm. Convenios	42	32,56%	15	100,00%	57	39,58%
	Núm. Traballad	3.798	39,03%	39.488	100,00%	43.286	87,95%
	Homes	2.544	26,15%	33.078	83,77%	35.622	72,38%
	Mulleres	1.254	12,89%	6.410	16,23%	7.664	15,57%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

As cláusulas que máis se repiten son as que fan referencia á duración do contrato e á prórroga.

Respecto da duración a que máis se indica é de 12 meses nun período de 18 meses.

Tamén son moitos os convenios con cláusulas sobre a indemnización por fin deste contrato, indicando un número de días de salario por ano de servizo ou unha porcentaxe calculada sobre os conceptos salariais das táboas do convenio aplicable devengados durante a vixencia do contrato. Establécense ás veces estas indemnizacións en función do tempo traballado.

Indícase nalgún caso unha porcentaxe máxima para este tipo de contratos na empresa.

Outras cláusulas remiten ou recollen o indicado respecto destes contratos en convenios de ámbito superior ou na lexislación vixente.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato eventual
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	1	25,0	4	100,0	3	100,0	9	90,0	7	77,8	24	80,0
2010	3	75,0	6	100,0	2	66,7	8	100,0	5	55,6	24	80,0
2011	3	75,0	3	100,0	7	100,0	9	100,0	2	66,7	24	92,3
2012	3	75,0	1	50,0	-	-	3	75,0	4	100,0	11	78,6
2013	3	75,0	11	100,0	4	100,0	6	100,0	12	75,0	36	87,8
2014	1	100,0	4	100,0	3	100,0	2	100,0	5	100,0	15	100,0
Empresa												
2009	1	11,1	5	13,2	4	50,0	5	50,0	24	36,4	39	29,8
2010	2	28,6	6	20,0	6	37,5	4	40,0	21	38,9	39	33,3
2011	5	71,4	7	23,3	3	37,5	4	40,0	18	47,4	37	39,8
2012	1	20,0	8	27,6	5	50,0	1	33,3	17	30,4	32	31,1
2013	1	10,0	13	28,9	6	35,3	3	33,3	32	43,8	55	35,7
2014	3	75,0	10	26,3	6	40,0	1	25,0	22	32,4	42	32,6
Total 2014	4	80,0	14	33,3	9	50,0	3	50,0	27	37,0	57	39,6

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Contrato en prácticas

En 2013 os convenios colectivos con cláusulas sobre este contrato son 45 (23,08% dos asinados) e afectan a 95.509 persoas traballadoras (39,36%) das que 47.908 son homes e 47.601 mulleres.

Deles 12 son de sector (29,27% dos de sector asinados) e afectan a 92.136 persoas traballadoras (40,90%), das que 45.703 son homes e 46.433 mulleres, e 33 son de empresa (21,43% dos de empresa asinados) e afectan a 3.373 persoas traballadoras (19,40%), das que 2.205 son homes e 1.168 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contracto en prácticas. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	20,00%	3	75,00%	5	35,71%
	Núm. Traballad.	178	5,74%	7.336	87,27%	7.514	65,30%
	Homes	101	3,26%	3.539	42,10%	3.640	31,63%
	Mulleres	77	2,48%	3.797	45,17%	3.874	33,67%
A Coruña							
	Núm. Convenios	8	17,78%	2	18,18%	10	17,86%
	Núm. Traballad	611	16,37%	30.600	30,10%	31.211	29,61%
	Homes	320	8,57%	8.426	8,29%	8.746	8,30%
	Mulleres	291	7,80%	22.174	21,81%	22.465	21,32%
Lugo							
	Núm. Convenios	4	23,53%	0	0,00%	4	19,05%
	Núm. Traballad	251	14,48%	0	0,00%	251	3,06%
	Homes	238	13,73%		0,00%	238	2,90%
	Mulleres	13	0,75%		0,00%	13	0,16%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	33,33%	2	33,33%	5	33,33%
	Núm. Traballad	59	3,12%	11.900	64,94%	11.959	59,15%
	Homes	45	2,38%	9.578	52,27%	9.623	47,60%
	Mulleres	14	0,74%	2.322	12,67%	2.336	11,55%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	16	21,92%	5	31,25%	21	23,60%
	Núm. Traballad	2.274	32,82%	42.300	46,78%	44.574	45,78%
	Homes	1.501	21,66%	24.160	26,72%	25.661	26,36%
	Mulleres	773	11,16%	18.140	20,06%	18.913	19,43%
Galicia							
	Núm. Convenios	33	21,43%	12	29,27%	45	23,08%
	Núm. Traballad	3.373	19,40%	92.136	40,90%	95.509	39,36%
	Homes	2.205	12,68%	45.703	20,29%	47.908	19,74%
	Mulleres	1.168	6,72%	46.433	20,61%	47.601	19,62%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 20114 son 32 os convenios con cláusulas sobre este contrato (22,22% dos asinados) e afectan a 24.284 persoas traballadoras (49,34%) das que 21.060 son homes e 3.224 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 21.488 persoas traballadoras (54,42%), das que 19.242 son homes e 2.246 mulleres, e 26 son de empresa (20,16% dos de empresa asinados) e afectan a 2.796 persoas traballadoras (28,74%), das que 1.818 son homes e 978 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o Contrato en prácticas. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	0	0,00%	3	60,00%
	Núm. Traballad.	77	17,42%	0	0,00%	77	2,71%
	Homes	31	7,01%		0,00%	31	1,09%
	Mulleres	46	10,41%		0,00%	46	1,62%
A Coruña							
	Núm. Convenios	9	23,68%	2	50,00%	11	26,19%
	Núm. Traballad	509	24,58%	16.458	70,19%	16.967	66,49%
	Homes	140	6,76%	15.622	66,62%	15.762	61,76%
	Mulleres	369	17,82%	836	3,57%	1.205	4,72%
Lugo							
	Núm. Convenios	0	0,00%	2	66,67%	2	11,11%
	Núm. Traballad	0	0,00%	3.250	83,76%	3.250	67,50%
	Homes		0,00%	2.350	60,57%	2.350	48,81%
	Mulleres		0,00%	900	23,20%	900	18,69%
Ourense							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	33,33%
	Núm. Traballad	359	82,91%	0	0,00%	359	29,12%
	Homes	340	78,52%		0,00%	340	27,58%
	Mulleres	19	4,39%		0,00%	19	1,54%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	12	17,65%	2	40,00%	14	19,18%
En 2013 recollen cláusulas deste tipo 39 dos convenios asinados (20%) que afectan a 144.399 persoas traballadoras (59,50%) das que 80.979 son homes e 63.420 mulleres. Deles 12 son de sector (29,27% dos de sector asinados) e afectan a 141.145 persoas traballadoras (62,65%), das que 78.665 son homes e 62.480 mulleres, e 27 son de empresa (17,53% dos de empresa asinados) e afectan a 3.254 persoas traballadoras (18,71%), das que 2.314 son homes e 940 mulleres.

No ano 2014 son 33 os convenios con cláusulas deste tipo (22,92% dos asinados) e afectan a 28.565 persoas traballadoras (58,04%) das que 23.955 son homes e 4.610 mulleres. Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 24.529 persoas traballadoras (62,12%), das que 21.093 son homes e 3.436 mulleres, e 27 son de empresa (20,93% dos de empresa asinados) e afectan a 4.036 persoas traballadoras (41,48%), das que 2.862 son homes e 1.174 mulleres.

As cláusulas pódense resumir no seguinte:

Indicar un número mínimo de persoas traballadoras fixas durante a vixencia do convenio.

Compromiso por parte da empresa de cubrir as baixas que se produzan con emprego fixo.

Compromisos de mantemento e/ou aumento do cadro de persoal fixo da empresa.

Establecemento de porcentaxes mínimas de persoal fixo ou máximas de persoal eventual.

Nos **convenios de sector** as **porcentaxes mínimas de persoas traballadoras fixas que se indican** son as seguintes:

- *As empresas deste sector terán, á finalización da vixencia do presente convenio, un 80% de cadro de persoal fixo. Para o cómputo desta porcentaxe, non se terán en conta as persoas traballadoras que estean ligadas á empresa por un contrato de interinidade e de igual modo descontaranse os centros de nova apertura e aqueles que efectuasen reformas que supoñan un incremento substancial das vendas. Nestes dous últimos casos o período durante o que non se computará a estas persoas traballadoras será de 24 meses. A comisión paritaria do convenio velará polo cumprimento deste compromiso. As empresas comprométese igualmente a transformar en indefinidos un 30% da totalidade dos contratos de obra ou servizo determinado regulados na letra D) deste artigo. Esta porcentaxe referirase unicamente aos contratos deste tipo que esgoten a súa duración máxima de dous anos.*
- *Compromiso de emprego fixo. Establecer como obrigatoria unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 80%.
Para a vixilancia do cumprimento deste compromiso, as empresas acollidas por este convenio están obrigadas a presentar os datos de cadro de persoal, coa especificación dos tipos de contrato, á Comisión Paritaria e a petición desta.*
- *A partir da entrada en vigor do presente convenio, establécese como obrigatorio nas empresas do sector unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 70%.*
- *As empresas que contén cun cadro de persoal medio superior a 50 persoas traballadoras deberán manter unha porcentaxe de persoas traballadoras fixas que supere o 65% de dito cadro de persoal.*
- *As empresas que contén con máis de 30 persoas traballadoras terán que acadar o 80% de emprego fixo ao remate da vixencia do convenio colectivo. Para os efectos do seu cálculo non se incluírán os contratos de interinidade nin se computará o persoal dos centros de nova apertura durante os primeiros catorce meses. A comisión paritaria velará polo cumprimento deste compromiso de emprego.*
- *En empresas que teñan máis de 30 persoas traballadoras terán que ter como mínimo o 75% de emprego fixo nos seus equipos a 31 de decembro de 2012. No cómputo da estabilidade non se terán en consideración os contratos de interinidade.*
- *A partir da sinatura deste convenio establécese como obrigatorio en empresas de máis de cinco persoas traballadores unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 60%.*
- *Todas as empresas do sector con máis de 6 persoas traballadoras están obrigadas a ter un mínimo de emprego fixo do 75% do persoal medio, durante a vixencia do convenio, sendo obrigatoria unha revisión semestral para velar polo cumprimento desta porcentaxe.*

- *Co fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, as partes asinantes acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de 5 persoas traballadoras do 50%.*

A partires do 1 de xaneiro de 2015 o cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de 5 persoas traballadoras será do 55%, taxa de estabilidade que, se é o caso, servirá de referencia para os incentivos á contratación indefinida que se fagan depender dunha taxa de estabilidade establecida no convenio específico de aplicación á empresa.

Aos efectos do cálculo do cadro de persoal fixo das empresas, tomarase en conta a media dos últimos 24 meses.

Exceptúanse do previsto no presente artigo as empresas de nova creación e as empresas que durante a vixencia do Convenio incrementen o seu cadro de persoal total de modo significativo, entendéndose que ten lugar incremento significativo cando incrementen o número de persoas traballadoras da empresa ao menos nun 30%.

As empresas exceptuadas conforme ao previsto no parágrafo anterior contarán cun período de carencia de dous anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo de xeito que, ao cumprirse 3 anos, ben desde a creación da empresa, ben desde o incremento significativo do emprego, ditas empresas haberán de cumprir o cadro de persoal fixo mínimo tomándose como referencia a media do cadro de persoal fixo dos últimos 12 meses.

- *As empresas de ata 25 persoas traballadoras obríganse a ter unha porcentaxe de emprego fixo respecto ao cadro de persoal total, de polo menos, un 50%. Non obstante, para os efectos de establecer o cadro de persoal total nas empresas de ata 5 persoas traballadoras establecerase un cómputo de xornadas realizadas polo persoal contratado baixo calquera modalidade temporal de contratación dividido polo divisor 200.*

As empresas de máis de 25 persoas traballadoras obríganse a ter unha porcentaxe de emprego fixo respecto ao cadro de persoal total de, polo menos, un 70%.

A petición da representación legal dos traballadores/as, as empresas entregarán por escrito á devandita representación, semestralmente, a relación de traballadores e traballadoras coa modalidade de contrato que ten cada un deles e delas, a comisión paritaria poderá requirir ás empresas a mesma información.

- *Establécese como obrigatorio nas empresas a seguinte porcentaxe de persoas traballadoras que deberán estar contratadas como fixas naquelas, sempre e cando na empresa na que as persoas traballadoras no que exercen habitualmente a súa actividade laboral estea aberto ao público un ano:*

** Empresas de 1 a 5 persoas traballadoras: unha persoa traballadora fixa*

** Empresas de 6 a 20 persoas traballadoras: 40% de persoas traballadoras fixas.*

** Empresas de 21 a 40 persoas traballadoras: 45% de persoas traballadoras fixas*

** Empresas de 41 a 55 persoas traballadoras: 55% de persoas traballadoras fixas*

** Empresas de 56 persoas traballadoras en adiante: 65% de persoas traballadoras fixas.*

Cando por aplicación da porcentaxe resultase unha fracción, esta completase ata a unidade tanto por exceso como por defecto. O tope será ata o 0,5 incluído, por defecto.

A vixilancia e o cumprimento do pactado neste artigo será función de comisión paritaria do convenio.

- *As partes asinantes do presente Convenio, en aras dunha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo como cadro de persoal fixo mínimo das empresas durante a vixencia deste convenio un 50 por cento, entendendo por cadro de persoal total a media dos últimos 24 meses.*
- *Co fin de mellorar a estabilidade no emprego, cada empresa, grupos de empresas ou empresas vinculadas, mediante a transformación dos contratos temporais en indefinidos, a contratación de novas persoas traballadoras ou calquera outra medida que se dirixan a fomentar a calidade no emprego, deberán ter do total do cadro de persoal, polo menos, o 50% con contratos de duración indefinida. Para definir o total do cadro de persoal as empresas poderán optar entre realizar a media dos últimos tres anos ou ben elixir o cadro de persoal que teñan ao entrar en vigor o presente convenio. A norma xeral do 50 % de emprego con contratos indefinidos terá as seguintes excepcións: A) Empresas de nova creación, que terán dous anos de carencia ou de adaptación. B) Empresas que, durante a vixencia do presente convenio, realicen incrementos de cadro de persoal que superen nun 30% ao actual; terán tamén unha carencia de dous anos no que a adaptación do incremento de cadro de persoal se refire. C) Na media do cadro de persoal non computarán os meses de verán, datas en que se contrata de maneira temporal a estudantes e a outros colectivos sen solución de continuidade. Este artigo permanecerá en vigor, soamente durante a vixencia do presente convenio, é dicir, ata o día 31 de decembro 2016 ou mentres non haxa unha variación substancial nas condicións de contratación e/ou nos tipos de contratos actuais.*
- *A partir do 1/1/2006, as empresas que en tempada baixa teñan máis de dez persoas traballadoras, obríganse a ter unha porcentaxe mínima dun 40% fixas. Cando por aplicación da porcentaxe resultase unha fracción, esta redondearase á alza ou á baixa, servindo como referencia o 0,50.*
- *Nas empresas suxeitas ao presente Convenio fíxase unha porcentaxe de contratos fixos do 35%.*
- *Establécese o acordo de que todas as empresas afectadas por este Convenio terán como mínimo unha cadro de persoal do 30% contratada indefinidamente. Esta medida deberá ser regulada nos tres meses seguintes á sinatura do Convenio.*

As cláusulas que fan referencia á vixilancia do cumprimento do pactado indican que lle corresponde á Comisión Paritaria do convenio sinalando a obrigaón de presentar os datos do cadro de persoal, coa especificación dos tipos de contrato cando lle sexa requirido pola dita comisión.

As porcentaxes mínimas de persoas traballadoras fixas que se indican nos convenios de empresa van desde o 40% ao 100%.

Algúns convenios indican taxas máximas de persoal eventual que oscilan do 10% ao 35%. Sinálase nalgúns convenios un número mínimo de persoas traballadoras fixas.

- Transformación de contratos temporais en indefinidos

No ano 2013 teñen cláusulas ao respecto 35 convenios (17,95% dos asinados) que afectan a 63.527 persoas traballadoras (26,18%) das que 25.462 son homes e 38.065 mulleres.

Deles 6 son de sector (14,63% dos de sector asinados) e afectan a 57.766 persoas traballadoras (25,64%), das que 21.759 son homes e 36.007 mulleres, e 29 son de empresa (18,83% dos de empresa asinados) e afectan a 5.761 persoas traballadoras (33,13%), das que 3.703 son homes e 2.058 mulleres.

En 2014 son 20 os convenios con cláusulas ao respecto (13,89% dos asinados) e afectan a 22.619 persoas traballadoras (45,96%) das que 20.448 son homes e 2.171 mulleres.

Destes convenios 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 21.500 persoas traballadoras (54,45%), das que 19.700 son homes e 1.800 mulleres, e 17 son de empresa (13,18% dos de empresa asinados) e afectan a 1.119 persoas traballadoras (11,50%), das que 748 son homes e 371 mulleres.

As cláusulas que recollen fan referencia ao seguinte:

Compromiso de transformar un número concreto ou unha porcentaxe de contratos temporais en indefinidos durante a vixencia do convenio.

Transformar en indefinidos os contratos de relevo no momento da xubilación total da persoa relevada.

Sinalar as preferencias para proceder á transformación.

Existen cláusulas nos convenios e acordos reguladores de persoal da Administración local que fan referencia aos procesos de consolidación de emprego temporal mediante a convocatoria de procesos selectivos.

Outros convenios remiten ou recollen o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

- **Outro tipo de cláusulas** recollen compromisos de fomentar a contratación indefinida pero sen chegar a concretalos.

G. OUTRAS CLÁUSULAS SOBRE GARANTÍAS DE EMPREGO.

Ademais das cláusulas sobre conservación e aumento do cadro de persoal fixo que xa se analizaron, recóllense nos convenios asinados estes anos outras cláusulas tendentes a garantir ou aumentar o nivel de emprego existente no inicio da vixencia do convenio entre as que se poden destacar as seguintes:

- Compromiso de **conservación do cadro de persoal** existente no momento da sinatura do convenio durante toda a vixencia del, indicando nalgúns casos no convenio un número concreto de postos.

As cláusulas máis frecuentes respecto das garantías de emprego son as que se refiren aos casos de capacidade diminuída e segunda actividade, á retirada do carné de conducir cando se necesita para o traballo, e tamén as cláusulas sobre subrogación empresarial que se analizan con máis detalle a continuación.

- **Capacidade diminuída. Segunda actividade.**

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 67 convenios (34,36% dos asinados) que afectan a 57.059 persoas traballadoras (23,51%) das que 33.855 son homes e 23.204 mulleres.

Deles 8 son de sector (19,51% dos de sector asinados) e afectan a 48.620 persoas traballadoras (21,58%), das que 27.827 son homes e 20.793 mulleres, e 59 son de empresa (38,31% dos de empresa asinados) e afectan a 8.439 persoas traballadoras (48,53%), das que 6.028 son homes e 2.411 mulleres.

No ano 2014 son 38 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (26,39% dos asinados) que afectan a 22.353 persoas traballadoras (45,42%) das que 19.346 son homes e 3.007 mulleres.

Deles 2 son de sector (13,33% dos de sector asinados) e afectan a 18.500 persoas traballadoras (46,85%), das que 16.800 son homes e 1.700 mulleres, e 36 son de empresa (27,91% dos de empresa asinados) e afectan a 3.853 persoas traballadoras (39,60%), das que 2.546 son homes e 1.307 mulleres.

Respecto das cláusulas que recollen pódese destacar o seguinte:

Refírense sobre todo á posibilidade de destinar ás persoas traballadoras que teñan a súa capacidade diminuída a postos axeitados á súa nova situación se existen na empresa. Indícanse nalgúns convenios os postos de traballo reservados para estes casos.

Limitan esta posibilidade algúns convenios aos casos en que a incapacidade fose consecuencia dun accidente de traballo ou enfermidade profesional ou común de longa duración esixindo nalgún caso unha determinada antigüidade.

Cando non existe na empresa posto adecuado, indícase nalgúns convenios que as persoas traballadoras nesta situación terán preferencia para a cobertura de vacantes que se produzan sempre que teñan aptitude ou idoneidade para o seu desempeño.

Sinálase que a formación necesaria para a adaptación da persoa traballadora ao novo posto de traballo correrá a cargo da empresa.

Nalgúns casos indican unha idade (55 ou 60 anos) ou unha antigüidade (25 anos de servizos efectivos) a partir da que as persoas traballadoras poderán solicitar a adscrición a postos de segunda actividade.

Limítase nalgúns casos a unha porcentaxe máxima o persoal acollido a esta situación.

Respecto da retribución que lle corresponde nuns casos indícase que é a do posto que tiña con anterioridade e noutros a do novo posto que vai ocupar.

Algúns convenios indican que se a retribución do novo posto é superior, será esta a que lle corresponde, e se é inferior percibirá a do seu anterior posto.

Indícase nalgún convenio para o caso de non existir un posto de traballo idóneo para a persoa traballadora que sufra a incapacidade, que a empresa se compromete a aboarlle a diferenza entre a pensión que percibe pola devandita incapacidade e o cen por cento da súa base reguladora, establecendo un límite de anos e de contía.

Sinala un convenio de sector que para ser colocados nesta situación terán preferencia os traballadores e traballadoras que perciban subsidios ou pensións inferiores ao SMI vixente.

A orde para o beneficio establecido anteriormente determinarase polas cargas familiares e en caso de igualdade pola antigüidade na empresa.

Outras cláusulas refírense a quen lle corresponde a declaración de capacidade diminuída e á participación no proceso dos servizos médicos da empresa.

Os cadros seguintes reflicten os convenios con este tipo de cláusulas en 2013 e 2014 por provincias.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre capacidade diminuída. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	10,00%	2	50,00%	3	21,43%
	Núm. Traballad.	61	1,97%	2.070	24,63%	2.131	18,52%
	Homes	52	1,68%	1.252	14,89%	1.304	11,33%
	Mulleres	9	0,29%	818	9,73%	827	7,19%
A Coruña							
	Núm. Convenios	18	40,00%	2	18,18%	20	35,71%
	Núm. Traballad.	2.043	54,73%	5.950	5,85%	7.993	7,58%
	Homes	1.378	36,91%	3.300	3,25%	4.678	4,44%
	Mulleres	665	17,81%	2.650	2,61%	3.315	3,15%
Lugo							
	Núm. Convenios	2	11,76%	0	0,00%	2	9,52%
	Núm. Traballad.	858	49,48%	0	0,00%	858	10,47%
	Homes	821	47,35%		0,00%	821	10,02%
	Mulleres	37	2,13%		0,00%	37	0,45%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	44,44%	1	16,67%	5	33,33%
	Núm. Traballad.	1.329	70,21%	1.200	6,55%	2.529	12,51%
	Homes	985	52,03%	1.125	6,14%	2.110	10,44%
	Mulleres	344	18,17%	75	0,41%	419	2,07%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	34	46,58%	3	18,75%	37	41,57%
	Núm. Traballad.	4.148	59,86%	39.400	43,57%	43.548	44,73%
	Homes	2.792	40,29%	22.150	24,49%	24.942	25,62%
	Mulleres	1.356	19,57%	17.250	19,08%	18.606	19,11%
Galicia							
	Núm. Convenios	59	38,31%	8	19,51%	67	34,36%
	Núm. Traballad.	8.439	48,53%	48.620	21,58%	57.059	23,51%
	Homes	6.028	34,66%	27.827	12,35%	33.855	13,95%
	Mulleres	2.411	13,86%	20.793	9,23%	23.204	9,56%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre capacidade diminuída. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	20,00%
	Núm. Traballad.	17	3,85%	0	0,00%	17	0,60%
	Homes	3	0,68%		0,00%	3	0,11%
	Mulleres	14	3,17%		0,00%	14	0,49%
A Coruña							
	Núm. Convenios	7	18,42%	1	25,00%	8	19,05%
	Núm. Traballad	767	37,04%	16.000	68,23%	16.767	65,70%
	Homes	446	21,54%	15.200	64,82%	15.646	61,31%
	Mulleres	321	15,50%	800	3,41%	1.121	4,39%
Lugo							
	Núm. Convenios	5	33,33%	0	0,00%	5	27,78%
	Núm. Traballad	520	55,61%	0	0,00%	520	10,80%
	Homes	460	49,20%		0,00%	460	9,55%
	Mulleres	60	6,42%		0,00%	60	1,25%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	16,67%
	Núm. Traballad	354	81,76%	0	0,00%	354	28,71%
	Homes	340	78,52%		0,00%	340	27,58%
	Mulleres	14	3,23%		0,00%	14	1,14%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	22	32,35%	1	20,00%	23	31,51%
	Núm. Traballad	2.195	37,53%	2.500	27,90%	4.695	31,71%
	Homes	1.297	22,17%	1.600	17,86%	2.897	19,56%
	Mulleres	898	15,35%	900	10,05%	1.798	12,14%
Galicia							
	Núm. Convenios	36	27,91%	2	13,33%	38	26,39%
	Núm. Traballad	3.853	39,60%	18.500	46,85%	22.353	45,42%
	Homes	2.546	26,17%	16.800	42,54%	19.346	39,31%
	Mulleres	1.307	13,43%	1.700	4,31%	3.007	6,11%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

- Retirada do permiso de conducir

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 35 convenios (17,95% dos asinados) que afectan a 26.549 persoas traballadoras (10,94%) das que 10.757 son homes e 15.792 mulleres.

Deles 6 son de sector (14,63% dos de sector asinados) e afectan a 22.980 persoas traballadoras (10,20%), das que 7.905 son homes e 15.075 mulleres, e 29 de empresa (18,83% dos convenios de empresa asinados este ano) e afectan a 3.569 persoas traballadoras (20,52%), das que 2.852 son homes e 717 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre retirada carné. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	10,00%	1	25,00%	2	14,29%
	Núm. Traballad.	371	11,96%	1.070	12,73%	1.441	12,52%
	Homes	306	9,87%	852	10,14%	1.158	10,06%
	Mulleres	65	2,10%	218	2,59%	283	2,46%
A Coruña							
	Núm. Convenios	8	17,78%	0	0,00%	8	14,29%
	Núm. Traballad	774	20,73%	0	0,00%	774	0,73%
	Homes	628	16,82%		0,00%	628	0,60%
	Mulleres	146	3,91%		0,00%	146	0,14%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	17,65%	0	0,00%	3	14,29%
	Núm. Traballad	187	10,78%	0	0,00%	187	2,28%
	Homes	170	9,80%		0,00%	170	2,07%
	Mulleres	17	0,98%		0,00%	17	0,21%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	33,33%	2	33,33%	5	33,33%
	Núm. Traballad	1.139	60,17%	3.510	19,15%	4.649	22,99%
	Homes	815	43,05%	1.703	9,29%	2.518	12,45%
	Mulleres	324	17,12%	1.807	9,86%	2.131	10,54%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	14	19,18%	3	18,75%	17	19,10%
	Núm. Traballad	1.098	15,85%	18.400	20,35%	19.498	20,03%
	Homes	933	13,47%	5.350	5,92%	6.283	6,45%
	Mulleres	165	2,38%	13.050	14,43%	13.215	13,57%
Galicia							
	Núm. Convenios	29	18,83%	6	14,63%	35	17,95%
	Núm. Traballad	3.569	20,52%	22.980	10,20%	26.549	10,94%
	Homes	2.852	16,40%	7.905	3,51%	10.757	4,43%
	Mulleres	717	4,12%	15.075	6,69%	15.792	6,51%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 teñen cláusulas ao respecto 26 convenios (18,06% dos asinados) que afectan a 11.824 persoas traballadoras (24,02%) das que 9.314 son homes e 2.510 mulleres.

Deles 4 son de sector (26,67% dos de sector asinados) e afectan a 10.500 persoas traballadoras (26,59%), das que 8.200 son homes e 2.300 mulleres, e 22 de empresa (17,05% dos convenios de empresa asinados este ano) e afectan a 1.324 persoas traballadoras (13,61%), das que 1.114 son homes e 210 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre retirada carné. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	20,00%
	Núm. Traballad.	365	82,58%	0	0,00%	365	12,84%
	Homes	302	68,33%		0,00%	302	10,63%
	Mulleres	63	14,25%		0,00%	63	2,22%
A Coruña							
	Núm. Convenios	8	21,05%	1	25,00%	9	21,43%
	Núm. Traballad	335	16,18%	2.000	8,53%	2.335	9,15%
	Homes	318	15,35%	1.700	7,25%	2.018	7,91%
	Mulleres	17	0,82%	300	1,28%	317	1,24%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	20,00%	1	33,33%	4	22,22%
	Núm. Traballad	321	34,33%	2.500	64,43%	2.821	58,59%
	Homes	255	27,27%	2.100	54,12%	2.355	48,91%
	Mulleres	66	7,06%	400	10,31%	466	9,68%
Ourense							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	10	14,71%	2	40,00%	12	16,44%
	Núm. Traballad	303	5,18%	6.000	66,97%	6.303	42,56%
	Homes	239	4,09%	4.400	49,11%	4.639	31,33%
	Mulleres	64	1,09%	1.600	17,86%	1.664	11,24%
Galicia							
	Núm. Convenios	22	17,05%	4	26,67%	26	18,06%
	Núm. Traballad	1.324	13,61%	10.500	26,59%	11.824	24,02%
	Homes	1.114	11,45%	8.200	20,77%	9.314	18,92%
	Mulleres	210	2,16%	2.300	5,82%	2.510	5,10%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Indícase en moitas destas cláusulas que no caso de retirada do permiso de conducir das persoas traballadoras que o necesiten para o seu traballo, destinarase á persoa afectada a outro posto adecuado ás súas condicións, reincorporándose ao seu cando remate a sanción.

Limitase nalgúns convenios a que a sanción non sexa superior a un certo período de tempo que se indica.

Faise referencia normalmente a que a retirada do carné sexa conducindo vehículos da empresa e por orde dela. Equipárase nalgúns casos a condución do vehículo particular aínda que limitado ao desprazamento do seu domicilio ao lugar de traballo ou regreso.

Hai convenios que inclúen tamén a retirada fóra das horas de traballo.

Exclúense os casos de retirada do permiso de conducir como consecuencia de imprudencia temeraria, condución baixo os efectos do alcohol ou drogadicción, e nalgúns convenios os casos de reincidencia.

Sinálase nalgún convenio que a empresa contratará un seguro para cubrir esta eventualidade.

Respecto da retribución nuns casos indícase que será a mesma que viña percibindo no seu posto habitual e noutros establécese que será a do novo posto. Mantense ás veces a retribución anterior durante un certo período de tempo.

Establecen algúns convenios que cando a retirada é en horas de traballo, a empresa proporcionaralle outro traballo, percibindo o salario correspondente ao seu posto e se acontecese fóra do horario de traballo, percibirá o salario correspondente ao posto que se lle asigne.

Faise referencia tamén ao pagamento por parte da empresa dos cursos de recuperación limitando o número por persoa traballadora e o tempo en que pode repetirse.

Outros convenios indican a reserva do posto de traballo ao que se reincorporará a persoa traballadora cando remate a sanción.

- Subrogación empresarial

Refírense as cláusulas que recollen aos supostos nos que se produce a subrogación e aos requisitos das persoas traballadoras respecto das que se produce, sinalando nalgúns convenios a documentación que a empresa saínte debe entregar á entrante que se refire, respecto da empresa, ás súas obrigas salariais e coa Seguridade Social, e respecto das persoas traballadoras aos datos persoais e profesionais necesarios.

No convenio para o sector da Industria siderometalúrxica da Coruña indica que ao remate da concesión dunha contrata, se producirá a subrogación do persoal en todos os seus dereitos e obrigacións sempre que esta sexa para prestar servizos de mantemento nas Administracións Públicas en virtude dunha concesión administrativa e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Persoas traballadoras en activo que presten os seus servizos no devandito centro cunha antigüidade de seis meses.
- Persoas traballadoras que no momento do cambio de titularidade da concesión se atopen de baixa por IT, a condición de que prestasen os seus servizos no centro de traballo obxecto de subrogación antes da suspensión do contrato de traballo.

No convenio do sector de Empresas do metal sen convenio propio de Pontevedra indica que o persoal que preste a súa actividade en forma de contratación en tarefas auxiliares ou de mantemento para entidades ou empresas públicas serán subrogados nesta actividade sempre que esta teña continuidade por unha nova empresa subcontratada.

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 45 convenios (23,08% dos asinados) que afectan a 49.796 persoas traballadoras (20,52%) das que 30.210 son homes e 19.586 mulleres. Deles 7 son de sector (17,07% dos de sector asinados) e afectan a 46.131 persoas traballadoras (20,48%), das que 27.797 son homes e 18.334 mulleres, e 38 son de empresa (24,68% dos de empresa asinados) e afectan a 3.665 persoas traballadoras (21,08%), das que 2.413 son homes e 1.252 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre subrogación. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	0	0,00%	3	75,00%	3	21,43%
	Núm. Traballad.	0	0,00%	7.406	88,10%	7.406	64,36%
	Homes		0,00%	3.991	47,48%	3.991	34,68%
	Mulleres		0,00%	3.415	40,63%	3.415	29,68%
A Coruña							
	Núm. Convenios	9	20,00%	1	9,09%	10	17,86%
	Núm. Traballad	929	24,89%	7.340	7,22%	8.269	7,85%
	Homes	447	11,97%	1.468	1,44%	1.915	1,82%
	Mulleres	482	12,91%	5.872	5,78%	6.354	6,03%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	52,94%	1	25,00%	10	47,62%
	Núm. Traballad	475	27,39%	2.960	45,82%	3.435	41,92%
	Homes	288	16,61%	444	6,87%	732	8,93%
	Mulleres	187	10,78%	2.516	38,95%	2.703	32,99%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	11,11%	1	16,67%	2	13,33%
	Núm. Traballad	171	9,03%	4.425	24,15%	4.596	22,73%
	Homes	161	8,51%	3.894	21,25%	4.055	20,06%
	Mulleres	10	0,53%	531	2,90%	541	2,68%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	19	26,03%	1	6,25%	20	22,47%
	Núm. Traballad	2.090	30,16%	24.000	26,54%	26.090	26,80%
	Homes	1.517	21,89%	18.000	19,90%	19.517	20,05%
	Mulleres	573	8,27%	6.000	6,63%	6.573	6,75%
Galicia							
	Núm. Convenios	38	24,68%	7	17,07%	45	23,08%
	Núm. Traballad	3.665	21,08%	46.131	20,48%	49.796	20,52%
	Homes	2.413	13,88%	27.797	12,34%	30.210	12,45%
	Mulleres	1.252	7,20%	18.334	8,14%	19.586	8,07%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 existen cláusulas ao respecto en 35 convenios (24,31% dos asinados este ano) que afectan a 18.116 persoas traballadoras (36,81%) das que 16.357 son homes e 1.759 mulleres. Deles 1 é de sector (6,67% dos convenios de sector asinados) e afecta a 16.000 persoas traballadoras (40,52%), das que 15.200 son homes e 800 mulleres, e 34 son de empresa (26,36% dos de empresa asinados) e afectan a 2.116 persoas traballadoras (21,75%), das que 1.157 son homes e 959 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre subrogación. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad.	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
A Coruña							
	Núm. Convenios	11	28,95%	1	25,00%	12	28,57%
	Núm. Traballad	550	26,56%	16.000	68,23%	16.550	64,85%
	Homes	299	14,44%	15.200	64,82%	15.499	60,73%
	Mulleres	251	12,12%	800	3,41%	1.051	4,12%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	20,00%	0	0,00%	3	16,67%
	Núm. Traballad	219	23,42%	0	0,00%	219	4,55%
	Homes	169	18,07%		0,00%	169	3,51%
	Mulleres	50	5,35%		0,00%	50	1,04%
Ourense							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	20	29,41%	0	0,00%	20	27,40%
	Núm. Traballad	1.347	23,03%	0	0,00%	1.347	9,10%
	Homes	689	11,78%		0,00%	689	4,65%
	Mulleres	658	11,25%		0,00%	658	4,44%
Galicia							
	Núm. Convenios	34	26,36%	1	6,67%	35	24,31%
	Núm. Traballad	2.116	21,75%	16.000	40,52%	18.116	36,81%
	Homes	1.157	11,89%	15.200	38,49%	16.357	33,23%
	Mulleres	959	9,86%	800	2,03%	1.759	3,57%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

H. OUTRAS CLÁUSULAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Neste tipo de cláusulas inclúense, ademais das xa mencionadas no apartado sobre xubilación nas que existe un compromiso ao respecto, as que indican a redución ou eliminación das horas extraordinarias habituais como medida de fomento do emprego e as que se refiren ao pluriemprego.

En 2013 teñen cláusulas deste tipo 132 convenios (67,69% dos asinados) que afectan a 208.009 persoas traballadoras (85,72%) das que 128.734 son homes e 79.275 mulleres.

Deles 31 son de sector (75,61% dos de sector asinados) e afectan a 193.507 persoas traballadoras (85,90%), das que 119.078 son homes e 74.429 mulleres, e 101 son de empresa (65,58% dos de empresa asinados) e afectan a 14.502 persoas traballadoras (83,39%), das que 9.656 son homes e 4.846 mulleres.

Convenios colectivos asinados con outras cláusulas sobre fomento do emprego. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	6	60,00%	4	100,00%	10	71,43%
	Núm. Traballad.	2.907	93,74%	8.406	100,00%	11.313	98,31%
	Homes	1.682	54,24%	4.391	52,24%	6.073	52,78%
	Mulleres	1.225	39,50%	4.015	47,76%	5.240	45,54%
A Coruña							
	Núm. Convenios	28	62,22%	9	81,82%	37	66,07%
	Núm. Traballad	2.905	77,82%	79.766	78,46%	82.671	78,44%
	Homes	1.596	42,75%	45.376	44,63%	46.972	44,57%
	Mulleres	1.309	35,07%	34.390	33,83%	35.699	33,87%
Lugo							
	Núm. Convenios	13	76,47%	4	100,00%	17	80,95%
	Núm. Traballad	1.630	94,00%	6.460	100,00%	8.090	98,73%
	Homes	1.352	77,97%	3.394	52,54%	4.746	57,92%
	Mulleres	278	16,03%	3.066	47,46%	3.344	40,81%
Ourense							
	Núm. Convenios	7	77,78%	4	66,67%	11	73,33%
	Núm. Traballad	1.023	54,04%	16.525	90,18%	17.548	86,79%
	Homes	942	49,76%	13.642	74,44%	14.584	72,13%
	Mulleres	81	4,28%	2.883	15,73%	2.964	14,66%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	47	64,38%	10	62,50%	57	64,04%
	Núm. Traballad	6.037	87,13%	82.350	91,06%	88.387	90,78%
	Homes	4.084	58,94%	52.275	57,81%	56.359	57,89%
	Mulleres	1.953	28,19%	30.075	33,26%	32.028	32,90%
Galicia							
	Núm. Convenios	101	65,58%	31	75,61%	132	67,69%
	Núm. Traballad	14.502	83,39%	193.507	85,90%	208.009	85,72%
	Homes	9.656	55,53%	119.078	52,86%	128.734	53,05%
	Mulleres	4.846	27,87%	74.429	33,04%	79.275	32,67%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 80 os convenios que teñen cláusulas deste tipo (55,56% dos asinados este ano) que afectan a 43.406 persoas traballadoras (88,19%) das que 35.424 son homes e 7.982 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 36.230 persoas traballadoras (91,75%), das que 30.481 son homes e 5.749 mulleres, e 69 son de empresa (53,49% dos de empresa asinados) e afectan a 7.176 persoas traballadoras (73,75%), das que 4.943 son homes e 2.233 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre fomento do emprego. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	25,00%	1	100,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	365	82,58%	2.400	100,00%	2.765	97,29%
	Homes	302	68,33%	1.900	79,17%	2.202	77,48%
	Mulleres	63	14,25%	500	20,83%	563	19,81%
A Coruña							
	Núm. Convenios	15	39,47%	2	50,00%	17	40,48%
	Núm. Traballad	1.254	60,55%	20.991	89,52%	22.245	87,17%
	Homes	813	39,26%	19.492	83,13%	20.305	79,57%
	Mulleres	441	21,29%	1.499	6,39%	1.940	7,60%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	60,00%	3	100,00%	12	66,67%
	Núm. Traballad	727	77,75%	3.880	100,00%	4.607	95,68%
	Homes	609	65,13%	2.476	63,81%	3.085	64,07%
	Mulleres	118	12,62%	1.404	36,19%	1.522	31,61%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	0	0,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	433	100,00%	0	0,00%	433	35,12%
	Homes	366	84,53%		0,00%	366	29,68%
	Mulleres	67	15,47%		0,00%	67	5,43%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	40	58,82%	5	100,00%	45	61,64%
	Núm. Traballad	4.397	75,18%	8.959	100,00%	13.356	90,19%
	Homes	2.853	48,78%	6.613	73,81%	9.466	63,92%
	Mulleres	1.544	26,40%	2.346	26,19%	3.890	26,27%
Galicia							
	Núm. Convenios	69	53,49%	11	73,33%	80	55,56%
	Núm. Traballad	7.176	73,75%	36.230	91,75%	43.406	88,19%
	Homes	4.943	50,80%	30.481	77,19%	35.424	71,97%
	Mulleres	2.233	22,95%	5.749	14,56%	7.982	16,22%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Nos convenios asinados en 2013 indican a supresión ou redución ao mínimo das horas extraordinarias habituais como medida de fomento do emprego 32 convenios (16,41% dos asinados) que afectan a 58.756 persoas traballadoras (24,21%) das que 34.569 son homes e 24.187 mulleres.

Deles 4 son de sector (9,76% dos de sector asinados) e afectan a 55.430 persoas traballadoras (24,60%), das que 31.968 son homes e 23.462 mulleres, e 28 son de empresa (18,18% dos de empresa asinados) e afectan a 3.326 persoas traballadoras (19,13%), das que 2.601 son homes e 725 mulleres.

En 2014 indican a supresión ou redución ao mínimo das horas extraordinarias habituais como medida de fomento do emprego 32 convenios (22,22% dos asinados) que afectan a 23.739 persoas traballadoras (48,23%) das que 21.031 son homes e 2.708 mulleres.

Deles 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 20.200 persoas traballadoras (51,15%), das que 18.500 son homes e 1.700 mulleres, e 29 son de empresa (22,48% dos de empresa asinados) e afectan a 3.539 persoas traballadoras (36,37%), das que 2.531 son homes e 1.008 mulleres.

Recollen algúns convenios compromisos de crear un novo posto de traballo cando se supere un certo número de horas extraordinarias nalgún servizo durante o período de tempo que se indica.

Sinala outro convenio que no caso de que o 40% do cómputo anual de horas extraordinarias fora superior á xornada anual establecida, contratarase unha persoa traballadora fixa de cadro de persoal por xornada normal superada.

As cláusulas sobre o pluriemprego recollen nuns casos unha prohibición expresa respecto del e noutras indican a conveniencia de erradicalo como regra xeral, sinalando que para iso se estima necesario que se apliquen co máximo rigor as sancións previstas na lexislación vixente nos casos de persoas traballadoras non dadas de alta na Seguridade Social, por estar dadas de alta xa noutra empresa.

Neste sentido tamén se considera esencial o cumprimento exacto do requisito de dar a coñecer á representación legal dos traballadores/as os boletíns de cotización á Seguridade Social, así como os modelos de contrato de traballo escrito que se utilicen na empresa e os documentos relativos á terminación da relación laboral.

9. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.

Entre as cláusulas que fan referencia a este tema nos convenios asinados estes anos pódense destacar as seguintes:

- Obxectivo

Sínálase como obxectivo da organización do traballo o de acadar na empresa un nivel adecuado de produtividade, rendibilidade, calidade e eficacia do servizo baseado na óptima utilización de todos os recursos.

Para este obxectivo é necesaria a mutua colaboración das partes integrantes da empresa: dirección e persoas traballadoras.

A representación legal dos traballadores/as velará porque no exercicio das facultades antes aludidas non se conculque a lexislación vixente.

Indícase que a organización do traballo estenderase, entre outras, ás seguintes materias:

- Determinación da esixencia de actividade normal.
- Adxudicación dos elementos necesarios (máquinas, tarefas e funcións específicas) para que o traballador ou traballadora poida conseguir, como mínimo, a esixencia á que se refire o punto anterior.
- Fixación dos índices de calidade admisibles durante o proceso de traballo que se trate.
- Establecemento e/ou modificación de métodos, tarefas, distribución do persoal, así como de funcións e variacións técnicas de máquinas e materias.
- Adaptación das cargas de traballo, rendementos e tarefas nas condicións que resulten de aplicar o establecemento e/ou os cambios de métodos operativos, procesos de fabricación, cambio de material, maquinaria ou calquera outra condición técnica do proceso en cuestión.
- Fixación de fórmulas claras para a obtención dos cálculos de retribución que corresponda a todas e cada unha das persoas traballadoras afectadas.
- Adaptación das medidas necesarias para que todo o traballo se desenvolva nunhas condicións de traballo óptimas, de forma que permitan ás persoas traballadoras desenvolver as tarefas da súa incumbencia nunhas boas condicións físicas e psíquicas.

Indícase que serán criterios da organización do traballo como mínimo e entre outros os seguintes:

- Consecución dos obxectivos marcados.
- Racionalización e mellora dos procedementos operativos.
- Valoración dos postos de traballo desempeñados.
- Profesionalización e promoción das persoas traballadoras afectadas mediante formación continuada.
- Programación e evolución dos cometidos asignados a cada posto de traballo.
- A adecuación dos cadros de persoal que permita o maior e mellor nivel de prestación do servizo, sempre atendendo o axuste entre o perfil do posto e as características persoais, formativas e experienciais do ocupante deste.

- Competencia nesta materia.

Son as cláusulas que máis se repiten. Sinálase ao respecto que a organización do traballo é facultade do empresario ou empresaria, ou persoa en quen delegue, sen prexuízo dos dereitos e atribucións recoñecidos pola lei aos traballadores e traballadoras e á súa representación legal.

No suposto de que se deleguen facultades directivas, esta delegación debe facerse de modo expreso, de maneira que sexa suficientemente coñecida, tanto por quen reciba a delegación de facultades, como polos que despois serán destinatarios/as das ordes recibidas.

Sinálase ademais que as ordes que teñan por si mesmas o carácter de estables deberanse comunicar expresamente á totalidade das persoas afectadas e dotadas de suficiente publicidade.

Sen menoscabo das atribucións que competen á dirección da empresa, a representación legal dos traballadores/as terá as funcións de información, asesoramento, orientación e proposta no relacionado coa organización e racionalización do traballo.

- Sistemas e prestación do traballo.

A persoa traballadora está obrigada a cumprir as ordes e instrucións do empresario ou empresaria no exercicio regular das súas facultades directivas, debendo executar os traballos, operacións ou actividades relacionadas co contido xeral da prestación laboral, estando obrigada tamén a manter os segredos relativos á explotación e negocios da empresa.

Ten a obriga así mesmo de avisar á empresa tan pronto como coñeza a súa imposibilidade de asistir ao traballo, para que esta organice axeitadamente o servizo.

A empresa porá ao alcance das persoas traballadoras todos os medios necesarios para que estas poidan executar o seu traballo nas mellores condicións de hixiene e seguridade. Pola súa banda, as persoas traballadoras utilizarán os medios de protección que a empresa lles facilite.

Incorporan algúns convenios táboas de produtividade, de tempos e rendementos mínimos, de valoración dos postos de traballo e de medida de calidade, indicando ademais as condicións e normas de aplicación e como resolver as discrepancias nas valoracións.

Líganse tamén ás veces estes incentivos non soamente á produtividade e calidade senón tamén á sinistralidade.

Enténdese por Sistema de organización científica e racional do traballo o conxunto de principios da organización e racionalización do traballo e, se é o caso, de retribución incentivada; de normas para a súa aplicación; e de técnicas da medición do traballo e da valoración de postos.

Recóllense procedementos para a implantación, modificación ou substitución destes sistemas.

Nalgúns casos faise referencia a sistemas internacionalmente recoñecidos como o Bedaux ou o Sistema Adaptado de Valoración MIKEL e noutros establécense sistemas propios.

Recoméndase nalgún convenio de sector que as empresas que establezan Sistemas de organización científica e racional do traballo, procuren adoptar en bloque algúns dos Sistemas internacionalmente recoñecidos, facendo referencia ao Sistema pola súa denominación convencional. En caso contrario haberase de especificar cada unha das partes fundamentais que se integren no devandito Sistema e o seu contido organizativo, técnico e normativo.

Inclúense definicións do traballo por tarefa, axustado ou por unidade de obra, con primas á produción ou con incentivo.

Defínese tamén o que se considera actividade e/ou rendemento normal ou mínimo, habitual e óptimo ou tipo.

Créanse nalgúns casos comisións paritarias para atender sobre implantación, modificación e reclamacións individuais respecto da aplicación destes sistemas.

- Protección de datos e Novas tecnoloxías

Incídese sobre todo na necesidade de facilitar ás persoas traballadoras afectadas os medios e a formación precisa para o desenvolvemento da súa nova función.

Sinálase a necesidade de respectar as condicións de seguridade e saúde no traballo.

Recollen algúns convenios unha regulación respecto da utilización de equipos informáticos, internet e correo electrónico.

Sinálase ao respecto que esta regulación debe partir de dúas premisas fundamentais: en primeiro lugar, o lexítimo dereito da empresa de controlar o uso adecuado das ferramentas e medios técnicos que pon á disposición da persoa traballadora para realizar a súa actividade e, por outra parte, debe salvagardarse o dereito á intimidade da persoa traballadora.

Indícase tamén que se poderá utilizar o correo electrónico, a intranet e internet con liberdade e no sentido máis amplo posible, para o desempeño das actividades do posto de traballo.

Sempre que se precise realizar un uso destes medios que exceda do habitual, teñan ou non relación co desempeño profesional, utilizaranse as canles adecuadas para non causar danos no desenvolvemento normal das comunicacións e no funcionamento da rede interna.

Non está permitido o envío de mensaxes ou imaxes de material ofensivo, inapropiado ou con contidos discriminatorios por razóns de xénero, idade, sexo, discapacidade, aqueles que promovan o acoso sexual, así como a utilización da rede para xogos de azar, sorteos, poxas, descarga de vídeo, audio, etc, non relacionados coa actividade profesional.

Establécese que cando existan indicios de uso ilícito ou abusivo por parte dunha persoa traballadora, realizaranse as comprobacións oportunas, as cales se efectuarán no horario laboral, en presenza da persoa traballadora e/ou algún representante unitario ou sindical se esta así o desexa, e con respecto á súa dignidade e intimidade.

Faise referencia tamén ao dereito da representación legal dos traballadores/as a usar o sistema correo electrónico corporativo para a actividade sindical, a enviar e recibir correos, interna e externamente, sempre que a súa utilización sexa conforme ás normas de utilización establecidas pola empresa e comprometéndose a cumprir o establecido na Lei de protección de datos.

- Teletraballo

Créase nun convenio de empresa asinado en 2014 unha comisión paritaria para o estudo da aplicación do teletraballo.

Faise referencia nun convenio de empresa asinado en 2014 á posibilidade de que, co obxectivo de mellorar a produtividade e facer posible a conciliación da vida laboral e familiar, se regule o teletraballo dentro da empresa, indicando que se poderá levar a cabo naqueles postos cuxas funcións resulten compatibles con este sistema de traballo e non se produza diminución ou prexuízo no cumprimento das obrigacións laborais da persoa solicitante e en todo caso por un tempo determinado.

Segue a manter un convenio de empresa prorrogado no ano 2014 a seguinte regulación do teletraballo:

Os asinantes do presente convenio consideran que o teletraballo podería ser un medio posible de organizar o traballo na empresa, sempre que se establezan as garantías axeitadas.

A) Definición: ten consideración de teletraballo a forma de organización e/ou execución do traballo que utiliza a tecnoloxía da información no contexto dun contrato ou relación de traballo que, aínda que tamén podería ser executada no local da empresa, é realizado fóra deste de xeito regular conforme a uns termos acordados.

Non se considerará teletraballo, se a natureza da actividade laboral principal desempeñada xustifica por si mesma a realización do traballo habitualmente fóra das instalacións da empresa, sendo os medios informáticos e de comunicación utilizados pola persoa traballadora meros elementos de auxilio e facilitación da devandita actividade laboral.

B) Carácter voluntario: o teletraballo é voluntario tanto para a persoa traballadora coma para a empresa. O teletraballo pode formar parte da descrición inicial do posto de traballo ou pódese iniciar posteriormente, debendo en ambos os dous casos documentarse mediante o "acordo individual de teletraballo".

Se o teletraballo non forma parte da descrición inicial do posto, e se o empresario/a presenta unha oferta de teletraballo, a persoa traballadora pode aceptar ou rexeitar a devandita oferta. Se a persoa traballadora expresa o desexo de pasar ao teletraballo, a empresa pode aceptar ou rexeitar esta petición.

Como só modifica o xeito de realizar o traballo, o paso ao teletraballo en si non modifica o estatuto laboral da persoa teletraballadora. Nese caso o rexeitamento por parte da persoa traballadora a prestar os seus servizos en réxime de teletraballo non é en si motivo de rescisión da relación laboral nin de modificación das condicións de emprego desta persoa traballadora.

Se o teletraballo non forma parte da descrición inicial do posto, a decisión de pasar ao teletraballo será reversible por acordo individual ou colectivo. A reversibilidade implica unha volta ao traballo nos locais do empresario/a a petición da persoa traballadora ou do empresario/a. As modalidades da devandita reversibilidade estableceranse por acordo individual ou colectivo.

C) Dereito de información: A empresa facilitará ás persoas teletraballadoras información acerca dos extremos recollidos no R.D. 1659/1998 en materia de información á persoa traballadora sobre os elementos esenciais do contrato de traballo, así como a correspondente copia básica deste último ás representacións dos traballadores/as.

A empresa facilitará ás persoas teletraballadoras e ás representacións dos traballadores/as información acerca das condicións de seguridade e saúde laboral en que deba prestarse o teletraballo.

O "acordo individual de teletraballo" recollerá os extremos referidos neste apartado así como as condicións en canto aos equipamentos de traballo.

D) Condicións de emprego: As persoas teletraballadoras terán os mesmos dereitos garantidos na lei e no presente Convenio en canto ás condicións de emprego que as persoas traballadoras comparables que traballan nas instalacións da empresa, salvo as que se deriven da propia natureza do traballo realizado fóra destas últimas.

Dado o carácter individual e voluntario do teletraballo, empresa e persoas traballadoras afectadas fixarán as condicións da devandita forma de traballo, salvo nos aspectos nos que puidese existir acordo colectivo coa representación dos traballadores/as, nos que se estará ao acordado.

E) Condicións de seguridade: A empresa é responsable da protección da saúde e seguridade laboral da persoa teletraballadora.

A empresa informará á persoa teletraballadora da súa política en materia de saúde e seguridade no traballo, en especial sobre as esixencias relativas ás pantallas de datos. A persoa teletraballadora aplicará correctamente estas políticas de seguridade no traballo.

O desenvolvemento do teletraballo no domicilio da persoa traballadora só será posible cando o devandito espazo resulte axeitado ás esixencias de seguridade e saúde no traballo.

A empresa debe adoptar medidas para previr o illamento da persoa teletraballadora en relación coas outras persoas traballadoras da empresa.

Para verificar a correcta aplicación das normas en materia de seguridade e saúde no traballo, a empresa e a representación dos traballadores/as só poderán acceder ao domicilio da persoa teletraballadora logo de notificación e consentimento previo desta última.

F) Dereitos colectivos. As persoas teletraballadoras terán os mesmos dereitos colectivos que o resto de persoas traballadoras na empresa e estarán sometidas ás mesmas condicións de participación e elixibilidade nas eleccións para as instancias representativas dos traballadores/as ou que prevexan unha representación dos traballadores/as.

G) Equipamentos de traballo: todas as cuestións relativas aos equipamentos de traballo, responsabilidade e custos serán definidos claramente antes de iniciar o teletraballo.

A empresa estará encargada de facilitar, instalar e manter os equipamentos necesarios para o teletraballo regular, salvo acordo polo que se estableza que a persoa teletraballadora utilice o seu propio equipo.

En todo caso, se o teletraballo é realizado regularmente, a empresa cubrirá os custos directamente orixinados por este traballo, en particular os ligados ás comunicacións, e dotará á persoa teletraballadora dun servizo axeitado de apoio técnico.

- Actuación en defensa e protección do ambiente.

Considérase necesario que as empresas actúen de forma responsable e respectuosa co medio, prestando grande atención á súa defensa e protección.

Para estes efectos, a empresa debe adoptar unha actitude permanente, responsable e visible en materia de ambiente e, ao mesmo tempo, conseguir que o esforzo que estea a desenvolver a industria neste campo, e o que se realice no futuro, así como os seus resultados, sexan coñecidos e axeitadamente valorados.

Considérase fundamental para estes fins a realización de actividades tendentes a conseguir os seguintes obxectivos:

- Promover e conseguir unha actuación responsable da empresa en materia de medio concretando as medidas a adoptar.
- Establecer uns obxectivos cualitativos e cuantitativos de mellora co fin de facer visible, respecto a eles, o progreso que se consiga.
- Demostrar á sociedade o comportamento responsable da empresa mediante o emprego de técnicas de boa xestión medio ambiental e a comunicación dos resultados obtidos.
- Mellorar a credibilidade da empresa e aumentar a confianza da sociedade e das administracións públicas mediante demostracións e feitos concretos.

Indica un convenio que se procurará iniciar ás persoas traballadoras na problemática do medio referida á contaminación do medio, á lei de envasado e embalaxes e ao tratamento dos residuos, mediante as informacións e orientacións necesarias sobre as actitudes e as medidas que hai que adoptar para evitar contaminar o ámbito, sempre dentro do ámbito da empresa.

Recolle un convenio de sector a seguinte cláusula ao respecto:

- Protección do medio natural.

A crecente preocupación polo estado do medio natural na nosa comunidade leva aos asinantes a plasmaren neste convenio o seu compromiso pola mellora continuada do comportamento ambiental das empresas do sector. Para iso, as partes comprométense a que a prevención de riscos laborais e a protección do medio sexan aspectos inseparables da actuación cotiá das empresas e das persoas traballadoras adscritas a este convenio, impulsando o estudo conxunto das características ambientais dos procesos e produtos utilizados no sector e a elaboración de propostas para a súa mellora ou substitución, cando sexa economicamente viable, por outros máis respectuosos coa saúde das persoas traballadoras, o contorno e os recursos naturais. Desenvolveranse, así mesmo, as seguintes actuacións sectoriais para a protección do medio:

- A representación dos traballadores/as terá dereito á información sobre o comportamento ambiental da empresa.*
- Todas as empresas do sector de ambulancias deberán de avanzar na redución do uso de substancias perigosas e na utilización de materiais reciclables, así como na reciclaxe de residuos. Terán que utilizarse produtos e procesos de menor impacto ambiental, traballar na prevención da contaminación, o aforro e o uso eficaz da auga e a enerxía.*
- As actuacións ambientais son función e competencia do comité de empresa e serán asumidas polos seus membros ou, en todo caso, polos delegados/as de persoal, que velarán polo cumprimento do contido ambiental subscrito no convenio.*

Noutro de empresa indica:

A dirección da empresa, co fin de avanzar e alcanzar un alto nivel na calidade de todas as súas actividades, respectando a protección do medio e preservando a saúde das persoas traballadoras e de cantos entran en contacto coa organización, definiu a súa política de xestión con base aos seguintes principios:

Garantir o cumprimento da lexislación e regulamentación aplicable en materia de calidade, medio e seguridade e saúde no traballo.

Establecer as medidas necesarias para evitar e eliminar todos os factores que afecten negativamente á calidade das actividades da empresa, que xeren aspectos ambientais significativos ou que impliquen risco para o persoal da empresa ou para a sociedade en xeral.

Utilizar a satisfacción dos clientes, tanto a nivel interno como externo, como un indicador clave na política de mellora continua da organización.

Promover entre os subministradores, contratistas e subcontratistas da empresa, o cumprimento de todas as disposicións establecidas pola empresa en materia de calidade, medio e seguridade e saúde no traballo.

- Desenvolvemento socialmente sostible

Recollen algúns convenios unha cláusula na que indican que nas actuais circunstancias económicas e de competitividade que definen e condicionan o mundo da empresa e que hai que considerar para a súa supervivencia, é imprescindible ter en conta o elemento humano como parte fundamental integrante desta.

Faise preciso por iso compatibilizar o desenvolvemento económico da empresa cos dereitos e aspiracións do entorno, tanto nos aspectos ambientais como nos puramente sociais.

Sen prexuízo do pactado no convenio e dos demais acordos e prácticas existentes, sinálase como intención dos asinantes analizar e, se é o caso, concluír, durante a vixencia deste, acordos en materias de desenvolvemento socialmente sostible, na medida que a organización da empresa posibilite tales instrumentos de integración laboral e social.

Afondando no principio do diálogo social permanente, os asinantes manifestan a necesidade de seguir avanzando no camiño da consecución daqueles acordos nas materias en que ambas as dúas partes conveñan.

Faise referencia á existencia e vixencia de acordos sobre responsabilidade social corporativa do grupo ao que pertence a empresa, indicando que os asinantes, no ámbito das súas respectivas responsabilidades, propóñense exercitar os seus dereitos e cumprir as súas obrigas no marco do respecto aos precitados valores.

► Sinalar por último que outras cláusulas fan referencia á distribución da xornada (xa analizado no apartado sobre tempo de traballo) e á mobilidade das persoas traballadoras que se analiza con máis detalle no apartado seguinte.

10. MOBILIDADE E CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

A. MOBILIDADE FUNCIONAL

No ano 2013 teñen cláusulas sobre mobilidade funcional 106 convenios (54,36% dos asinados) que afectan a 114.312 persoas traballadoras (47,11%) das que 57.878 son homes e 56.434 mulleres.

Deles 17 son de sector (41,46% dos de sector asinados) e afectan a 102.567 persoas traballadoras (45,53%), das que 49.652 son homes e 52.915 mulleres, e 89 son de empresa (57,79% dos de empresa asinados) e afectan a 11.745 persoas traballadoras (67,54%), das que 8.226 son homes e 3.519 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre mobilidade funcional. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	7	70,00%	4	100,00%	11	78,57%
	Núm. Traballad.	1.037	33,44%	8.406	100,00%	9.443	82,06%
	Homes	693	22,35%	4.391	52,24%	5.084	44,18%
	Mulleres	344	11,09%	4.015	47,76%	4.359	37,88%
A Coruña							
	Núm. Convenios	25	55,56%	6	54,55%	31	55,36%
	Núm. Traballad	2.359	63,19%	49.711	48,90%	52.070	49,41%
	Homes	1.399	37,48%	16.286	16,02%	17.685	16,78%
	Mulleres	960	25,72%	33.425	32,88%	34.385	32,63%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	52,94%	2	50,00%	11	52,38%
	Núm. Traballad	1.334	76,93%	3.050	47,21%	4.384	53,50%
	Homes	1.227	70,76%	2.650	41,02%	3.877	47,32%
	Mulleres	107	6,17%	400	6,19%	507	6,19%
Ourense							
	Núm. Convenios	8	88,89%	2	33,33%	10	66,67%
	Núm. Traballad	1.868	98,68%	1.800	9,82%	3.668	18,14%
	Homes	1.482	78,29%	1.525	8,32%	3.007	14,87%
	Mulleres	386	20,39%	275	1,50%	661	3,27%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	40	54,79%	3	18,75%	43	48,31%
	Núm. Traballad	5.147	74,28%	39.600	43,79%	44.747	45,96%
	Homes	3.425	49,43%	24.800	27,42%	28.225	28,99%
	Mulleres	1.722	24,85%	14.800	16,37%	16.522	16,97%
Galicia							
	Núm. Convenios	89	57,79%	17	41,46%	106	54,36%
	Núm. Traballad	11.745	67,54%	102.567	45,53%	114.312	47,11%
	Homes	8.226	47,30%	49.652	22,04%	57.878	23,85%
	Mulleres	3.519	20,24%	52.915	23,49%	56.434	23,26%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 86 os convenios con cláusulas sobre mobilidade funcional (59,72% dos asinados) que afectan a 27.591 persoas traballadoras (56,06%) das que 23.464 son homes e 4.127 mulleres.

Deles 5 son de sector (33,33% dos de sector asinados) e afectan a 19.808 persoas traballadoras (50,16%), das que 17.972 son homes e 1.836 mulleres, e 81 son de empresa (62,79% dos de empresa asinados) e afectan a 7.783 persoas traballadoras (79,99%), das que 5.492 son homes e 2.291 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre mobilidade funcional. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	4	100,00%	0	0,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	442	100,00%	0	0,00%	442	15,55%
	Homes	333	75,34%		0,00%	333	11,72%
	Mulleres	109	24,66%		0,00%	109	3,84%
A Coruña							
	Núm. Convenios	23	60,53%	3	75,00%	26	61,90%
	Núm. Traballad	1.602	77,35%	18.458	78,72%	20.060	78,61%
	Homes	995	48,04%	17.322	73,87%	18.317	71,78%
	Mulleres	607	29,31%	1.136	4,84%	1.743	6,83%
Lugo							
	Núm. Convenios	10	66,67%	1	33,33%	11	61,11%
	Núm. Traballad	698	74,65%	750	19,33%	1.448	30,07%
	Homes	561	60,00%	250	6,44%	811	16,84%
	Mulleres	137	14,65%	500	12,89%	637	13,23%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	50,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	424	97,92%	600	75,00%	1.024	83,05%
	Homes	357	82,45%	400	50,00%	757	61,39%
	Mulleres	67	15,47%	200	25,00%	267	21,65%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	41	60,29%	0	0,00%	41	56,16%
	Núm. Traballad	4.617	78,94%	0	0,00%	4.617	31,18%
	Homes	3.246	55,50%		0,00%	3.246	21,92%
	Mulleres	1.371	23,44%		0,00%	1.371	9,26%
Galicia							
	Núm. Convenios	81	62,79%	5	33,33%	86	59,72%
	Núm. Traballad	7.783	79,99%	19.808	50,16%	27.591	56,06%
	Homes	5.492	56,44%	17.972	45,51%	23.464	47,67%
	Mulleres	2.291	23,55%	1.836	4,65%	4.127	8,39%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas deste tipo.

**Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade funcional.
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	2	50,0	2	50,0	0	0,0	3	30,0	3	33,3	10	33,3
2010	2	50,0	1	16,7	0	0,0	3	37,5	0	0,0	6	20,0
2011	3	75,0	0	0,0	1	14,3	4	44,4	0	0,0	8	30,8
2012	4	100,0	1	50,0	-	-	0	0,0	1	25,0	6	42,9
2013	4	100,0	6	54,6	2	50,0	2	33,3	3	18,8	17	41,5
2014	0	0,0	3	75,0	1	33,3	1	50,0	0	0,0	5	33,3
Empresa												
2009	6	66,7	20	52,6	4	50,0	9	90,0	36	54,5	75	57,3
2010	6	85,7	22	73,3	12	75,0	4	40,0	30	55,6	74	63,3
2011	4	57,1	16	53,3	3	37,5	7	70,0	24	63,2	54	58,1
2012	4	80,0	14	48,3	4	40,0	2	66,7	27	48,2	51	49,5
2013	7	70,0	25	55,6	9	52,9	8	88,9	40	54,8	89	57,8
2014	4	100,0	23	60,5	10	66,7	3	75,0	41	60,3	81	62,8
Total 2014	4	80,0	26	61,9	11	61,1	4	66,7	41	56,2	86	59,7

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto das cláusulas que conteñen, ademais das que remiten ou recollen total ou parcialmente o indicado ao respecto na lexislación vixente, cabe sinalar as seguintes:

En calquera dos supostos de mobilidade funcional, as direccións das empresas deberán garantir, con carácter previo ao cambio, os coñecementos, habilidades ou reciclaxes necesarias que faciliten ou habiliten ás persoas traballadoras afectadas a suficiente adecuación e aptitude para o desempeño das novas tarefas e funcións asignadas.

A aplicación da mobilidade funcional farase salvagardando o principio xeral de boa fe contractual, así como o principio específico de igualdade e non discriminación nas relacións laborais.

Así mesmo, dita mobilidade producirase sen menoscabo da dignidade das persoas traballadoras e sen prexuízo dos seus dereitos profesionais e económicos.

Non caberá invocar causas de despedimento obxectivo por ineptitude sobrevida ou de falta de adaptación nos supostos de realización de funcións distintas das habituais como consecuencia da mobilidade funcional.

Sempre que sexa posible, a aplicación da mobilidade funcional farase respectando a voluntariedade das persoas traballadoras.

Un límite específico á aplicación da mobilidade funcional constitúeo a necesidade de titulación académica ou profesional, así como calquera outro permiso, licenza ou habilitación esixido pola lexislación para o exercicio dunha determinada profesión ou función.

Sendo a mobilidade funcional materia esencial das condicións de prestación de traballo, para a súa correcta aplicación faise necesaria a participación da representación legal dos traballadores/as nos termos que se indican no convenio.

Sínálase que sempre que as direccións das empresas teñan necesidade de facer uso da aplicación da mobilidade funcional, notificaranse os cambios simultaneamente ás persoas traballadoras afectadas e á súa representación legal.

A devandita notificación, polo menos, deberá incluír:

- Unha descrición xustificativa das causas que motivan os ditos cambios.
- A identificación das persoas traballadoras afectadas.
- Duración estimada da mobilidade.

Defínense as seguintes clases de mobilidade funcional: mobilidade funcional vertical, mobilidade funcional horizontal e mobilidade funcional ordinaria.

A mobilidade funcional vertical é aquela que ten lugar cando os cambios de funcións e tarefas traspasan os límites do grupo profesional de pertenza da persoa traballadora, pero non así a división funcional á que está adscrita.

Dentro desta clase de mobilidade hai dúas variantes, a mobilidade vertical ascendente e a descendente.

A mobilidade vertical ascendente é a que se produce cando as novas tarefas e funcións encomendadas á persoa traballadora corresponden a un grupo profesional de nivel superior sen alterar a división funcional de pertenza.

A mobilidade vertical descendente é a que se produce cando as novas tarefas e funcións encomendadas corresponden a un grupo profesional de nivel inferior sen alterar a división funcional de pertenza.

A mobilidade funcional horizontal é aquela que implica o cambio de división funcional de adscrición previa da persoa traballadora.

Indícase respecto dela que por xustificadas razóns organizativas, técnicas ou produtivas, as direccións das empresas poderán destinar ás persoas traballadoras á realización de funcións ou tarefas dunha división funcional distinta á de pertenza previa.

A mobilidade funcional ordinaria é aquela que ten lugar cando os cambios de funcións e tarefas se producen dentro dos límites de encadramento profesional da persoa traballadora, isto é, a súa pertenza a un grupo profesional e unha división funcional determinada.

Sínálase respecto dela que aínda cando, dun modo xeral, os casos de mobilidade funcional ordinaria non fosen necesaria e preceptivamente acordados coa representación legal dos traballadores/as (salvo no caso que leven consigo algunha modificación substancial das condicións de traballo) si se fai necesario que a devandita representación estea sempre puntualmente informada dos cambios, podendo intervir naqueles casos que considere necesario facelo.

Respecto das cláusulas sobre realización de **funcións superiores** as modificacións máis frecuentes que introducen respecto do sinalado na lexislación vixente refírense a fixar períodos menores para reclamar o ascenso ou a cobertura da vacante.

Tamén se limita nalgúns casos a duración, exceptuándose nalgúns convenios os casos de substitución por enfermidade, accidente de traballo, permisos, excedencias e outras causas análogas, ou cando non sexa posible a rotación, en cuxo caso se prolongará mentres subsistan as circunstancias que a motivaran sen que outorguen dereito á consolidación do posto, pero si á percepción da diferenza económica durante a substitución se esta existe.

Transcorrido o tempo sinalado como duración máxima no convenio establécese nalgúns convenios que se consolida a categoría superior. Nos casos nos que existen procedementos regulados para a provisión de vacantes indícase que debe procederse segundo o sinalado neles.

Polo que se refire ás cláusulas sobre realización de **funcións inferiores** algúns convenios limitan a súa duración e a reiteración, indicando a duración máxima e sinalando que será necesaria a comunicación á representación legal dos traballadores/as.

Respecto da retribución para os casos de mobilidade recóllese maioritariamente o sinalado ao respecto no ET.

Os convenios que varían algo do sinalado ao respecto indican para o caso de postos de cualificación inferior que se conservará a retribución anterior salvo que o cambio se producise por petición da persoa traballadora, en cuxo caso percibirá a remuneración correspondente ao novo posto.

- Outras cláusulas refírense á posibilidade de facer permutas entre as persoas traballadoras e aos requisitos que deben cumprir.

B. MOBILIDADE XEOGRÁFICA

No ano 2013 teñen cláusulas sobre mobilidade xeográfica 52 convenios (26,67% dos asinados) e afectan a 89.718 persoas traballadoras (36,97%) das que 41.323 son homes e 48.395 mulleres.

Deles 8 son de sector (19,51% dos de sector asinados) e afectan a 80.621 persoas traballadoras (35,79%), das que 35.614 son homes e 45.007 mulleres, e 44 son de empresa (28,57% dos de empresa asinados) e afectan a 9.097 persoas traballadoras (52,31%), das que 5.709 son homes e 3.388 mulleres.

En 2014 son 44 os convenios que teñen cláusulas sobre mobilidade xeográfica (30,56% dos asinados) e afectan a 20.329 persoas traballadoras (41,30%) das que 17.680 son homes e 2.649 mulleres.

Deles 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 17.208 persoas traballadoras (43,58%), das que 15.872 son homes e 1.336 mulleres, e 41 son de empresa (31,78% dos de empresa asinados) e afectan a 3.121 persoas traballadoras (32,08%), das que 1.808 son homes e 1.313 mulleres.

Ademais das cláusulas que remiten ou recollen o sinalado na lexislación vixente, pódense destacar as seguintes:

Inclúen algúns convenios a definición do que se considera traslado para estes efectos, asociándoo a que supoña para a persoa traballadora cambio de domicilio e sinalando nalgúns casos o número de quilómetros entre o novo centro de traballo e o anterior ou o domicilio da persoa traballadora, e/ou a duración.

Recollen algúns convenios os mecanismos que se deben seguir para facer os traslados, sinalando entre eles, ademais da negociación coa representación dos traballadores/as e os prazos, a intervención do AGA en caso de desacordo.

Regúlanse tamén as indemnizacións e compensacións económicas a que ten dereito a persoa traballadora.

Indícanse nalgúns convenios as preferencias para non ser desprazados/as sinalando xeralmente as seguintes:

Representantes legais dos traballadores/as.

Persoas traballadoras con discapacidade física ou psíquica

Persoas traballadoras con fillos ou fillas ou persoas dependentes ao seu cargo.

Traballadoras embarazadas.

Recolle un convenio a seguinte cláusula ao respecto:

As empresas suxeitas ao presente convenio comprométese a impedir os despedimentos ou a mobilidade xeográfica, segundo a lexislación laboral vixente durante o período de vixencia deste convenio nas seguintes circunstancias:

1. *Durante o período de suspensión de contrato por maternidade, paternidade, risco no embarazo, lactación, adopción ou acollemento.*
2. *Embarazo da traballadora.*
3. *Excedencia por coidado de menores ou familiares ao cargo.*
4. *Persoal recentemente incorporado despois das situacións anteriormente sinaladas.*

Indican algúns convenios que o traslado realizárase en orde inversa ao de antigüidade.

Sinalar por último que hai convenios que recollen o sinalado respecto das traballadoras vítimas de violencia de xénero no artigo 40.3bis do Estatuto dos traballadores/as.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas deste tipo.

**Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade xeográfica.
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	1	25,0	2	50,0	0	0,0	2	20,0	2	22,2	7	23,3
2010	2	50,0	4	66,7	1	33,3	1	12,5	2	22,2	10	33,3
2011	4	100,0	0	0,0	1	14,3	2	22,2	0	0,0	7	26,9
2012	4	100,0	1	50,0	-	-	0	0,0	1	25,0	6	42,9
2013	2	50,0	3	27,3	0	0,0	1	16,7	2	12,5	8	19,5
2014	0	0,0	2	50,0	1	33,3	0	0,0	0	0,0	3	20,0
Empresa												
2009	2	22,2	10	26,3	4	50,0	3	30,0	22	33,3	41	31,3
2010	4	57,1	3	10,0	2	12,5	2	20,0	18	33,3	29	24,8
2011	3	42,9	5	16,7	2	25,0	1	10,0	12	31,6	23	24,7
2012	3	60,0	6	20,7	4	40,0	1	33,3	16	28,6	30	29,1
2013	6	60,0	10	22,2	2	11,8	3	33,3	23	31,5	44	28,6
2014	2	50,0	8	21,1	3	20,0	1	25,0	27	39,7	41	31,8
Total 2014	2	40,0	10	23,8	4	22,2	1	16,7	27	37,0	44	30,6

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os cadros seguintes reflicten os convenios con cláusulas sobre mobilidade xeográfica en 2013 e 2014 por provincias.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre mobilidade xeográfica. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	6	60,00%	2	50,00%	8	57,14%
	Núm. Traballad.	2.899	93,49%	3.425	40,74%	6.324	54,96%
	Homes	1.619	52,21%	1.370	16,30%	2.989	25,98%
	Mulleres	1.280	41,28%	2.055	24,45%	3.335	28,98%
A Coruña							
	Núm. Convenios	10	22,22%	3	27,27%	13	23,21%
	Núm. Traballad.	912	24,43%	36.386	35,79%	37.298	35,39%
	Homes	542	14,52%	12.166	11,97%	12.708	12,06%
	Mulleres	370	9,91%	24.220	23,82%	24.590	23,33%
Lugo							
	Núm. Convenios	2	11,76%	0	0,00%	2	9,52%
	Núm. Traballad.	210	12,11%	0	0,00%	210	2,56%
	Homes	158	9,11%		0,00%	158	1,93%
	Mulleres	52	3,00%		0,00%	52	0,63%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	33,33%	1	16,67%	4	26,67%
	Núm. Traballad.	1.343	70,95%	2.310	12,61%	3.653	18,07%
	Homes	1.005	53,09%	578	3,15%	1.583	7,83%
	Mulleres	338	17,86%	1.732	9,45%	2.070	10,24%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	23	31,51%	2	12,50%	25	28,09%
	Núm. Traballad.	3.733	53,88%	38.500	42,57%	42.233	43,38%
	Homes	2.385	34,42%	21.500	23,78%	23.885	24,53%
	Mulleres	1.348	19,45%	17.000	18,80%	18.348	18,85%
Galicia							
	Núm. Convenios	44	28,57%	8	19,51%	52	26,67%
	Núm. Traballad.	9.097	52,31%	80.621	35,79%	89.718	36,97%
	Homes	5.709	32,83%	35.614	15,81%	41.323	17,03%
	Mulleres	3.388	19,48%	45.007	19,98%	48.395	19,94%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre mobilidade xeográfica. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	407	92,08%	0	0,00%	407	14,32%
	Homes	316	71,49%		0,00%	316	11,12%
	Mulleres	91	20,59%		0,00%	91	3,20%
A Coruña							
	Núm. Convenios	8	21,05%	2	50,00%	10	23,81%
	Núm. Traballad	165	7,97%	16.458	70,19%	16.623	65,14%
	Homes	110	5,31%	15.622	66,62%	15.732	61,65%
	Mulleres	55	2,66%	836	3,57%	891	3,49%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	20,00%	1	33,33%	4	22,22%
	Núm. Traballad	317	33,90%	750	19,33%	1.067	22,16%
	Homes	296	31,66%	250	6,44%	546	11,34%
	Mulleres	21	2,25%	500	12,89%	521	10,82%
Ourense							
	Núm. Convenios	1	25,00%	0	0,00%	1	16,67%
	Núm. Traballad	5	1,15%	0	0,00%	5	0,41%
	Homes	0	0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres	5	1,15%		0,00%	5	0,41%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	27	39,71%	0	0,00%	27	36,99%
	Núm. Traballad	2.227	38,07%	0	0,00%	2.227	15,04%
	Homes	1.086	18,57%		0,00%	1.086	7,33%
	Mulleres	1.141	19,51%		0,00%	1.141	7,71%
Galicia							
	Núm. Convenios	41	31,78%	3	20,00%	44	30,56%
	Núm. Traballad	3.121	32,08%	17.208	43,58%	20.329	41,30%
	Homes	1.808	18,58%	15.872	40,19%	17.680	35,92%
	Mulleres	1.313	13,49%	1.336	3,38%	2.649	5,38%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

C. PROMOCIÓN E ASCENSOS

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 104 convenios (53,33% dos asinados) que afectan a 153.063 persoas traballadoras (63,07%) das que 92.275 son homes e 60.788 mulleres.

Deles 21 son de sector (51,22% dos de sector asinados) e afectan a 140.416 persoas traballadoras (62,33%), das que 83.895 son homes e 56.521 mulleres, e 83 son de empresa (53,90% dos de empresa asinados) e afectan a 12.647 persoas traballadoras (72,73%), das que 8.380 son homes e 4.267 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre promoción e ascensos. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	8	80,00%	3	75,00%	11	78,57%
	Núm. Traballad.	2.923	94,26%	4.495	53,47%	7.418	64,47%
	Homes	1.684	54,31%	2.222	26,43%	3.906	33,94%
	Mulleres	1.239	39,95%	2.273	27,04%	3.512	30,52%
A Coruña							
	Núm. Convenios	25	55,56%	5	45,45%	30	53,57%
	Núm. Traballad	2.299	61,59%	68.386	67,27%	70.685	67,07%
	Homes	1.327	35,55%	40.866	40,20%	42.193	40,03%
	Mulleres	972	26,04%	27.520	27,07%	28.492	27,03%
Lugo							
	Núm. Convenios	12	70,59%	0	0,00%	12	57,14%
	Núm. Traballad	1.543	88,99%	0	0,00%	1.543	18,83%
	Homes	1.317	75,95%		0,00%	1.317	16,07%
	Mulleres	226	13,03%		0,00%	226	2,76%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	44,44%	3	50,00%	7	46,67%
	Núm. Traballad	1.554	82,09%	7.335	40,03%	8.889	43,97%
	Homes	1.201	63,44%	4.872	26,59%	6.073	30,04%
	Mulleres	353	18,65%	2.463	13,44%	2.816	13,93%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	34	46,58%	10	62,50%	44	49,44%
	Núm. Traballad	4.328	62,46%	60.200	66,57%	64.528	66,28%
	Homes	2.851	41,15%	35.935	39,74%	38.786	39,84%
	Mulleres	1.477	21,32%	24.265	26,83%	25.742	26,44%
Galicia							
	Núm. Convenios	83	53,90%	21	51,22%	104	53,33%
	Núm. Traballad	12.647	72,73%	140.416	62,33%	153.063	63,07%
	Homes	8.380	48,19%	83.895	37,24%	92.275	38,02%
	Mulleres	4.267	24,54%	56.521	25,09%	60.788	25,05%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 85 os convenios con cláusulas ao respecto (59,03% dos asinados) e afectan a 29.805 persoas traballadoras (60,56%) das que 25.236 son homes e 4.569 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 23.051 persoas traballadoras (58,37%), das que 20.338 son homes e 2.713 mulleres, e 79 son de empresa (61,24% dos de empresa asinados) e afectan a 6.754 persoas traballadoras (69,41%), das que 4.898 son homes e 1.856 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre promoción e ascensos. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	0	0,00%	2	40,00%
	Núm. Traballad.	382	86,43%	0	0,00%	382	13,44%
	Homes	305	69,00%		0,00%	305	10,73%
	Mulleres	77	17,42%		0,00%	77	2,71%
A Coruña							
	Núm. Convenios	31	81,58%	2	50,00%	33	78,57%
	Núm. Traballad	1.811	87,45%	20.991	89,52%	22.802	89,35%
	Homes	1.159	55,96%	19.492	83,13%	20.651	80,92%
	Mulleres	652	31,48%	1.499	6,39%	2.151	8,43%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	53,33%	2	66,67%	10	55,56%
	Núm. Traballad	516	55,19%	1.380	35,57%	1.896	39,38%
	Homes	375	40,11%	376	9,69%	751	15,60%
	Mulleres	141	15,08%	1.004	25,88%	1.145	23,78%
Ourense							
	Núm. Convenios	2	50,00%	1	50,00%	3	50,00%
	Núm. Traballad	419	96,77%	600	75,00%	1.019	82,64%
	Homes	357	82,45%	400	50,00%	757	61,39%
	Mulleres	62	14,32%	200	25,00%	262	21,25%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	36	52,94%	1	20,00%	37	50,68%
	Núm. Traballad	3.626	61,99%	80	0,89%	3.706	25,03%
	Homes	2.702	46,20%	70	0,78%	2.772	18,72%
	Mulleres	924	15,80%	10	0,11%	934	6,31%
Galicia							
	Núm. Convenios	79	61,24%	6	40,00%	85	59,03%
	Núm. Traballad	6.754	69,41%	23.051	58,37%	29.805	60,56%
	Homes	4.898	50,34%	20.338	51,50%	25.236	51,27%
	Mulleres	1.856	19,08%	2.713	6,87%	4.569	9,28%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

As cláusulas refírense maioritariamente ao seguinte:

- Probas e/ou concursos de méritos para o ascenso.

No ano 2013 recollen cláusulas deste tipo 63 convenios (32,31% dos asinados) que afectan a 74.686 persoas traballadoras (30,78%) das que 64.331 son homes e 10.355 mulleres.

Deles 10 son de sector (24,39% dos de sector asinados) e afectan a 66.520 persoas traballadoras (29,53%), das que 58.376 son homes e 8.144 mulleres, e 53 son de empresa (34,42% dos de empresa asinados) e afectan a 8.166 persoas traballadoras (46,96%), das que 5.955 son homes e 2.211 mulleres.

En 2014 son 46 os convenios con cláusulas deste tipo (31,94% dos asinados) e afectan a 19.841 persoas traballadoras (40,31%) das que 17.946 son homes e 1.895 mulleres.

Deles 2 son de sector (13,33% dos de sector asinados) e afectan a 16.080 persoas traballadoras (40,72%), das que 15.270 son homes e 810 mulleres, e 44 son de empresa (34,11% dos de empresa asinados) e afectan a 3.761 persoas traballadoras (38,65%), das que 2.676 son homes e 1.085 mulleres.

- Libre designación para os postos de mando ou especial confianza.

No ano 2013 recollen cláusulas deste tipo 53 convenios (27,18% dos asinados) que afectan a 74.792 persoas traballadoras (30,82%) das que 64.856 son homes e 9.936 mulleres.

Deles 10 son de sector (24,39% dos de sector asinados) e afectan a 69.411 persoas traballadoras (30,81%), das que 60.694 son homes e 8.717 mulleres, e 43 son de empresa (27,92% dos de empresa asinados) e afectan a 5.381 persoas traballadoras (30,94%), das que 4.162 son homes e 1.219 mulleres.

En 2014 son 44 os convenios con cláusulas deste tipo (30,56% dos asinados) e afectan a 24.670 persoas traballadoras (50,12%) das que 22.210 son homes e 2.460 mulleres.

Deles 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 21.071 persoas traballadoras (53,36%), das que 19.562 son homes e 1.509 mulleres, e 41 son de empresa (31,78% dos de empresa asinados) e afectan a 3.599 persoas traballadoras (36,99%), das que 2.648 son homes e 951 mulleres.

- Ascensos automáticos polo paso dun período concreto de tempo.

No ano 2013 recollen cláusulas deste tipo 35 convenios (17,95% dos asinados) que afectan a 105.352 persoas traballadoras (43,41%) das que 51.795 son homes e 53.557 mulleres.

Deles 14 son de sector (34,15% dos de sector asinados) e afectan a 102.596 persoas traballadoras (45,54%), das que 49.919 son homes e 52.677 mulleres, e 21 son de empresa (13,64% dos de empresa asinados) e afectan a 2.756 persoas traballadoras (15,85%), das que 1.876 son homes e 880 mulleres.

En 2014 son 21 os convenios con cláusulas deste tipo (14,58% dos asinados) e afectan a 5.060 persoas traballadoras (10,28%) das que 3.333 son homes e 1.727 mulleres.

Deles 4 son de sector (26,67% dos de sector asinados) e afectan a 2.060 persoas traballadoras (5,22%), das que 846 son homes e 1.214 mulleres, e 17 son de empresa (13,18% dos de empresa asinados) e afectan a 3.000 persoas traballadoras (30,83%), das que 2.487 son homes e 513 mulleres.

- Establécese nalgúns casos un período de proba que no caso de non superarse supón o retorno ao antigo posto.

- Existen cláusulas sinalando a necesidade de evitar calquera tipo de discriminación nestes procesos e nalgúns casos adoptando medidas de acción positiva.

Indícase neste sentido que se deben establecer para os procesos de promoción e desenvolvemento profesional criterios claros, obxectivos e non discriminatorios.

Tamén se sinala que se deberá garantir a igualdade de trato e de oportunidades no desenvolvemento profesional de mulleres e homes e promover e mellorar as posibilidades de acceso da muller a postos de responsabilidade contribuíndo a reducir desequilibrios que, aínda sendo de orixe cultural, social ou familiar, poidan darse no seo da empresa.

Recollen así algúns convenios cláusulas nas que indican que se dará prioridade nos procesos de promoción, en igualdade de condicións de idoneidade profesional, ao sexo con menor representación no departamento ou posto a cubrir.

Nalgún caso sinálase que primará a antigüidade da persoa traballadora ou que sexa muller.

- Outras cláusulas refírense á necesidade dunha publicidade suficiente das condicións requiridas para os postos que se vaian a cubrir e das características deles.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre promoción e ascensos.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre promoción e ascensos
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	1	25,0	3	75,0	0	0,0	5	50,0	5	55,6	14	46,7
2010	2	50,0	3	50,0	2	66,7	3	37,5	4	44,4	14	46,7
2011	4	100,0	2	66,7	0	0,0	7	77,8	2	66,7	15	57,7
2012	3	75,0	1	50,0	-	-	1	25,0	1	25,0	6	42,9
2013	3	75,0	5	45,5	0	0,0	3	50,0	10	62,5	21	51,2
2014	0	0,0	2	50,0	2	66,7	1	50,0	1	20,0	6	40,0
Empresa												
2009	9	100,0	26	68,4	4	50,0	8	80,0	37	56,1	84	64,1
2010	6	85,7	18	60,0	11	68,8	6	60,0	25	46,3	66	56,4
2011	5	71,4	18	60,0	3	37,5	4	40,0	24	63,2	54	58,1
2012	4	80,0	17	58,6	4	40,0	2	66,7	28	50,0	55	53,4
2013	8	80,0	25	55,6	12	70,6	4	44,4	34	46,6	83	53,9
2014	2	50,0	31	81,6	8	53,3	2	50,0	36	52,9	79	61,2
Total 2014	2	40,0	33	78,6	10	55,6	3	50,0	37	50,7	85	59,0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

D. CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

No ano 2013 existen cláusulas sobre clasificación profesional en 138 convenios (70,77% dos asinados este ano) que afectan a 176.953 persoas traballadoras (72,92%) das que 108.888 son homes e 68.065 mulleres.

Deles 25 son de sector (60,98% dos de sector asinados) e afectan a 164.742 persoas traballadoras (73,13%), das que 100.332 son homes e 64.410 mulleres, e 113 son de empresa (73,38% dos de empresa asinados) e afectan a 12.211 persoas traballadoras (70,22%), das que 8.556 son homes e 3.655 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre clasificación profesional. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	9	90,00%	4	100,00%	13	92,86%
	Núm. Traballad.	1.084	34,96%	8.406	100,00%	9.490	82,47%
	Homes	731	23,57%	4.391	52,24%	5.122	44,51%
	Mulleres	353	11,38%	4.015	47,76%	4.368	37,96%
A Coruña							
	Núm. Convenios	33	73,33%	7	63,64%	40	71,43%
	Núm. Traballad	2.725	73,00%	70.476	69,32%	73.201	69,45%
	Homes	1.457	39,03%	42.108	41,42%	43.565	41,34%
	Mulleres	1.268	33,97%	28.368	27,90%	29.636	28,12%
Lugo							
	Núm. Convenios	12	70,59%	3	75,00%	15	71,43%
	Núm. Traballad	1.514	87,31%	3.500	54,18%	5.014	61,19%
	Homes	1.393	80,33%	2.950	45,67%	4.343	53,00%
	Mulleres	121	6,98%	550	8,51%	671	8,19%
Ourense							
	Núm. Convenios	6	66,67%	4	66,67%	10	66,67%
	Núm. Traballad	819	43,26%	4.310	23,52%	5.129	25,37%
	Homes	760	40,15%	2.273	12,40%	3.033	15,00%
	Mulleres	59	3,12%	2.037	11,12%	2.096	10,37%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	53	72,60%	7	43,75%	60	67,42%
	Núm. Traballad	6.069	87,59%	78.050	86,31%	84.119	86,40%
	Homes	4.215	60,83%	48.610	53,75%	52.825	54,26%
	Mulleres	1.854	26,76%	29.440	32,56%	31.294	32,14%
Galicia							
	Núm. Convenios	113	73,38%	25	60,98%	138	70,77%
	Núm. Traballad	12.211	70,22%	164.742	73,13%	176.953	72,92%
	Homes	8.556	49,20%	100.332	44,54%	108.888	44,87%
	Mulleres	3.655	21,02%	64.410	28,59%	68.065	28,05%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 113 os convenios con cláusulas sobre clasificación profesional (78,47% dos asinados) e afectan a 38.310 persoas traballadoras (77,84%) das que 32.253 son homes e 6.057 mulleres.

Deles 10 son de sector (66,67% dos de sector asinados) e afectan a 30.278 persoas traballadoras (76,68%), das que 26.382 son homes e 3.896 mulleres, e 103 son de empresa (79,84% dos de empresa asinados) e afectan a 8.032 persoas traballadoras (82,55%), das que 5.871 son homes e 2.161 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre clasificación profesional. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	4	100,00%	1	100,00%	5	100,00%
	Núm. Traballad.	442	100,00%	2.400	100,00%	2.842	100,00%
	Homes	333	75,34%	1.900	79,17%	2.233	78,57%
	Mulleres	109	24,66%	500	20,83%	609	21,43%
A Coruña							
	Núm. Convenios	33	86,84%	4	100,00%	37	88,10%
	Núm. Traballad	1.517	73,25%	23.449	100,00%	24.966	97,83%
	Homes	1.055	50,94%	21.614	92,17%	22.669	88,83%
	Mulleres	462	22,31%	1.835	7,83%	2.297	9,00%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	53,33%	1	33,33%	9	50,00%
	Núm. Traballad	713	76,26%	750	19,33%	1.463	30,38%
	Homes	610	65,24%	250	6,44%	860	17,86%
	Mulleres	103	11,02%	500	12,89%	603	12,52%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	2	100,00%	5	83,33%
	Núm. Traballad	424	97,92%	800	100,00%	1.224	99,27%
	Homes	357	82,45%	475	59,38%	832	67,48%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	55	80,88%	2	40,00%	57	78,08%
	Núm. Traballad	4.936	84,39%	2.879	32,14%	7.815	52,78%
	Homes	3.516	60,11%	2.143	23,92%	5.659	38,22%
	Mulleres	1.420	24,28%	736	8,22%	2.156	14,56%
Galicia							
	Núm. Convenios	103	79,84%	10	66,67%	113	78,47%
	Núm. Traballad	8.032	82,55%	30.278	76,68%	38.310	77,84%
	Homes	5.871	60,34%	26.382	66,81%	32.253	65,53%
	Mulleres	2.161	22,21%	3.896	9,87%	6.057	12,31%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre clasificación profesional.

**Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de clasificación profesional.
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	4	100,0	3	75,0	0	0,0	6	60,0	3	33,3	16	53,3
2010	4	100,0	5	83,3	3	100,0	3	37,5	5	55,6	20	66,7
2011	4	100,0	3	100,0	3	42,9	5	55,6	1	33,3	16	61,5
2012	4	100,0	1	50,0	-	-	0	0,0	2	50,0	7	50,0
2013	4	100,0	7	63,6	3	75,0	4	66,7	7	43,8	25	61,0
2014	1	100,0	4	100,0	1	33,3	2	100,0	2	40,0	10	66,7
Empresa												
2009	8	88,9	27	71,1	6	75,0	10	100,0	42	63,6	93	71,0
2010	7	100,0	21	70,0	9	56,3	7	70,0	39	72,2	83	70,9
2011	6	85,7	20	66,7	3	37,5	5	50,0	29	76,3	63	67,7
2012	4	80,0	21	72,4	6	60,0	2	66,7	39	69,6	72	69,9
2013	9	90,0	33	73,3	12	70,6	6	66,7	53	72,6	113	73,4
2014	4	100,0	33	86,8	8	53,3	3	75,0	55	80,9	103	79,8
Total 2014	5	100,0	37	88,1	9	50,0	5	83,3	57	78,1	113	78,5

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto das cláusulas pódese sinalar o seguinte:

Indícase en moitos destes convenios que a clasificación do persoal é meramente enunciativa e que non supón a obriga de ter cubertas todas as prazas enumeradas se as necesidades e a estrutura da empresa non o require.

- Regulan un sistema de clasificación profesional

No ano 2013 teñen cláusulas ao respecto 127 convenios (65,13% dos asinados) que afectan a 172.887 persoas traballadoras (71,24%) das que 107.092 son homes e 65.795 mulleres.

Deles 23 son de sector (56,10% dos de sector asinados) e afectan a 161.637 persoas traballadoras (71,75%), das que 99.042 son homes e 62.595 mulleres, e 104 son de empresa (67,53% dos de empresa asinados) e afectan a 11.250 persoas traballadoras (64,69%), das que 8.050 son homes e 3.200 mulleres.

En 2014 son 100 os convenios con cláusulas ao respecto (69,44% dos asinados) e afectan a 35.870 persoas traballadoras (72,88%) das que 30.452 son homes e 5.418 mulleres.

Deles 9 son de sector (60% dos de sector asinados) e afectan a 28.578 persoas traballadoras (72,37%), das que 25.182 son homes e 3.396 mulleres, e 91 son de empresa (70,54% dos de empresa asinados) e afectan a 7.292 persoas traballadoras (74,94%), das que 5.270 son homes e 2.022 mulleres.

Nalgúns casos recóllese a clasificación no convenio e noutros faise remitindo a convenios de ámbito superior. Seguen existindo algúns convenios que remiten nesta materia ao sinalado nas antigas ordenanzas.

- Clasificación por medio de grupos profesionais

No ano 2013 faise a clasificación en **grupos profesionais** en 101 convenios (51,79% dos asinados) que afectan a 118.967 persoas traballadoras (49,02%) das que 55.654 son homes e 63.313 mulleres. Deles 17 son de sector (41,46% dos de sector asinados) e afectan a 109.537 persoas traballadoras (48,62%), das que 48.992 son homes e 60.545 mulleres, e 84 son de empresa (54,55% dos de empresa asinados) e afectan a 9.430 persoas traballadoras (54,23%), das que 6.662 son homes e 2.768 mulleres.

Respecto dos 127 convenios que establecen un sistema de clasificación en 2013, este tipo de clasificación en grupos supón o 79,53%.

En 2014 faise a clasificación en grupos profesionais en 92 convenios (63,89% dos asinados este ano) e afectan a 32.979 persoas traballadoras (67,01%) das que 28.128 son homes e 4.851 mulleres. Deles 7 son de sector (46,67% dos convenios de sector asinados) e afectan a 26.799 persoas traballadoras (67,87%), das que 23.839 son homes e 2.960 mulleres, e 85 son de empresa (65,89% dos de empresa asinados) e afectan a 6.180 persoas traballadoras (63,51%), das que 4.289 son homes e 1.891 mulleres.

Respecto dos 100 convenios que establecen un sistema de clasificación en 2014, este tipo de clasificación en grupos supón o 92%.

Estase procedendo nalgúns convenios á adaptación dos sistemas de clasificación profesional existentes que non o facían por medio de grupos profesionais segundo o indicado no artigo 22 do Estatuto dos Traballadores e noutros recóllense compromisos de adaptalo creando ás veces comisións específicas para facelo.

Incorpóranse nalgúns convenios as correspondencias entre as antigas categorías profesionais e os actuais grupos profesionais.

Sínálase que o novo sistema de clasificación profesional pretende unha maior flexibilidade organizativa, posibilitando recompoñer os procesos de traballo e redistribuír as actividades segundo as necesidades cambiantes da actividade; dispoñer de profesionais con coñecementos, calidades e aptitudes que lles permitan desempeñar o seu traballo con igual resultado en distintas situacións dentro do grupo profesional ao que pertencen.

Indícase tamén que o novo sistema de grupos profesionais permitirá mellorar a flexibilidade interna, minorando o impacto daquelas medidas de flexibilidade externa que puidesen supoñer a saída de persoal da compañía, ao poder trasladar ás persoas entre os distintos niveis, dentro do seu grupo, sen minguas retributivas.

Indícase que o sistema de clasificación profesional non limita o establecemento de novas formas de organización do traballo, nin o uso de tecnoloxías nin a asunción de novas funcións no marco do grupo profesional ao que se pertenza e grao de complexidade do posto de traballo desempeñado.

Defínense ás veces os grupos directamente polos contidos funcionais e outras veces faise indicando e definindo as categorías ou niveis que conteñen. Noutros casos enuméranse pero sen definilos.

Hai convenios nos que se establece, ou indícase a posibilidade de facelo, dentro dos grupos desta forma definidos subgrupos, áreas e divisións funcionais diferentes.

Establécese nalgúns convenios a clasificación profesional fundamentalmente atendendo aos criterios que o artigo 22 do Estatuto dos traballadores/as fixa para a existencia do grupo profesional, é dicir, aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación.

Entre os factores mediante cuxa ponderación se procede ao encadramento das persoas traballadoras dentro da estrutura profesional e, por conseguinte, a asignación a cada unha delas dun determinado grupo profesional sinálanse os seguintes:

Coñecementos e experiencia.- Para valorar este factor deberase ter en conta, ademais da formación básica necesaria para poder cumprir correctamente o labor, o grao de coñecemento e experiencia adquiridos, así como a dificultade na adquisición dos devanditos coñecementos ou experiencias.

Iniciativa.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta o maior ou menor grao de dependencia a directrices ou normas para a execución da función.

Autonomía.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta a maior ou menor dependencia xerárquica no desempeño da función que se desenvolve.

Responsabilidade.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta tanto o grao de autonomía de acción do titular da función, como o grao de influencia sobre os resultados e importancia das consecuencias da xestión.

Mando.- Para valorar este factor haberá que ter en conta o grao de supervisión e ordenación de tarefas, a capacidade de interrelación, a natureza do colectivo e o número de persoas sobre as que se exerce o mando.

Complexidade.- A valoración deste factor estará en función do maior ou menor número, así como do maior ou menor grao de integración do resto dos factores na tarefa ou posto encomendado.

Sinálase así mesmo que haberá que ter en conta no momento de cualificar o posto de traballo a dimensión da unidade produtiva onde se desenvolva a función, xa que pode influír na valoración de todos ou algúns dos factores.

- Cláusulas de non discriminación

Algunhas destas cláusulas indican que a nova clasificación profesional que se establece pretende alcanzar unha estrutura profesional e produtiva que se corresponda coas necesidades da empresa, facilitando unha mellor e máis ampla interpretación de todo o colectivo no desenvolvemento das súas actividades, sen mengua da dignidade, oportunidade de promoción e xusta retribución, sen que supoña discriminación ningunha por razóns de idade, sexo ou calquera outra índole.

Sinálase que a finalidade do sistema de clasificación profesional é compatibilizar a realidade dinámica da empresa, especialmente nas súas necesidades funcionais, co desenvolvemento profesional das persoas traballadoras no marco da relación laboral, tendo como principio fundamental a non discriminación por razón de sexo.

Indícase que os criterios de definición dos grupos profesionais acomodaranse a regras comúns para todas as persoas traballadoras, garantindo a ausencia de discriminación directa ou indirecta entre homes e mulleres.

Tamén se indica respecto dos criterios de definición dos grupos profesionais que se efectuarán de forma que non exista discriminación.

- Outras cláusulas

Remítese nalgúns convenios á comisión paritaria ou a comisións específicas para o seguimento e/ou futuros acordos nesta materia así como para proceder á adaptación dos sistemas de clasificación existentes aos novos sistemas baseados en grupos.

Nalgúns casos remítese ao establecido en convenios de ámbito superior e/ou ordenanzas, completando nalgún caso a que figura neles con outras definicións.

11. SAÚDE LABORAL

En 2013 recollen algún tipo de cláusulas sobre saúde laboral 189 convenios (96,92% dos asinados) que afectan a 242.417 persoas traballadoras (99,89%) das que 149.367 son homes e 93.050 mulleres.

Deles 41 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 225.282 persoas traballadoras (100%), das que 137.844 son homes e 87.438 mulleres, e 148 son de empresa (96,10% dos de empresa asinados) e afectan a 17.135 persoas traballadoras (98,53%), das que 11.523 son homes e 5.612 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre saúde laboral. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	10	100,00%	4	100,00%	14	100,00%
	Núm. Traballad.	3.101	100,00%	8.406	100,00%	11.507	100,00%
	Homes	1.785	57,56%	4.391	52,24%	6.176	53,67%
	Mulleres	1.316	42,44%	4.015	47,76%	5.331	46,33%
A Coruña							
	Núm. Convenios	39	86,67%	11	100,00%	50	89,29%
	Núm. Traballad	3.478	93,17%	101.661	100,00%	105.139	99,76%
	Homes	2.064	55,29%	58.452	57,50%	60.516	57,42%
	Mulleres	1.414	37,88%	43.209	42,50%	44.623	42,34%
Lugo							
	Núm. Convenios	17	100,00%	4	100,00%	21	100,00%
	Núm. Traballad	1.734	100,00%	6.460	100,00%	8.194	100,00%
	Homes	1.443	83,22%	3.394	52,54%	4.837	59,03%
	Mulleres	291	16,78%	3.066	47,46%	3.357	40,97%
Ourense							
	Núm. Convenios	9	100,00%	6	100,00%	15	100,00%
	Núm. Traballad	1.893	100,00%	18.325	100,00%	20.218	100,00%
	Homes	1.502	79,34%	15.167	82,77%	16.669	82,45%
	Mulleres	391	20,66%	3.158	17,23%	3.549	17,55%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	73	100,00%	16	100,00%	89	100,00%
	Núm. Traballad	6.929	100,00%	90.430	100,00%	97.359	100,00%
	Homes	4.729	68,25%	56.440	62,41%	61.169	62,83%
	Mulleres	2.200	31,75%	33.990	37,59%	36.190	37,17%
Galicia							
	Núm. Convenios	148	96,10%	41	100,00%	189	96,92%
	Núm. Traballad	17.135	98,53%	225.282	100,00%	242.417	99,89%
	Homes	11.523	66,26%	137.844	61,19%	149.367	61,55%
	Mulleres	5.612	32,27%	87.438	38,81%	93.050	38,34%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 135 os convenios que recollen algún tipo de cláusulas sobre saúde laboral (93,75% dos asinados) que afectan a 48.979 persoas traballadoras (99,51%) das que 39.600 son homes e 9.379 mulleres.

Deles 15 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 120 son de empresa (93,02% dos de empresa asinados) e afectan a 9.491 persoas traballadoras (97,54%), das que 6.522 son homes e 2.969 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre saúde laboral. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	400	90,50%	2.400	100,00%	2.800	98,52%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	81	18,33%	500	20,83%	581	20,44%
A Coruña							
	Núm. Convenios	33	86,84%	4	100,00%	37	88,10%
	Núm. Traballad	1.916	92,52%	23.449	100,00%	25.365	99,39%
	Homes	1.258	60,74%	21.614	92,17%	22.872	89,62%
	Mulleres	658	31,77%	1.835	7,83%	2.493	9,77%
Lugo							
	Núm. Convenios	14	93,33%	3	100,00%	17	94,44%
	Núm. Traballad	916	97,97%	3.880	100,00%	4.796	99,61%
	Homes	732	78,29%	2.476	63,81%	3.208	66,63%
	Mulleres	184	19,68%	1.404	36,19%	1.588	32,98%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	66	97,06%	5	100,00%	71	97,26%
	Núm. Traballad	5.826	99,61%	8.959	100,00%	14.785	99,84%
	Homes	3.847	65,77%	6.613	73,81%	10.460	70,64%
	Mulleres	1.979	33,83%	2.346	26,19%	4.325	29,21%
Galicia							
	Núm. Convenios	120	93,02%	15	100,00%	135	93,75%
	Núm. Traballad	9.491	97,54%	39.488	100,00%	48.979	99,51%
	Homes	6.522	67,03%	33.078	83,77%	39.600	80,46%
	Mulleres	2.969	30,51%	6.410	16,23%	9.379	19,06%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre saúde laboral.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre saúde laboral
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

Sector	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
2009	4	100,0	4	100,0	3	100,0	8	80,0	9	100,0	28	93,3
2010	4	100,0	6	100,0	3	100,0	8	100,0	9	100,0	30	100,0
2011	4	100,0	2	66,7	7	100,0	9	100,0	3	100,0	25	96,2
2012	4	100,0	2	100,0	-	-	4	100,0	4	100,0	14	100,0
2013	4	100,0	11	100,0	4	100,0	6	100,0	16	100,0	41	100,0
2014	1	100,0	4	100,0	3	100,0	2	100,0	5	100,0	15	100,0
Empresa												
2009	9	100,0	33	86,8	8	100,0	10	100,0	66	100,0	126	96,2
2010	7	100,0	30	100,0	15	93,8	9	90,0	54	100,0	115	98,3
2011	7	100,0	26	86,7	8	100,0	9	90,0	38	100,0	88	94,6
2012	5	100,0	28	96,6	10	100,0	3	100,0	56	100,0	102	99,0
2013	10	100,0	39	86,7	17	100,0	9	100,0	73	100,0	148	96,1
2014	3	75,0	33	86,8	14	93,3	4	100,0	66	97,1	120	93,0
Total 2014	4	80,0	37	88,1	17	94,4	6	100,0	71	97,3	135	93,8

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Moitas das cláusulas que figuran nestes convenios recollen compromisos de aplicación e cumprimento do indicado na Lei de prevención de riscos laborais e nos regulamentos que a desenvolven, e noutros casos remiten ou reproducen, total ou parcialmente o recollido na lei.

Tamén se remite nalgún caso ao sinalado en convenios de ámbito superior.

Os temas nos que máis se incide nestas cláusulas pódense resumir nos seguintes:

- Roupa de traballo

No ano 2013 teñen cláusulas ao respecto 173 convenios (88,72% dos asinados) que afectan a 232.405 persoas traballadoras (95,77%) das que 143.299 son homes e 89.106 mulleres.

Deles 38 son de sector (92,68% dos de sector asinados) e afectan a 218.046 persoas traballadoras (96,79%), das que 133.394 son homes e 84.652 mulleres, e 135 son de empresa (87,66% dos de empresa asinados) e afectan a 14.359 persoas traballadoras (82,57%), das que 9.905 son homes e 4.454 mulleres.

En 141 destes convenios (72,31% dos asinados) faise referencia aos *equipos ou pezas de protección individual*.

Afectan estes convenios a 175.763 persoas traballadoras (72,43%) das que 110.594 son homes e 65.169 mulleres.

Deles 27 son de sector (65,85% dos de sector asinados) e afectan a 163.131 persoas traballadoras (72,41%), das que 101.978 son homes e 61.153 mulleres, e 114 son de empresa (74,03% dos de empresa asinados) e afectan a 12.632 persoas traballadoras (72,64%), das que 8.616 son homes e 4.016 mulleres.

En 2014 son 119 os convenios con cláusulas ao respecto (82,64% dos asinados) e afectan a 46.334 persoas traballadoras (94,14%) das que 37.664 son homes e 8.670 mulleres.

Deles 14 son de sector (93,33% dos de sector asinados) e afectan a 38.858 persoas traballadoras (98,40%), das que 32.952 son homes e 5.906 mulleres, e 105 son de empresa (81,40% dos de empresa asinados) e afectan a 7.476 persoas traballadoras (76,83%), das que 4.712 son homes e 2.764 mulleres.

En 101 destes convenios (70,14% dos asinados) faise referencia aos *equipos ou pezas de protección individual*.

Afectan estes convenios a 40.530 persoas traballadoras (82,35%) das que 33.799 son homes e 6.731 mulleres.

Deles 10 son de sector (66,67% dos de sector asinados) e afectan a 33.600 persoas traballadoras (85,09%), das que 29.330 son homes e 4.270 mulleres, e 91 son de empresa (70,54% dos de empresa asinados) e afectan a 6.930 persoas traballadoras (71,22%), das que 4.469 son homes e 2.461 mulleres.

Nestas cláusulas indícase normalmente o tipo de peza, o número delas que se entrega e a periodicidade coa que se ten que facer, así como a reposición por deterioro.

Tamén se indica a súa obrigatoriedade de uso durante a xornada laboral e/ou prohibición de facelo fóra dela, sinalando nalgúns casos a quen lle corresponde a limpeza destas pezas.

Outras cláusulas só indican que a empresa entregará roupa de traballo adecuada sen especificala. Faise referencia nalgúns casos a normas ou instrucións internas existentes na empresa ao respecto.

Indican algúns convenios que as empresas facilitarán roupa de traballo axeitada para as traballadoras embarazadas durante o período de xestación.

Respecto dos EPI's indícase que deberán utilizarse cando os riscos non se poidan evitar ou non poidan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

Establécese nuns casos o tipo e características das pezas que se deben subministrar así como a periodicidade de entrega e reposición por deterioro. Noutros casos indícase a obriga por parte da empresa de facer entrega deste tipo de pezas sen especificalas ou remitindo ao sinalado ao respecto na lexislación vixente.

Refírense tamén nalgúns casos á participación da representación dos traballadores/as, do comité de seguridade e saúde laboral ou delegados/as de prevención no control e/ou elección da roupa e elementos de protección.

Sínálase tamén a obriga por parte das persoas traballadoras de utilízalos axeitadamente.

Outras cláusulas refírense a quen lle corresponde a limpeza da roupa de traballo, sinalando nuns casos que se fará cargo dela a empresa e noutros que corresponde á persoa traballadora.

- Vixilancia da saúde.

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 132 convenios (67,69% dos asinados) que afectan a 210.109 persoas traballadoras (86,58%) das que 133.541 son homes e 76.568 mulleres.

Deles 31 son de sector (75,61% dos de sector asinados) e afectan a 199.512 persoas traballadoras (88,56%), das que 126.691 son homes e 72.821 mulleres, e 101 son de empresa (65,58% dos de empresa asinados) e afectan a 10.597 persoas traballadoras (60,94%), das que 6.850 son homes e 3.747 mulleres.

En 2014 son 99 os convenios con cláusulas ao respecto (68,75% dos asinados) e afectan a 42.769 persoas traballadoras (86,90%) das que 35.274 son homes e 7.495 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 35.650 persoas traballadoras (90,28%), das que 30.580 son homes e 5.070 mulleres, e 88 son de empresa (68,22% dos de empresa asinados) e afectan a 7.119 persoas traballadoras (73,17%), das que 4.694 son homes e 2.425 mulleres.

Moitas destas cláusulas refírense á periodicidade mínima coa que deben realizarse e á posibilidade de facer revisións específicas máis frecuentes polo risco do posto de traballo, indicando nalgúns convenios cal debe ser o contido mínimo deste recoñecemento.

Establecen tamén algúns convenios se deben realizarse dentro ou fóra da xornada laboral e a compensación se se realizan fóra da xornada.

Sinalan algún convenio que ao persoal suxeito a quendas en horario de tarde ou noite compensaráselles as horas investidas no recoñecemento nas xornadas laborais dese mesmo día.

Tamén se sinala nalgúns casos a compensación para o caso de ter que desprazarse para facer o recoñecemento establecendo algúns a obriga da empresa de facilitar tamén os medios de transporte para este desprazamento.

Faise referencia nalgúns convenios a medidas preventivas específicas como por exemplo campañas de vacinación.

Outras cláusulas refírense ao respecto ao dereito á intimidade e á dignidade da persoa e ao carácter confidencial dos resultados, así como á entrega de copia deles ás persoas traballadoras afectadas.

✓ Sinalar por último respecto destes dous tipos de cláusulas que no ano 2013 en 33 dos 189 convenios que teñen cláusulas sobre saúde laboral, estas refírense exclusivamente á roupa de traballo e/ou ás revisións médicas (16,92% dos asinados). Afectan estes convenios a 50.415 persoas traballadoras (20,77%) das que 24.420 son homes e 25.995 mulleres. Deles 12 son de sector (29,27% dos de sector asinados) e afectan a 49.460 persoas traballadoras (21,95%), das que 23.704 son homes e 25.756 mulleres, e 21 son de empresa (13,64% dos de empresa asinados) e afectan a 955 persoas traballadoras (5,49%), das que 716 son homes e 239 mulleres.

En 2014 dos 135 convenios con cláusulas sobre saúde laboral en 13 estas cláusulas fan referencia exclusivamente á roupa de traballo e/ou ás revisións médicas (9,03% dos asinados este ano). Afectan estes convenios a 3.173 persoas traballadoras (6,45%) das que 2.435 son homes e 738 mulleres e deles 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 2.800 persoas traballadoras (7,09%), das que 2.175 son homes e 625 mulleres, e 10 son de empresa (7,75% dos de empresa asinados) e afectan a 373 persoas traballadoras (3,83%), das que 260 son homes e 113 mulleres.

- Protección á maternidade.

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 65 convenios (33,33% dos asinados) que afectan a 91.382 persoas traballadoras (37,66%) das que 44.144 son homes e 47.238 mulleres.

Deles 13 son de sector (31,71% dos de sector asinados) e afectan a 83.702 persoas traballadoras (37,15%), das que 39.021 son homes e 44.681 mulleres, e 52 son de empresa (33,77% dos de empresa asinados) e afectan a 7.680 persoas traballadoras (44,16%), das que 5.123 son homes e 2.557 mulleres.

En 2014 son 48 os convenios con cláusulas ao respecto (33,33% dos asinados) e afectan a 24.715 persoas traballadoras (50,22%) das que 20.881 son homes e 3.834 mulleres.

Deles 3 son de sector (20% dos de sector asinados) e afectan a 21.000 persoas traballadoras (53,18%), das que 18.900 son homes e 2.100 mulleres, e 45 son de empresa (34,88% dos de empresa asinados) e afectan a 3.715 persoas traballadoras (38,18%), das que 1.981 son homes e 1.734 mulleres.

As cláusulas fan referencia, entre outras, as seguintes medidas:

A posibilidade de cambio de posto se existe risco para a traballadora ou para o seu fillo ou filla que se indica en 49 convenios en 2013, dos que 11 son de sector e 38 de empresa, e en 34 convenios en 2014, dos que 3 son de sector e 31 de empresa.

A posibilidade de cambio de quenda que se indica en 24 convenios en 2013, dos que 4 son de sector e 20 de empresa, e en 18 convenios en 2014, dos que 2 son de sector e 16 de empresa.

A prohibición do traballo nocturno que se indica en 21 convenios en 2013, dos que 3 son de sector e 18 de empresa, e en 18 convenios en 2014, dos que 1 é de sector e 17 de empresa.

A prohibición de traballo penoso ou perigoso que se indica en 43 convenios en 2013, dos que 10 son de sector e 33 de empresa, e en 36 convenios en 2014, dos que 3 son de sector e 33 de empresa.

Nalgúns convenios recóllese total ou parcialmente o sinalado no artigo 26 da Lei de prevención de riscos laborais sobre protección á maternidade e noutros remítese ao indicado na lexislación vixente.

Sinala un convenio de sector que a empresa definirá os postos de traballo con risco que afecten especificamente á muller embarazada ou o feto, para o que elaborará unha relación de postos alternativos a ocupar nestas circunstancias.

Un convenio de empresa establece un prazo de cinco meses no que o Comité de Seguridade e Saúde deberá elaborar e aprobar unha relación de todos os postos de traballo exentos de riscos para as mulleres que se encontren en situación de embarazo, parto recente ou lactación.

- Plan de prevención

No ano 2013 fan referencia a plans de prevención en materia de saúde e seguridade 13 convenios (6,67% dos asinados) que afectan a 6.690 persoas traballadoras (2,76%) das que 4.413 son homes e 2.277 mulleres.

Deles 2 son de sector (4,88% dos convenios de sector asinados) e afectan a 4.981 persoas traballadoras (2,21%), das que 3.021 son homes e 1.960 mulleres, e 11 son de empresa (7,14% dos de empresa asinados) e afectan a 1.709 persoas traballadoras (9,83%), das que 1.392 son homes e 317 mulleres.

En 2014 son 14 os convenios que fan referencia a plans de prevención en materia de saúde e seguridade (9,72% dos asinados) e afectan a 16.905 persoas traballadoras (34,35%) das que 15.732 son homes e 1.173 mulleres.

Deles 1 é de sector (6,67% dos de sector asinados) e afecta a 16.000 persoas traballadoras (40,52%), das que 15.200 son homes e 800 mulleres, e 13 son de empresa (10,08% dos de empresa asinados) e afectan a 905 persoas traballadoras (9,30%), das que 532 son homes e 373 mulleres.

As cláusulas refírense á obriga por parte da empresa de dotarse dun así como dos servizos necesarios para a súa realización.

Recollen varios convenios o sinalado no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, indicando que a prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta, a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que deberá incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos na empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Inclúen algúns convenios entre os riscos para a saúde os de índole psicosocial.

Indícase que ao planificar a prevención debe buscarse un conxunto coherente que integre nela a técnica, a organización do traballo, as condicións de traballo, as relacións sociais e a influencia dos factores ambientais no traballo.

- Comité de seguridade e saúde laboral

En 2013 fan referencia ao Comité de seguridade e saúde 75 convenios (38,46% dos asinados) que afectan a 46.023 persoas traballadoras (18,97%) das que 32.477 son homes e 13.546 mulleres.

Deles 7 son de sector (17,07% dos de sector asinados) e afectan a 34.655 persoas traballadoras (15,38%), das que 24.600 son homes e 10.055 mulleres, e 68 son de empresa (44,16% dos de empresa asinados) e afectan a 11.368 persoas traballadoras (65,37%), das que 7.877 son homes e 3.491 mulleres.

En 2014 son 54 os convenios que fan referencia ao Comité de seguridade e saúde (37,50% dos asinados) e afectan a 11.423 persoas traballadoras (23,21%) das que 8.912 son homes e 2.511 mulleres.

Deles 2 son de sector (13,33% dos de sector asinados) e afectan a 5.071 persoas traballadoras (12,84%), das que 4.362 son homes e 709 mulleres, e 52 son de empresa (40,31% dos de empresa asinados) e afectan a 6.352 persoas traballadoras (65,28%), das que 4.550 son homes e 1.802 mulleres.

As cláusulas refírense á súa composición, periodicidade das reunións, o crédito horario e as súas competencias e facultades.

No que respecta ás competencias e facultades, xeralmente as cláusulas remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado na lexislación vixente (artigo 39 da LPRL).

Recollen algúns convenios o regulamento interno de funcionamento do Comité de seguridade e saúde.

Establece un convenio de sector que as empresas que teñan máis de 50 persoas traballadoras, aos tres meses da sinatura do convenio, terán que ter pactado un regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde que, como mínimo, constará dos seguintes puntos:

- *Obxecto*
- *Organización*
- *Comité de Seguridade e saúde (artigo 38 L.P.R.L.)*
- *Competencias e facultades do Comité de Seguridade e Saúde.*
- *Reunións*
- *Convocatorias de Reunións*
- *Redacción de actas de Reunións*
- *Difusión*
- *Informar e presentar polos responsables técnicos de prevención da empresa*
- *Participantes*

- Delegados/as de prevención

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 60 convenios (30,77% dos asinados) que afectan a 72.430 persoas traballadoras (29,85%) das que 49.660 son homes e 22.770 mulleres.

Deles 8 son de sector (19,51% dos de sector asinados) e afectan a 65.545 persoas traballadoras (29,09%), das que 45.422 son homes e 20.123 mulleres, e 52 son de empresa (33,77% dos de empresa asinados) e afectan a 6.885 persoas traballadoras (39,59%), das que 4.238 son homes e 2.647 mulleres.

En 2014 son 46 os convenios con cláusulas ao respecto (31,94% dos asinados) e afectan a 10.534 persoas traballadoras (21,40%) das que 8.100 son homes e 2.434 mulleres.

Deles 2 son de sector (13,33% dos de sector asinados) e afectan a 5.071 persoas traballadoras (12,84%), das que 4.362 son homes e 709 mulleres, e 44 son de empresa (34,11% dos de empresa asinados) e afectan a 5.463 persoas traballadoras (56,15%), das que 3.738 son homes e 1.725 mulleres.

Moitas destas cláusulas remiten ou recollen, total ou parcialmente, o indicado ao respecto na Lei de prevención de riscos laborais (artigos 35, 36 e 37).

Regúlase nestas cláusulas a designación, o crédito de horas, a formación e as garantías necesarias para a realización das actividades que lles son propias.

- Outras cláusulas

- Cláusulas *xerais* en materia de saúde laboral.

Recollen estas cláusulas compromisos de cumprir estritamente a normativa en materia de seguridade e hixiene e prevención de riscos laborais.

Indícase que as técnicas preventivas deberán tender á eliminación do risco para a saúde da persoa traballadora desde a súa propia xeración, tanto no que afecta ás operacións a realizar como nos elementos empregados no proceso.

A formulación destas accións e medidas deberán estar encamiñadas a lograr unha mellora da calidade de vida e ambiente de traballo, a desenvolver obxectivos de promoción e defensa da saúde, mellora das condicións de traballo, potenciación das técnicas preventivas como medio para a eliminación de riscos na súa orixe e a participación sindical nos centros de traballo, e a dotarse dunha planificación preventiva de acordo coa Lei de prevención de riscos laborais.

- Cláusulas sobre *dereitos e deberes* en materia de saúde laboral

Sínálase nestas cláusulas que, de conformidade co disposto na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, a persoa traballadora ten dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

Para dar cumprimento ao dereito a unha protección eficaz a empresa estará obrigada a garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

A devandita obriga materializarse a través da adopción, por parte da empresa, de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguranza e a saúde dos traballadores e traballadoras en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores e traballadoras, actuación en caso de emerxencia e de risco grave e inminente e vixilancia da saúde.

En cumprimento do deber de protección, a empresa deberá garantir a seguridade e a saúde do persoal ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Igualmente a empresa está obrigada a garantir ao persoal unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva e, dunha forma particular, cando se produzan cambios de actividades e tarefas ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos ou nos postos de traballo.

En relación coa prestación de traballo, o empresario/a está obrigado a facilitarlles ás persoas traballadoras cantos medios sexan precisos para a adecuada realización do seu labor, así como os medios de protección necesarios para os efectos da súa seguridade e saúde no traballo e velar polo seu uso efectivo.

Pola súa banda, as persoas traballadoras deberán observar as normas de prevención de riscos laborais así como utilizar os medios de protección que a empresa lles facilite.

➤ Cláusulas sobre **formación** nesta materia.

Refírense estas cláusulas, que recollen moito do sinalado na Lei de prevención de riscos laborais (LPRL), tanto á formación das persoas traballadoras en xeral como á dos delegados/as de prevención.

Considérase á formación en materia de saúde laboral xunto co adestramento profesional como elementos esenciais para a mellora das condicións de traballo e seguridade, significando a súa importancia como elemento de prevención e comprométense así mesmo a realizala de forma eficiente.

Recollen varios convenios o sinalado no artigo 19 da LPRL que indica que en cumprimento do deber de protección, o empresario/a deberá garantir que cada persoa traballadora reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios en funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios en equipos de traballo.

Engade que a formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada persoa traballadora, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirse periodicamente, se fose necesario, debendo impartirse, sempre que sexa posible, dentro da xornada de traballo ou, no seu defecto, noutras horas pero co desconto naquela do tempo investido nesta. A formación poderase impartir pola empresa mediante medios propios ou concertándoa con servizos alleos, e o seu custo non poderá recaer en ningún caso sobre as persoas traballadoras.

Faise referencia nalgúns convenios ao contido básico da formación, á duración mínima e á periodicidade coa que debe impartirse.

Respecto da formación para os delegados/as de prevención as cláusulas refírense a que debe atender aos aspectos que resulten necesarios para o mellor desenvolvemento do desempeño das súas funcións e ao deber de facilitarlle as horas necesarias para ela.

➤ *Protección a persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos*

Ademais das cláusulas sobre protección da maternidade sinálase, de conformidade co artigo 25 da LPRL, que se garantirá de maneira específica a protección das persoas traballadoras que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídas aquelas que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles a riscos derivados do traballo. Para tal fin, deberá ter en conta os ditos aspectos nas avaliacións dos riscos e, en función destas, adoptará as medidas preventivas e de protección necesarias.

Indícase que nas avaliacións de riscos incluírase a protección dos traballadores e traballadoras sensibles a determinados riscos, traballadoras embarazadas ou en período de lactación, tendo en conta as diminucións e limitacións da persoa traballadora e os postos de traballo compatibles.

Exclúese para certos traballos ao persoal maior dunha certa idade, ou indícase a súa adscrición voluntaria a eles ou resérvanse postos de menor esforzo.

➤ Cláusulas sobre a creación de **Comisións paritarias sectoriais**

Refírense as cláusulas á súa composición e ás súas competencias e facultades, sinalando respecto destas, entre outras, as seguintes:

- O estudo das consecuencias que no ámbito sectorial supón a aplicación da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como o dos temas relativos a riscos laborais e prevención que afecten as diferentes actividades do sector con carácter xeral.
- Coordinar a información en materia de sinistralidade no sector, promover melloras nesta materia e fomentar campañas de prevención.
- Coordinar e desenvolver programas formativos tanto para responsables de empresas como delegados/as e persoas traballadoras.
- Promover cantas medidas consideren tendentes para mellorar a situación do sector nesta materia, tendo como obxectivo o estender a preocupación pola seguridade a todos os niveis, fomentando campañas de sensibilización, etc.
- Acometer as xestións necesarias para obter os medios que lle permita desenvolver as súas funcións coa eficacia adecuada.
- Vixiar o desenvolvemento e cumprimento do sinalado no convenio.
- Asesoramento técnico á empresa e á representación do persoal.

➤ *Risco grave e inminente.*

Nalgúns casos as cláusulas só fan referencia á posibilidade de paralización da actividade neste suposto e noutros remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

➤ *Subcontratación e empresas auxiliares*

Indícase que nos casos de subcontratación a empresa principal deberá establecer baixo a súa responsabilidade, nos centros de traballo nos que presten servizos persoas traballadoras de empresas subcontratistas, os mecanismos de coordinación adecuados para a prevención de riscos, información sobre estes e, en xeral, en todo o que se relacione coas condicións de seguridade e saúde das persoas traballadoras, así como hixiénico - sanitarias.

Na regulación que fai un convenio de sector ao respecto indica o seguinte:

Empresa principal e subcontratante.

Todas as empresas, dúas ou máis, que desenvolvan actividades mediante os seus traballadores e traballadoras nun mesmo centro de traballo teñen a obriga de cooperar e coordinar a súa acción preventiva fronte aos riscos laborais.

Para tal fin, estableceranse os recursos ou medios de coordinación que sexan necesarios, así como a información que sobre estes debe facilitarse aos seus respectivos traballadores e traballadoras. Esta obriga de información é extensiva ás operacións contratadas nos supostos en que os traballadores e traballadoras da empresa contratista ou subcontratista, aínda que non preste servizos no centro da empresa principal, utilice a maquinaria, equipamentos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados por esta última.

Corresponde ao empresario/a titular do centro de traballo a obriga de informar e de instruír os empresarios/as que desenvolvan as súas actividades no seu centro sobre os riscos detectados neste e sobre as medidas de protección e prevención correspondentes, así como sobre as medidas de emerxencia que se aplicarán, para o seu traslado aos traballadores e traballadoras afectados.

A empresa principal ten a obriga de vixiar que os contratistas ou subcontratistas cumpran a normativa sobre prevención de riscos laborais sempre que a contrata ou subcontrata se refira á realización de obras ou servizos que correspondan á propia actividade da principal e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo.

Os deberes de cooperación, de información e instrución sinalados aplícanse aos traballadores e ás traballadoras autónomos que desenvolvan actividades nos devanditos centros de traballo.

Realizarase unha planificación preventiva coas empresas contratistas, así como a elaboración dun manual de prevención de empresas contratistas, onde figure:

As exixencias e responsabilidades da contratante e contratista en materia preventiva.

Información, consulta e participación dos delegados e delegadas de prevención da empresa principal ou titular ou do CES sobre contratación de obras e servizos, a cooperación dos delegados e delegadas de prevención na aplicación e fomento das medidas de prevención e protección adoptadas.

Que a información facilitada sexa por escrito.

Recoller o tipo de información que deben facilitar onde se inclúan as estatísticas non só de accidentes de traballo senón que inclúan as baixas por ITCC.

Dereitos da representación dos traballadores e das traballadoras.

O empresario/a principal elaborará e entregará a documentación seguinte:

Avaliación de riscos das empresas subcontratadas na empresa principal.

Plan de prevención de actividades empresariais.

Avaliación de riscos.

Manual de prevención de subcontratar.

Equipos de seguranza (epis).

Credencial da información e formación.

Permisos de entrada e traballo.

Notificación e comunicacións de aa.tt.

Medidas de emerxencia.

Información a traballadores e traballadoras.

Exames de saúde.

Avaliación de riscos.

O empresario/a deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguranza e saúde dos traballadores e das traballadoras, tendo en conta, con carácter xeral, a natureza da actividade, as características dos postos de traballo existentes e dos traballadores e traballadoras que deban desempeñalos. A avaliación será actualizada cando cambien as condicións de traballo e, en todo caso, someterase a consideración e revisarse, se for necesario, con ocasión dos danos para a saúde que se produciren.

Se os resultados da avaliación prevista puxeren de manifesto situacións de risco, a empresa realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar tales riscos.

As devanditas actividades serán obxecto de planificación polo empresario/a, incluíndo para cada actividade preventiva o prazo para levala a cabo, a designación de responsables e os recursos humanos e materiais necesarios para a súa execución.

➤ *Medidas específicas*

Existen cláusulas que indican medidas específicas para casos concretos como o traballo con pantallas, carga e descarga, cámaras frigoríficas, exposición a axentes químicos, rotulación e manipulación de determinados produtos, etc.

Faise referencia á potenciación das accións xerais de información e sensibilización do persoal en materia de prevención de riscos laborais, mediante apoios gráficos (sinais, pósteres, etc.), escritos (manuais, normas, catálogos, revista de comunicación interna, etc.) e audiovisuais.

Establécese o procedemento de actuación para a protección fronte á exposición a determinados riscos incluíndo campañas de vacinación.

Indícase a obriga de contar cun plan de emerxencia e evacuación actualizado.

Sínálase que se velará especialmente por unha rotación naqueles postos de traballo que, segundo as avaliacións de postos de traballo, supoñan esforzos continuos e repetitivos, combinando ditas rotacións co establecemento de ritmos de traballo adecuados.

Faise referencia á necesidade de potenciar o desenvolvemento de ergonomía na empresa co fin de adecuar os postos de traballo ás características das persoas traballadoras.

Outras cláusulas recollen indicacións respecto do cumprimento por parte da empresa das normas de seguridade e hixiene no traballo en materia de aseos, vestiarios, duchas, etc. e á existencia de caixas de primeiros auxilios.

Recolle un convenio de empresa asinado en 2014 un código de conduta hixiénico – sanitario.

Inclúen algúns convenios respecto da drogodependencia cláusulas nas que se sinala o seguinte:

O consumo de drogas legais e ilegais implica problemas de saúde, con repercusións individuais e colectivas. Enténdese, polo tanto, conveniente incluír no convenio un plan integral reinsertivo, asistencial e non sancionador.

Reinsertivo: O obxecto fundamental de toda acción é devolver a saúde á persoa e facilitar a reincorporación no seu posto de traballo.

Asistencial: Facilitarase o tempo necesario, non retribuído, para seguir un tratamento a toda persoa que o solicite voluntariamente.

Non sancionador: O persoal que se acolla a un programa de tratamento non poderá ser obxecto de sanción ou despedimento, asegurando a súa reincorporación ao seu posto de traballo.

➤ *Servizos de prevención*

En 2013 recollen cláusulas sobre eles 26 convenios (13,33% dos asinados) que afectan a 27.818 persoas traballadoras (11,46%) das que 20.826 son homes e 6.992 mulleres.

Deles 1 é de sector (2,44% dos de sector asinados este ano) e afecta a 24.000 persoas traballadoras (10,65%), das que 18.000 son homes e 6.000 mulleres, e 25 son de empresa (16,23% dos de empresa asinados) e afectan a 3.818 persoas traballadoras (21,96%), das que 2.826 son homes e 992 mulleres.

En 2014 son 23 os convenios con cláusulas ao respecto (15,97% dos asinados) e afectan a 2.801 persoas traballadoras (5,69%) das que 1.999 son homes e 802 mulleres.

Son todos de empresa.

As cláusulas fan referencia á súa existencia e/ou remiten ao sinalado ao respecto na lexislación vixente.

12. FORMACIÓN PROFESIONAL

No ano 2013 existen cláusulas sobre formación profesional en 126 convenios (64,62% do total dos asinados neste ano) que afectan a 180.617 persoas traballadoras (74,43%) das que 118.892 son homes e 61.725 mulleres.

Deles 21 son de sector (51,22% dos de sector asinados) e afectan a 165.401 persoas traballadoras (73,42%), das que 108.795 son homes e 56.606 mulleres, e 105 son de empresa (68,18% dos de empresa asinados) e afectan a 15.216 persoas traballadoras (87,50%), das que 10.097 son homes e 5.119 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre formación profesional. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	8	80,00%	4	100,00%	12	85,71%
	Núm. Traballad.	3.054	98,48%	8.406	100,00%	11.460	99,59%
	Homes	1.747	56,34%	4.391	52,24%	6.138	53,34%
	Mulleres	1.307	42,15%	4.015	47,76%	5.322	46,25%
A Coruña							
	Núm. Convenios	28	62,22%	6	54,55%	34	60,71%
	Núm. Traballad	2.643	70,80%	76.820	75,56%	79.463	75,40%
	Homes	1.450	38,84%	46.316	45,56%	47.766	45,32%
	Mulleres	1.193	31,96%	30.504	30,01%	31.697	30,07%
Lugo							
	Núm. Convenios	12	70,59%	4	100,00%	16	76,19%
	Núm. Traballad	1.526	88,00%	6.460	100,00%	7.986	97,46%
	Homes	1.256	72,43%	3.394	52,54%	4.650	56,75%
	Mulleres	270	15,57%	3.066	47,46%	3.336	40,71%
Ourense							
	Núm. Convenios	7	77,78%	3	50,00%	10	66,67%
	Núm. Traballad	1.824	96,35%	14.615	79,75%	16.439	81,31%
	Homes	1.446	76,39%	13.294	72,55%	14.740	72,91%
	Mulleres	378	19,97%	1.321	7,21%	1.699	8,40%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	50	68,49%	4	25,00%	54	60,67%
	Núm. Traballad	6.169	89,03%	59.100	65,35%	65.269	67,04%
	Homes	4.198	60,59%	41.400	45,78%	45.598	46,83%
	Mulleres	1.971	28,45%	17.700	19,57%	19.671	20,20%
Galicia							
	Núm. Convenios	105	68,18%	21	51,22%	126	64,62%
	Núm. Traballad	15.216	87,50%	165.401	73,42%	180.617	74,43%
	Homes	10.097	58,06%	108.795	48,29%	118.892	48,99%
	Mulleres	5.119	29,44%	56.606	25,13%	61.725	25,44%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 98 os convenios con cláusulas sobre formación profesional (68,06% dos asinados) e afectan a 45.211 persoas traballadoras (91,86%) das que 36.977 son homes e 8.234 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 37.279 persoas traballadoras (94,41%), das que 31.740 son homes e 5.539 mulleres, e 87 son de empresa (67,44% dos de empresa asinados) e afectan a 7.932 persoas traballadoras (81,52%), das que 5.237 son homes e 2.695 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre formación profesional. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	424	95,93%	2.400	100,00%	2.824	99,37%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	105	23,76%	500	20,83%	605	21,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	26	68,42%	4	100,00%	30	71,43%
	Núm. Traballad	1.614	77,93%	23.449	100,00%	25.063	98,21%
	Homes	948	45,77%	21.614	92,17%	22.562	88,41%
	Mulleres	666	32,16%	1.835	7,83%	2.501	9,80%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	60,00%	2	66,67%	11	61,11%
	Núm. Traballad	404	43,21%	3.130	80,67%	3.534	73,40%
	Homes	281	30,05%	2.226	57,37%	2.507	52,07%
	Mulleres	123	13,16%	904	23,30%	1.027	21,33%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	50,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	424	97,92%	600	75,00%	1.024	83,05%
	Homes	357	82,45%	400	50,00%	757	61,39%
	Mulleres	67	15,47%	200	25,00%	267	21,65%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	46	67,65%	3	60,00%	49	67,12%
	Núm. Traballad	5.066	86,61%	7.700	85,95%	12.766	86,21%
	Homes	3.332	56,97%	5.600	62,51%	8.932	60,32%
	Mulleres	1.734	29,65%	2.100	23,44%	3.834	25,89%
Galicia							
	Núm. Convenios	87	67,44%	11	73,33%	98	68,06%
	Núm. Traballad	7.932	81,52%	37.279	94,41%	45.211	91,86%
	Homes	5.237	53,82%	31.740	80,38%	36.977	75,13%
	Mulleres	2.695	27,70%	5.539	14,03%	8.234	16,73%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Respecto do tipo de cláusulas que recollen, ademais das que remiten ao indicado na lexislación vixente nesta materia, pódese sinalar o seguinte:

➤ Cláusulas xerais sobre formación.

Sinálase que a formación profesional en todas as súas modalidades (inicial ou continua) e niveis, debe ser considerada como un instrumento máis de significativa validez, que axude a lograr a necesaria conexión entre as cualificacións do persoal e os requirimentos do mercado de traballo, e nunha perspectiva máis ampla, ser un elemento dinamizador que acompañe o desenvolvemento da empresa a longo prazo, permita a elaboración de produtos e servizos de maior calidade que favorezan a súa competitividade e faga posible a promoción social integral da persoa traballadora promovendo a diversificación e afondamento dos seus coñecementos e habilidades de modo permanente.

Para estes efectos, as partes asinantes xulgan conveniente:

- Realizar, por si ou por medio de entidades especializadas, estudos de carácter prospectivo respecto das cualificacións futuras e necesidades de man de obra no sector.
- Desenvolver e promover a aplicación efectiva do artigo 22 do Estatuto dos traballadores, así como dos convenios internacionais subscritos por España, referentes ao dereito a formación continua, facilitando o tempo necesario para a formación.
- Propor e executar accións formativas nas súas diversas modalidades e niveis, xa sexa con programas que poidan impartirse nos centros de formación de empresa, ou os que no futuro poidan constituírse, como a través dos programas nacionais ou internacionais desenvolvidos por organismos competentes.
- Colaborar, segundo as propias posibilidades ou mediante entidades especializadas, no diagnóstico e deseño de programas puntuais de formación nas empresas, tendo en conta as especificacións e necesidades concretas, así como as características xenéricas ou individuais das persoas traballadoras afectadas.
- Coordinar e seguir o desenvolvemento de formacións en prácticas de alumnos e alumnas que sexan recibidos polas empresas no marco dos acordos asinados no ámbito sectorial ou por empresas.
- Avaliar de xeito continuado todas as accións emprendidas, co fin de revisar as orientacións, promover novas actividades e actualizar a definición dos obxectivos da formación profesional.

Fan referencia varios convenios a que ás persoas traballadoras que participen en cursos de formación continua teránselles en conta estes para efectos de promoción profesional dentro da empresa.

Indícase que a adaptación permanente ás evolucións, tanto tecnolóxicas como organizativas son factores claves para a consecución dos obxectivos fixados.

Considérase a formación como unha necesidade e unha obriga, constituíndo un factor básico para incrementar a motivación e a integración do persoal e un mecanismo eficaz e indispensable para articular a mobilidade e a promoción.

Recollen algúns convenios cláusulas nas que se garanta que se respectará o principio de igualdade de oportunidades e a non discriminación no acceso á formación.

Tamén se regula nalgúns convenios a compensación para quen participe en cursos de formación, xeralmente para cando son fóra do horario de traballo, fixándose nuns casos unha contía por hora ou compensando os gastos e desprazamento e noutros establecendo un tempo de descanso.

Nalgúns casos establécese a compensación só para os cursos de realización obrigatoria ou propostos pola empresa.

Faise referencia a que a formación profesional na empresa orientarase cara aos seguintes obxectivos:

Adaptar o/a titular ao posto de traballo e ás súas modificacións.

Actualizar e pór ao día os coñecementos profesionais exixibles no posto de traballo que se desempeñe.

Especializarse, nos seus diversos graos, nalgún sector ou materia do propio traballo.

Facilitar e promover a adquisición por parte do persoal de títulos académicos e profesionais.

A reconversión profesional.

Coñecer idiomas nacionais e estranxeiros.

Adaptar a mentalidade do persoal e das direccións a unha dirección participativa.

Ampliar os coñecementos do persoal que permitan prosperar e aspirar a promocións profesionais e adquisición dos coñecementos correspondentes a outros postos de traballo.

Formar teórica e practicamente, de maneira suficiente e axeitada, en materia preventiva cando se produzan cambios nas funcións que se desempeñan ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo e nas condicións que establece o artigo 19 da Lei de prevención de riscos laborais.

➤ Constitución de comisións paritarias.

En 2013 teñen cláusulas respecto destas comisións de formación 15 convenios (7,69% dos asinados) que afectan a 29.279 persoas traballadoras (12,07%) das que 23.545 son homes e 5.734 mulleres.

Deles 5 son de sector (12,20% dos de sector asinados) e afectan a 26.985 persoas traballadoras (11,98%), das que 21.714 son homes e 5.271 mulleres, e 10 son de empresa (6,49% dos de empresa asinados) e afectan a 2.294 persoas traballadoras (13,19%), das que 1.831 son homes e 463 mulleres.

En 2014 son 9 os convenios con cláusulas ao respecto (6,25% dos asinados) e afectan a 6.424 persoas traballadoras (13,05%) das que 4.806 son homes e 1.618 mulleres.

Deles 3 son de sector (20% dos convenios de sector asinados) e afectan a 4.830 persoas traballadoras (12,23%), das que 3.426 son homes e 1.404 mulleres, e 6 son de empresa (4,65% dos de empresa asinados) e afectan a 1.594 persoas traballadoras (16,38%), das que 1.380 son homes e 214 mulleres.

As cláusulas refírense sobre todo á súa composición e ás funcións que se lle atribúen.

➤ Permisos para asistencia á formación.

Refírense estas cláusulas aos permisos con reserva do posto de traballo para o persoal que curse estudos ou asista a cursos de formación ou perfeccionamento, así como á posibilidade de elección de quenda e/ou adaptación da xornada.

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 61 convenios (31,28% dos asinados) que afectan a 112.115 persoas traballadoras (46,20%) das que 84.732 son homes e 27.383 mulleres.

Deles 11 son de sector (26,83% dos de sector asinados) e afectan a 103.020 persoas traballadoras (45,73%), das que 78.766 son homes e 24.254 mulleres, e 50 son de empresa (32,47% dos de empresa asinados) e afectan a 9.095 persoas traballadoras (52,30%), das que 5.966 son homes e 3.129 mulleres.

En 2014 son 54 os convenios con cláusulas ao respecto (37,50% dos asinados) e afectan a 28.650 persoas traballadoras (58,21%) das que 24.775 son homes e 3.875 mulleres.

Deles 4 son de sector (26,67% dos de sector asinados) e afectan a 24.400 persoas traballadoras (61,79%), das que 22.000 son homes e 2.400 mulleres, e 50 son de empresa (38,76% dos de empresa asinados) e afectan a 4.250 persoas traballadoras (43,68%), das que 2.775 son homes e 1.475 mulleres.

➤ Permisos para acudir a exames.

En 2013 fan referencia a estes permisos 75 convenios (38,46% dos asinados) que afectan a 93.488 persoas traballadoras (38,52%) das que 74.987 son homes e 18.501 mulleres.

Deles 12 son de sector (29,27% dos de sector asinados) e afectan a 84.191 persoas traballadoras (37,37%), das que 69.051 son homes e 15.140 mulleres, e 63 son de empresa (40,91% dos de empresa asinados) e afectan a 9.297 persoas traballadoras (53,46%), das que 5.936 son homes e 3.361 mulleres.

En 2014 son 61 os convenios con cláusulas ao respecto (42,36% dos asinados) e afectan a 13.558 persoas traballadoras (27,55%) das que 9.390 son homes e 4.168 mulleres.

Deles 4 son de sector (26,67% dos de sector asinados) e afectan a 8.600 persoas traballadoras (21,78%), das que 6.400 son homes e 2.200 mulleres, e 57 son de empresa (44,19% dos de empresa asinados) e afectan a 4.958 persoas traballadoras (50,96%), das que 2.990 son homes e 1.968 mulleres.

Moitos destes permisos veñen establecidos nos artigos sobre licenzas e permisos.

➤ Plan de formación.

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 32 convenios (16,41% dos asinados) que afectan a 10.505 persoas traballadoras (4,33%) das que 5.849 son homes e 4.656 mulleres.

Deles 2 son de sector (4,88% dos de sector asinados) e afectan a 6.336 persoas traballadoras (2,81%), das que 3.139 son homes e 3.197 mulleres, e 30 son de empresa (19,48% dos de empresa asinados) e afectan a 4.169 persoas traballadoras (23,97%), das que 2.710 son homes e 1.459 mulleres.

En 2014 son 29 os convenios con cláusulas ao respecto (20,14% dos asinados) e afectan a 3.658 persoas traballadoras (7,43%) das que 2.779 son homes e 879 mulleres.

Son todos de empresa.

Refírense as cláusulas sobre todo ao contido mínimo e obxectivos básicos e nalgúns casos á financiación.

Respecto do contido mínimo indícase, entre outros, o seguinte:

- Obxectivos e descrición das accións a desenvolver.
- Ámbito de aplicación do plan e unidades ás que afecta.
- Colectivo afectado e número de participantes.
- Calendario previsto de execución e lugares de impartición.
- Custo estimado das distintas actividades formativas.
- Criterios de selección que garantirán o principio de igualdade.
- Modalidade de xestión das actividades formativas.
- Criterios de avaliación.
- Responsable da impartición.

Sinálase a necesidade de ter en conta á hora de elaborar os plans de formación a conciliación da vida laboral e familiar.

Tamén se fai referencia á publicidade que se lle debe dar aos plans de formación.

Remiten nalgún caso ao sinalado ao respecto en convenios de ámbito superior.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre formación profesional.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre formación profesional
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	2	50,0	2	50,0	2	66,7	5	50,0	2	22,2	13	43,3
2010	3	75,0	4	66,7	2	66,7	5	62,5	3	33,3	17	56,7
2011	3	75,0	2	66,7	6	85,7	6	66,7	2	66,7	19	73,1
2012	4	100,0	2	100,0	-	-	3	75,0	4	100,0	13	92,9
2013	4	100,0	6	54,6	4	100,0	3	50,0	4	25,0	21	51,2
2014	1	100,0	4	100,0	2	66,7	1	50,0	3	60,0	11	73,3
Empresa												
2009	9	100,0	24	63,2	5	62,5	10	100,0	40	60,6	88	67,2
2010	6	85,7	22	73,3	10	62,5	6	60,0	34	63,0	78	66,7
2011	7	100,0	22	73,3	2	25,0	5	50,0	29	76,3	65	69,9
2012	4	80,0	18	62,1	4	40,0	3	100,0	37	66,1	66	64,1
2013	8	80,0	28	62,2	12	70,6	7	77,8	50	68,5	105	68,2
2014	3	75,0	26	68,4	9	60,0	3	75,0	46	67,7	87	67,4
Total 2014	4	80,0	30	71,4	11	61,1	4	66,7	49	67,1	98	68,1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

13. MELLORAS SOCIAIS

En 2013 conteñen cláusulas deste tipo 185 convenios (94,87% dos asinados) que afectan a 242.063 persoas traballadoras (99,75%) das que 149.286 son homes e 92.777 mulleres.

Deles 40 son de sector (97,56% dos de sector asinados) e afectan a 224.902 persoas traballadoras (99,83%), das que 137.774 son homes e 87.128 mulleres, e 145 son de empresa (94,16% dos de empresa asinados) e afectan a 17.161 persoas traballadoras (98,68%), das que 11.512 son homes e 5.649 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre melloras sociais. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	9	90,00%	4	100,00%	13	92,86%
	Núm. Traballad.	3.062	98,74%	8.406	100,00%	11.468	99,66%
	Homes	1.749	56,40%	4.391	52,24%	6.140	53,36%
	Mulleres	1.313	42,34%	4.015	47,76%	5.328	46,30%
A Coruña							
	Núm. Convenios	39	86,67%	11	100,00%	50	89,29%
	Núm. Traballad	3.597	96,36%	101.661	100,00%	105.258	99,87%
	Homes	2.106	56,42%	58.452	57,50%	60.558	57,46%
	Mulleres	1.491	39,94%	43.209	42,50%	44.700	42,41%
Lugo							
	Núm. Convenios	17	100,00%	4	100,00%	21	100,00%
	Núm. Traballad	1.734	100,00%	6.460	100,00%	8.194	100,00%
	Homes	1.443	83,22%	3.394	52,54%	4.837	59,03%
	Mulleres	291	16,78%	3.066	47,46%	3.357	40,97%
Ourense							
	Núm. Convenios	8	88,89%	6	100,00%	14	93,33%
	Núm. Traballad	1.882	99,42%	18.325	100,00%	20.207	99,95%
	Homes	1.494	78,92%	15.167	82,77%	16.661	82,41%
	Mulleres	388	20,50%	3.158	17,23%	3.546	17,54%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	72	98,63%	15	93,75%	87	97,75%
	Núm. Traballad	6.886	99,38%	90.050	99,58%	96.936	99,57%
	Homes	4.720	68,12%	56.370	62,34%	61.090	62,75%
	Mulleres	2.166	31,26%	33.680	37,24%	35.846	36,82%
Galicia							
	Núm. Convenios	145	94,16%	40	97,56%	185	94,87%
	Núm. Traballad	17.161	98,68%	224.902	99,83%	242.063	99,75%
	Homes	11.512	66,20%	137.774	61,16%	149.286	61,52%
	Mulleres	5.649	32,48%	87.128	38,68%	92.777	38,23%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 139 os convenios con cláusulas deste tipo (96,53% dos asinados) e afectan a 49.123 persoas traballadoras (99,81%) das que 39.672 son homes e 9.451 mulleres.

Deles 15 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 124 son de empresa (96,12% dos de empresa asinados) e afectan a 9.635 persoas traballadoras (99,02%), das que 6.594 son homes e 3.041 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre melloras sociais. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	50,00%	1	100,00%	3	60,00%
	Núm. Traballad.	382	86,43%	2.400	100,00%	2.782	97,89%
	Homes	305	69,00%	1.900	79,17%	2.205	77,59%
	Mulleres	77	17,42%	500	20,83%	577	20,30%
A Coruña							
	Núm. Convenios	36	94,74%	4	100,00%	40	95,24%
	Núm. Traballad	2.050	98,99%	23.449	100,00%	25.499	99,92%
	Homes	1.346	64,99%	21.614	92,17%	22.960	89,97%
	Mulleres	704	33,99%	1.835	7,83%	2.539	9,95%
Lugo							
	Núm. Convenios	15	100,00%	3	100,00%	18	100,00%
	Núm. Traballad	935	100,00%	3.880	100,00%	4.815	100,00%
	Homes	740	79,14%	2.476	63,81%	3.216	66,79%
	Mulleres	195	20,86%	1.404	36,19%	1.599	33,21%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	2	100,00%	6	100,00%
	Núm. Traballad	433	100,00%	800	100,00%	1.233	100,00%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	67	15,47%	325	40,63%	392	31,79%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	67	98,53%	5	100,00%	72	98,63%
	Núm. Traballad	5.835	99,76%	8.959	100,00%	14.794	99,91%
	Homes	3.837	65,60%	6.613	73,81%	10.450	70,57%
	Mulleres	1.998	34,16%	2.346	26,19%	4.344	29,34%
Galicia							
	Núm. Convenios	124	96,12%	15	100,00%	139	96,53%
	Núm. Traballad	9.635	99,02%	39.488	100,00%	49.123	99,81%
	Homes	6.594	67,77%	33.078	83,77%	39.672	80,60%
	Mulleres	3.041	31,25%	6.410	16,23%	9.451	19,20%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas deste tipo.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre melloras sociais
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	4	100,0	4	100,0	3	100,0	10	100,0	9	100,0	30	100,0
2010	4	100,0	6	100,0	3	100,0	8	100,0	8	88,9	29	96,7
2011	4	100,0	3	100,0	7	100,0	9	100,0	3	100,0	26	100,0
2012	4	100,0	2	100,0	-	-	4	100,0	4	100,0	14	100,0
2013	4	100,0	11	100,0	4	100,0	6	100,0	15	93,8	40	97,6
2014	1	100,0	4	100,0	3	100,0	2	100,0	5	100,0	15	100,0
Empresa												
2009	9	100,0	35	92,1	8	100,0	10	100,0	66	100,0	128	97,7
2010	7	100,0	30	100,0	16	100,0	10	100,0	53	98,2	116	99,2
2011	7	100,0	29	96,7	8	100,0	9	90,0	37	97,4	90	96,8
2012	4	80,0	29	100,0	10	100,0	3	100,0	56	100,0	102	99,0
2013	9	90,0	39	86,7	17	100,0	8	88,9	72	98,6	145	94,2
2014	2	50,0	36	94,7	15	100,0	4	100,0	67	98,5	124	96,1
Total 2014	3	60,0	40	95,2	18	100,0	6	100,0	72	98,6	139	96,5

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Sinalan estas cláusulas xeralmente o obxecto da axuda e os requisitos para ter dereito a ela.

Entre os tipos de cláusulas que recollen pódense destacar os seguintes:

- Complementos ás prestacións da Seguridade Social nos casos de incapacidade temporal.

Os máis frecuentes son os complementos nos casos de accidente de traballo e enfermidade profesional.

En 2013 establécenos 170 convenios (87,18% dos asinados) que afectan a 237.068 persoas traballadoras (97,69%) das que 145.545 son homes e 91.523 mulleres.

Deles 38 son de sector (92,68% dos de sector asinados) e afectan a 222.452 persoas traballadoras (98,74%), das que 135.484 son homes e 86.968 mulleres, e 132 son de empresa (85,71% dos de empresa asinados) e afectan a 14.616 persoas traballadoras (84,05%), das que 10.061 son homes e 4.555 mulleres.

No caso de enfermidade común veñen recollidos en 141 convenios (72,31% dos asinados en 2013) que afectan a 137.923 persoas traballadoras (56,84%) das que 65.144 son homes e 72.779 mulleres.

Deles 28 son de sector (68,29% dos de sector asinados) e afectan a 124.982 persoas traballadoras (55,48%), das que 56.162 son homes e 68.820 mulleres, e 113 son de empresa (73,38% dos de empresa asinados) e afectan a 12.941 persoas traballadoras (74,42%), das que 8.982 son homes e 3.959 mulleres.

Indican un complemento no caso de hospitalización 97 convenios (49,74% dos asinados en 2013) que afectan a 153.005 persoas traballadoras (63,05%) das que 108.984 son homes e 44.021 mulleres.

Deles 21 son de sector (51,22% dos de sector asinados) e afectan a 143.981 persoas traballadoras (63,91%), das que 102.869 son homes e 41.112 mulleres, e 76 son de empresa (49,35% dos de empresa asinados) e afectan a 9.024 persoas traballadoras (51,89%), das que 6.115 son homes e 2.909 mulleres.

Na maioría dos casos o complemento é superior no caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional. En 50 convenios (12 de sector e 38 de empresa) que afectan a 57.823 persoas traballadoras (21.389 homes e 36.434 mulleres) non existe diferenza.

En 2014 establecen complementos nos casos de accidente de traballo e enfermidade profesional 130 convenios (90,28% dos asinados) que afectan a 48.787 persoas traballadoras (99,12%) das que 39.463 son homes e 9.324 mulleres.

Deles 15 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 115 son de empresa (89,15% dos de empresa asinados) e afectan a 9.299 persoas traballadoras (95,57%), das que 6.385 son homes e 2.914 mulleres.

No caso de enfermidade común veñen recollidos en 105 convenios (72,92% dos asinados en 2014) que afectan a 42.180 persoas traballadoras (85,70%) das que 34.877 son homes e 7.303 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 33.979 persoas traballadoras (86,05%), das que 29.134 son homes e 4.845 mulleres, e 94 son de empresa (72,87% dos de empresa asinados) e afectan a 8.201 persoas traballadoras (84,29%), das que 5.743 son homes e 2.458 mulleres.

Indican un complemento no caso de hospitalización 78 convenios (54,17% dos asinados en 2014) que afectan a 34.722 persoas traballadoras (70,55%) das que 28.776 son homes e 5.946 mulleres.

Deles 9 son de sector (60% dos de sector asinados este ano) e afectan a 28.759 persoas traballadoras (72,83%), das que 24.519 son homes e 4.240 mulleres, e 69 son de empresa (53,49% dos de empresa asinados) e afectan a 5.963 persoas traballadoras (61,28%), das que 4.257 son homes e 1.706 mulleres.

Na maioría dos casos o complemento é superior no caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional. En 28 convenios (1 de sector e 27 de empresa) que afectan a 4.918 persoas traballadoras (3.057 homes e 1.861 mulleres) non existe diferenza.

As cláusulas normalmente indican o complemento que hai que aplicar e sobre que se aplica, así como se existe unha limitación nos días que se percibe. Tamén se refiren nalgúns casos ao procedemento de control das baixas.

Existe outro tipo de cláusulas nas que se fai depender estes complementos do índice de absentismo, téndose en conta nuns casos o individual e noutros o da sección ou o total da empresa.

Sinalan algúns convenios ao regular o complemento por accidente laboral que nos contratos por obra ou servizo sen data de finalización determinada, se á persoa accidentada lle fose rescindido o seu contrato durante a situación de I.T., a empresa complementará ata o 100% da base de cotización ata a data de alta médica, cun máximo de tres meses desde a finalización do contrato.

- Axudas para estudos das persoas traballadoras e dos seus fillos e fillas.

O tipo de axuda é nuns casos unha cantidade fixa e noutros engádese tamén unha porcentaxe dos gastos de matrícula e libros oficiais do curso.

- Axudas por matrimonio, natalidade e defunción.

A axuda consiste nunha contía económica. Amplíase nalgúns casos a axuda por matrimonio e por defuncións ás parellas de feito.

- Axudas a persoas traballadoras que teñan ao seu cargo familiares con discapacidades.

Consiste maioritariamente nunha contía mensual. Amplíase nalgúns casos ás parellas de feito.

- Gastos médicos e sanitarios.

Inclúense nalgúns casos ademais os gastos no caso de próteses dentarias, de visión, auditivas e ortopédicas.

- Cantidades a tanto alzado por xubilación, falecemento ou invalidez.

Hai casos nos que se indica o dereito a vacacións retribuídas.

Tamén se establecen nalgúns convenios cantidades a tanto alzado por anos de servizo.

Existen algúns convenios que sinalan un complemento das prestacións da Seguridade Social nalgún destes casos.

- Préstamos ou anticipos reintegrables.

Especifícase nalgúns casos o procedemento, condicións, límites e criterios para concedelos, así como o xeito e/ou prazo de devolución e o tipo de xuro ou se é sen el.

- Fondo social e/ou asistencial.

Sínálase nalgúns convenios a existencia dun Fondo social e/ou asistencial indicando nalgúns casos a dotación que ten e a quen lle corresponde a súa administración.

- Pólizas de seguros.

En 2013 recollen cláusulas ao respecto 157 convenios (80,51% dos asinados) que afectan a 191.344 persoas traballadoras (78,85%) das que 132.414 son homes e 58.930 mulleres.

Deles 35 son de sector (85,37% dos de sector asinados) e afectan a 178.692 persoas traballadoras (79,32%), das que 123.796 son homes e 54.896 mulleres, e 122 son de empresa (79,22% dos de empresa asinados) e afectan a 12.652 persoas traballadoras (72,75%), das que 8.618 son homes e 4.034 mulleres.

No ano 2014 son 123 os convenios que teñen cláusulas ao respecto (85,42% dos asinados este ano) e afectan a 48.219 persoas traballadoras (97,97%) das que 39.201 son homes e 9.018 mulleres.

Deles 15 son de sector (100% dos de sector asinados) e afectan a 39.488 persoas traballadoras (100%), das que 33.078 son homes e 6.410 mulleres, e 108 son de empresa (83,72% dos de empresa asinados) e afectan a 8.731 persoas traballadoras (89,73%), das que 6.123 son homes e 2.608 mulleres.

Maioritariamente fan referencia aos casos de invalidez e falecemento pero tamén se subscriben nalgúns casos pólizas de responsabilidade civil.

Regúlase nalgúns casos o prazo no que debe concertarse a póliza (desde a data de publicación ou sinatura do convenio ou para o persoal de nova incorporación) e a publicidade que se lle debe dar á póliza (inserir unha copia no taboleiro de anuncios, entrega dunha copia a quen o solicite...)

- Plans de pensións.

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 17 convenios (8,72% dos asinados) que afectan a 3.269 persoas traballadoras (1,35%) das que 2.291 son homes e 978 mulleres. Son todos de empresa.

No ano 2014 son 14 os convenios con cláusulas ao respecto (9,72% dos asinados) e afectan a 1.190 persoas traballadoras (2,42%) das que 886 son homes e 304 mulleres. Son todos de empresa.

- Descontos na compra de produtos ou nos servizos da empresa.

- Outras cláusulas refírense á existencia e utilización de comedores.

Por último sinalar respecto deste tipo de cláusulas que tamén se estenden nalgúns convenios estes dereitos ás parellas de feito.

14. DEREITOS E GARANTÍAS DA REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES/AS. CRÉDITO DE HORAS SINDICAIS E DESCONTO DA COTA SINDICAL

En 2013 existen cláusulas respecto das garantías e/ou os dereitos da representación dos traballadores/as na empresa en 158 convenios (81,03% dos asinados) que afectan a 233.042 persoas traballadoras (96,03%) das que 143.919 son homes e 89.123 mulleres. Deles 33 son de sector (80,49% dos de sector asinados) e afectan a 217.047 persoas traballadoras (96,34%), das que 133.349 son homes e 83.698 mulleres, e 125 son de empresa (81,17% dos de empresa asinados) e afectan a 15.995 persoas traballadoras (91,98%), das que 10.570 son homes e 5.425 mulleres.

No ano 2014 son 120 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (83,33% dos asinados) e afectan a 46.037 persoas traballadoras (93,54%) das que 37.424 son homes e 8.613 mulleres.

Deles 12 son de sector (80% dos de sector asinados) e afectan a 37.509 persoas traballadoras (94,99%), das que 31.660 son homes e 5.849 mulleres, e 108 son de empresa (83,72% dos de empresa asinados) e afectan a 8.528 persoas traballadoras (87,65%), das que 5.764 son homes e 2.764 mulleres.

En moitos casos estas cláusulas remiten ou recollen, total ou parcialmente, ao sinalado ao respecto no Estatuto dos traballadores/as e na Lei orgánica de liberdade sindical.

Entre os tipos de cláusulas que conteñen pódense destacar os seguintes:

- En 2013 establecen unha **subvención de gastos** dos comités de empresa e/ou delegados/as de persoal 11 convenios (5,64% dos asinados) que afectan a 6.044 persoas traballadoras (2,49%) das que 3.928 son homes e 2.116 mulleres. Só un deles é de sector.

En 2014 establecen unha subvención de gastos dos comités de empresa e/ou delegados/as de persoal 8 convenios (5,56% dos asinados) que afectan a 545 persoas traballadoras (1,11%) das que 437 son homes e 108 mulleres. Só un deles é de sector.

- No ano 2013 existen cláusulas respecto dos **locais e/ou taboleiros** de anuncios en 75 convenios (38,46% dos asinados) que afectan a 155.335 persoas traballadoras (64,01%) das que 103.273 son homes e 52.062 mulleres.

Deles 17 son de sector (41,46% dos de sector asinados) e afectan a 147.260 persoas traballadoras (65,37%), das que 98.050 son homes e 49.210 mulleres, e 58 son de empresa (37,66% dos de empresa asinados) e afectan a 8.075 persoas traballadoras (46,43%), das que 5.223 son homes e 2.852 mulleres.

En 2014 son 67 os convenios con cláusulas ao respecto (46,53% dos asinados) e afectan a 21.895 persoas traballadoras (44,49%) das que 15.980 son homes e 5.915 mulleres.

Deles 9 son de sector (60% dos de sector asinados) e afectan a 17.009 persoas traballadoras (43,07%), das que 13.160 son homes e 3.849 mulleres, e 58 son de empresa (44,96% dos de empresa asinados) e afectan a 4.886 persoas traballadoras (50,22%), das que 2.820 son homes e 2.066 mulleres.

- No ano 2013 existen cláusulas respecto da celebración de **assembleas** en 84 convenios (43,08% dos asinados) que afectan a 70.143 persoas traballadoras (28,90%) das que 41.735 son homes e 28.408 mulleres. Deles 6 son de sector (14,63% dos de sector asinados) e afectan a 59.610 persoas traballadoras (26,46%), das que 34.834 son homes e 24.776 mulleres, e 78 son de empresa (50,65% dos de empresa asinados) e afectan a 10.533 persoas traballadoras (60,57%), das que 6.901 son homes e 3.632 mulleres.

En 2014 son 60 os convenios con cláusulas ao respecto (41,67% dos asinados) e afectan a 5.169 persoas traballadoras (10,50%) das que 3.142 son homes e 2.027 mulleres. Deles 1 é de sector (6,67% dos convenios de sector asinados) e afecta a 458 persoas traballadoras (1,16%), das que 422 son homes e 36 mulleres, e 59 son de empresa (45,74% dos convenios de empresa asinados) e afectan a 4.711 persoas traballadoras (48,42%), das que 2.720 son homes e 1.991 mulleres.

As cláusulas fan referencia xeralmente aos requisitos para a convocatoria e celebración da asemblea (lexitimación para convocalas, locais, procedemento, celebración dentro ou fóra da xornada)

- Refírense outras cláusulas á regulación do acceso ao correo electrónico ou a intranet pola representación legal dos traballadores/as e á cesión por parte da empresa de medios materiais para a realización das súas funcións.

- Desconto da cota sindical

En 2013 recollen cláusulas ao respecto 55 convenios (28,21% dos asinados) que afectan a 100.532 persoas traballadoras (41,43%) das que 51.185 son homes e 49.347 mulleres.

Deles 11 son de sector (26,83% dos de sector asinados) e afectan a 94.660 persoas traballadoras (42,02%), das que 47.110 son homes e 47.550 mulleres, e 44 son de empresa (28,57% dos de empresa asinados) e afectan a 5.872 persoas traballadoras (33,77%), das que 4.075 son homes e 1.797 mulleres.

En 2014 son 38 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (26,39% dos asinados este ano) e afectan a 6.974 persoas traballadoras (14,17%) das que 4.132 son homes e 2.842 mulleres.

Deles 4 son de sector (26,67% dos de sector asinados) e afectan a 4.338 persoas traballadoras (10,99%), das que 2.398 son homes e 1.940 mulleres, e 34 son de empresa (26,36% dos de empresa asinados) e afectan a 2.636 persoas traballadoras (27,09%), das que 1.734 son homes e 902 mulleres.

As cláusulas que recollen refírense ao procedemento que hai que seguir para proceder ao desconto, establecendo na maioría dos casos que a solicitude debe ser por escrito.

Indícase nalgúns convenios o contido do escrito sinalando que debe recoller a orde de desconto, a central a que pertence, a contía da cota e o número de conta á que debe ser transferida a cantidade.

Establécese nalgúns casos que a dirección da empresa entregará copia da transferencia á representación sindical da empresa, se a houbese.

- Crédito de horas

En 2013 recollen cláusulas sobre o crédito de horas 118 convenios (60,51% dos asinados) que afectan a 217.960 persoas traballadoras (89,82%) das que 133.826 son homes e 84.134 mulleres.

Deles 26 son de sector (63,41% dos de sector asinados) e afectan a 204.162 persoas traballadoras (90,63%), das que 124.952 son homes e 79.210 mulleres, e 92 son de empresa (59,74% dos de empresa asinados) e afectan a 13.798 persoas traballadoras (79,34%), das que 8.874 son homes e 4.924 mulleres.

En 2014 son 84 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (58,33% dos asinados este ano) e afectan a 35.440 persoas traballadoras (72,01%) das que 30.075 son homes e 5.365 mulleres.

Deles 6 son de sector (40% dos convenios de sector asinados) e afectan a 28.049 persoas traballadoras (71,03%), das que 25.114 son homes e 2.935 mulleres, e 78 son de empresa (60,47% dos convenios de empresa asinados) e afectan a 7.391 persoas traballadoras (75,96%), das que 4.961 son homes e 2.430 mulleres.

As cláusulas nuns casos fixan un número concreto de horas e noutros remiten á lexislación vixente. Sinálase nalgúns convenios as horas que entran no cómputo e cales non.

No ano 2013 establécese ou indícase a posibilidade de acumulación destas horas en 92 convenios (47,18% dos asinados) que afectan a 196.654 persoas traballadoras (81,04%) das que 126.692 son homes e 69.962 mulleres.

Deles 21 son de sector (51,22% dos de sector asinados) e afectan a 184.126 persoas traballadoras (81,73%), das que 118.490 son homes e 65.636 mulleres, e 71 son de empresa (46,10% dos de empresa asinados) e afectan a 12.528 persoas traballadoras (72,04%), das que 8.202 son homes e 4.326 mulleres.

En 2014 son 67 os convenios nos que se establece ou se indica a posibilidade de acumulación desta horas (46,53% dos asinados) e afectan a 28.846 persoas traballadoras (58,61%) das que 24.476 son homes e 4.370 mulleres.

Deles 5 son de sector (33,33% dos de sector asinados) e afectan a 23.058 persoas traballadoras (58,39%), das que 20.822 son homes e 2.236 mulleres, e 62 son de empresa (48,06% dos de empresa asinados) e afectan a 5.788 persoas traballadoras (59,49%), das que 3.654 son homes e 2.134 mulleres.

15. RÉXIME DISCIPLINARIO – CÓDIGO DE CONDUTA LABORAL

En 2013 recollen cláusulas ao respecto 106 convenios (54,36% dos asinados) que afectan a 94.027 persoas traballadoras (38,75%) das que 51.261 son homes e 42.766 mulleres.

Deles 15 son de sector (36,59% dos de sector asinados) e afectan a 82.361 persoas traballadoras (36,56%), das que 43.714 son homes e 38.647 mulleres, e 91 son de empresa (59,09% dos de empresa asinados) e afectan a 11.666 persoas traballadoras (67,08%), das que 7.547 son homes e 4.119 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre Réxime disciplinario - Conduta laboral. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	9	90,00%	4	100,00%	13	92,86%
	Núm. Traballad.	3.040	98,03%	8.406	100,00%	11.446	99,47%
	Homes	1.733	55,89%	4.391	52,24%	6.124	53,22%
	Mulleres	1.307	42,15%	4.015	47,76%	5.322	46,25%
A Coruña							
	Núm. Convenios	23	51,11%	3	27,27%	26	46,43%
	Núm. Traballad	1.664	44,58%	19.705	19,38%	21.369	20,28%
	Homes	894	23,95%	5.490	5,40%	6.384	6,06%
	Mulleres	770	20,63%	14.215	13,98%	14.985	14,22%
Lugo							
	Núm. Convenios	6	35,29%	0	0,00%	6	28,57%
	Núm. Traballad	403	23,24%	0	0,00%	403	4,92%
	Homes	331	19,09%		0,00%	331	4,04%
	Mulleres	72	4,15%		0,00%	72	0,88%
Ourense							
	Núm. Convenios	6	66,67%	3	50,00%	9	60,00%
	Núm. Traballad	1.260	66,56%	12.100	66,03%	13.360	66,08%
	Homes	912	48,18%	9.748	53,20%	10.660	52,73%
	Mulleres	348	18,38%	2.352	12,83%	2.700	13,35%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	47	64,38%	5	31,25%	52	58,43%
	Núm. Traballad	5.299	76,48%	42.150	46,61%	47.449	48,74%
	Homes	3.677	53,07%	24.085	26,63%	27.762	28,52%
	Mulleres	1.622	23,41%	18.065	19,98%	19.687	20,22%
Galicia							
	Núm. Convenios	91	59,09%	15	36,59%	106	54,36%
	Núm. Traballad	11.666	67,08%	82.361	36,56%	94.027	38,75%
	Homes	7.547	43,40%	43.714	19,40%	51.261	21,12%
	Mulleres	4.119	23,69%	38.647	17,15%	42.766	17,62%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 104 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (72,22% dos asinados) e afectan a 34.028 persoas traballadoras (69,14%) das que 28.671 son homes e 5.357 mulleres.

Deles 7 son de sector (46,67% dos de sector asinados) e afectan a 26.379 persoas traballadoras (66,80%), das que 23.334 son homes e 3.045 mulleres, e 97 son de empresa (75,19% dos de empresa asinados) e afectan a 7.649 persoas traballadoras (78,61%), das que 5.337 son homes e 2.312 mulleres

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre Réxime disciplinario - Conduta laboral. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	424	95,93%	2.400	100,00%	2.824	99,37%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	105	23,76%	500	20,83%	605	21,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	27	71,05%	3	75,00%	30	71,43%
	Núm. Traballad	1.345	64,94%	21.449	91,47%	22.794	89,32%
	Homes	900	43,46%	19.914	84,92%	20.814	81,56%
	Mulleres	445	21,49%	1.535	6,55%	1.980	7,76%
Lugo							
	Núm. Convenios	11	73,33%	1	33,33%	12	66,67%
	Núm. Traballad	612	65,45%	750	19,33%	1.362	28,29%
	Homes	461	49,30%	250	6,44%	711	14,77%
	Mulleres	151	16,15%	500	12,89%	651	13,52%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	0	0,00%	3	50,00%
	Núm. Traballad	79	18,24%	0	0,00%	79	6,41%
	Homes	26	6,00%		0,00%	26	2,11%
	Mulleres	53	12,24%		0,00%	53	4,30%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	53	77,94%	2	40,00%	55	75,34%
	Núm. Traballad	5.189	88,72%	1.780	19,87%	6.969	47,06%
	Homes	3.631	62,08%	1.270	14,18%	4.901	33,10%
	Mulleres	1.558	26,64%	510	5,69%	2.068	13,97%
Galicia							
	Núm. Convenios	97	75,19%	7	46,67%	104	72,22%
	Núm. Traballad	7.649	78,61%	26.379	66,80%	34.028	69,14%
	Homes	5.337	54,85%	23.334	59,09%	28.671	58,25%
	Mulleres	2.312	23,76%	3.045	7,71%	5.357	10,88%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Das cláusulas que recollen pode sinalarse o seguinte:

Nos convenios que establecen ou fan referencia a un código de conduta laboral sinálase que este ten por obxecto o mantemento dun ambiente laboral respectuoso coa normal convivencia, ordenación técnica e organización da empresa, así como a garantía e defensa dos dereitos e lexítimos intereses das partes.

As cláusulas que máis se repiten regulan o réxime disciplinario na empresa e fan referencia ao seguinte:

- Graduación das faltas

En 2013 teñen cláusulas ao respecto 83 convenios (42,56% dos asinados) que afectan a 88.140 persoas traballadoras (36,32%) das que 47.810 son homes e 40.330 mulleres. Deles 14 son de sector (34,15% dos convenios de sector asinados) e afectan a 81.611 persoas traballadoras (36,23%), das que 43.529 son homes e 38.082 mulleres, e 69 son de empresa (44,81% dos de empresa asinados) e afectan a 6.529 persoas traballadoras (37,54%), das que 4.281 son homes e 2.248 mulleres.

En 2014 son 77 os convenios con cláusulas ao respecto (53,47% dos asinados) e afectan a 27.334 persoas traballadoras (55,54%) das que 23.181 son homes e 4.153 mulleres. Deles 6 son de sector (40% dos convenios de sector asinados) e afectan a 21.388 persoas traballadoras (54,16%), das que 19.042 son homes e 2.346 mulleres, e 71 son de empresa (55,04% dos de empresa asinados) e afectan a 5.946 persoas traballadoras (61,11%), das que 4.139 son homes e 1.807 mulleres.

Nestas cláusulas recóllese maioritariamente unha enumeración das faltas cualificándoas en leves, graves e moi graves. Nalgúns convenios remítese ao sinalado noutros acordos, convenios ou regulamentacións.

Establécese esta clasificación sinalando xeralmente que se fai atendendo á importancia, transcendencia, intención, voluntariedade, reincidencia e malicia.

- Sancións

En 2013 indican as sancións segundo a gravidade das faltas 75 convenios (38,46% dos asinados) que afectan a 87.763 persoas traballadoras (36,17%) das que 47.524 son homes e 40.239 mulleres. Deles 14 son de sector (34,15% dos de sector asinados) e afectan a 81.611 persoas traballadoras (36,23%), das que 43.529 son homes e 38.082 mulleres, e 61 son de empresa (39,61% dos de empresa asinados) e afectan a 6.152 persoas traballadoras (35,38%), das que 3.995 son homes e 2.157 mulleres.

En 2014 son 70 os convenios que o fan (48,61% dos asinados) e afectan a 26.839 persoas traballadoras (54,53%) das que 22.914 son homes e 3.925 mulleres. Deles 6 son de sector (40% dos de sector asinados) e afectan a 21.388 persoas traballadoras (54,16%), das que 19.042 son homes e 2.346 mulleres, e 64 son de empresa (49,61% dos de empresa asinados) e afectan a 5.451 persoas traballadoras (56,02%), das que 3.872 son homes e 1.579 mulleres.

Os tipos máis frecuentes de sancións que se indican son amoestacións verbais e/ou escritas, suspensión de emprego e soldo e despedimento. Outras sancións menos frecuentes son traslados, suspensión do dereito a concorrer a probas selectivas ou concursos de ascensos e inhabilitacións para o ascenso.

- Outras cláusulas refírense ao procedemento sancionador, á necesidade ou non de tramitación dun expediente disciplinario, á información ou participación da representación dos traballadores/as, á posibilidade de dilatar no tempo o cumprimento temporal da sanción e á prescrición e cancelación.

16. DISCRIMINACIÓN E ACOSO

En 2013 existen cláusulas sobre **discriminación e/ou acoso** en 142 convenios (72,82% dos asinados este ano) que afectan a 205.869 persoas traballadoras (84,83%) das que 126.816 son homes e 79.053 mulleres.

Deles 28 son de sector (68,29% dos de sector asinados) e afectan a 190.452 persoas traballadoras (84,54%), das que 116.683 son homes e 73.769 mulleres, e 114 son de empresa (74,03% dos de empresa asinados) e afectan a 15.417 persoas traballadoras (88,65%), das que 10.133 son homes e 5.284 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre discriminación e/ou acoso. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	8	80,00%	4	100,00%	12	85,71%
	Núm. Traballad.	3.032	97,77%	8.406	100,00%	11.438	99,40%
	Homes	1.731	55,82%	4.391	52,24%	6.122	53,20%
	Mulleres	1.301	41,95%	4.015	47,76%	5.316	46,20%
A Coruña							
	Núm. Convenios	29	64,44%	8	72,73%	37	66,07%
	Núm. Traballad	2.802	75,06%	79.661	78,36%	82.463	78,24%
	Homes	1.540	41,25%	45.286	44,55%	46.826	44,43%
	Mulleres	1.262	33,81%	34.375	33,81%	35.637	33,81%
Lugo							
	Núm. Convenios	9	52,94%	1	25,00%	10	47,62%
	Núm. Traballad	1.470	84,78%	2.960	45,82%	4.430	54,06%
	Homes	1.232	71,05%	444	6,87%	1.676	20,45%
	Mulleres	238	13,73%	2.516	38,95%	2.754	33,61%
Ourense							
	Núm. Convenios	9	100,00%	5	83,33%	14	93,33%
	Núm. Traballad	1.893	100,00%	17.725	96,73%	19.618	97,03%
	Homes	1.502	79,34%	14.767	80,58%	16.269	80,47%
	Mulleres	391	20,66%	2.958	16,14%	3.349	16,56%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	59	80,82%	10	62,50%	69	77,53%
	Núm. Traballad	6.220	89,77%	81.700	90,35%	87.920	90,30%
	Homes	4.128	59,58%	51.795	57,28%	55.923	57,44%
	Mulleres	2.092	30,19%	29.905	33,07%	31.997	32,86%
Galicia							
	Núm. Convenios	114	74,03%	28	68,29%	142	72,82%
	Núm. Traballad	15.417	88,65%	190.452	84,54%	205.869	84,83%
	Homes	10.133	58,27%	116.683	51,79%	126.816	52,26%
	Mulleres	5.284	30,39%	73.769	32,75%	79.053	32,58%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

En 2014 son 111 os convenios nos que existen cláusulas sobre **discriminación e/ou acoso** (77,08% dos asinados este ano) e afectan a 44.548 persoas traballadoras (90,51%) das que 36.051 son homes e 8.497 mulleres.

Deles 11 son de sector (73,33% dos de sector asinados) e afectan a 36.108 persoas traballadoras (91,44%), das que 30.433 son homes e 5.675 mulleres, e 100 son de empresa (77,52% dos de empresa asinados) e afectan a 8.440 persoas traballadoras (86,74%), das que 5.618 son homes e 2.822 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre discriminación e/ou acoso. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	424	95,93%	2.400	100,00%	2.824	99,37%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	105	23,76%	500	20,83%	605	21,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	29	76,32%	4	100,00%	33	78,57%
	Núm. Traballad	1.647	79,53%	23.449	100,00%	25.096	98,34%
	Homes	1.019	49,20%	21.614	92,17%	22.633	88,69%
	Mulleres	628	30,32%	1.835	7,83%	2.463	9,65%
Lugo							
	Núm. Convenios	7	46,67%	2	66,67%	9	50,00%
	Núm. Traballad	405	43,32%	1.380	35,57%	1.785	37,07%
	Homes	296	31,66%	376	9,69%	672	13,96%
	Mulleres	109	11,66%	1.004	25,88%	1.113	23,12%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	0	0,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	433	100,00%	0	0,00%	433	35,12%
	Homes	366	84,53%		0,00%	366	29,68%
	Mulleres	67	15,47%		0,00%	67	5,43%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	57	83,82%	4	80,00%	61	83,56%
	Núm. Traballad	5.531	94,56%	8.879	99,11%	14.410	97,31%
	Homes	3.618	61,86%	6.543	73,03%	10.161	68,62%
	Mulleres	1.913	32,71%	2.336	26,07%	4.249	28,69%
Galicia							
	Núm. Convenios	100	77,52%	11	73,33%	111	77,08%
	Núm. Traballad	8.440	86,74%	36.108	91,44%	44.548	90,51%
	Homes	5.618	57,74%	30.433	77,07%	36.051	73,25%
	Mulleres	2.822	29,00%	5.675	14,37%	8.497	17,26%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Respecto das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

Nuns casos son cláusulas de tipo xeral que indican a non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación sexual, estado civil, idade, relixión ou conviccións, discapacidade ou enfermidade, opinión, ideas políticas, afiliación ou non a un sindicato, idioma ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Noutros convenios refírense á non discriminación na retribución por razón de sexo e/ou calquera outra circunstancia.

Tamén existen cláusulas respecto da non discriminación e o respecto ao principio de igualdade no acceso ao emprego, na promoción profesional, na formación, no desenvolvemento no seu traballo e na estabilidade no emprego.

Indícase que os sistemas de selección para acceder a un posto de traballo vacante ou de nova creación teñen que seguir criterios e probas obxectivas en relación aos requirimentos do posto de traballo, de xeito que, nos perfís esixidos, non inflúa a cultura de procedencia, a etnia ou a raza da persoa.

Sinálase que co obxectivo de asegurar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na organización garantírase no acceso ao emprego e na promoción profesional o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres.

Para o axeitado cumprimento destes principios comprométese a manter en todo momento nos procesos de selección, contratación, promoción e desenvolvemento profesional, procedementos e políticas de carácter obxectivo baseadas en principios de mérito e capacidade e de adecuación persoa - posto, valorando as candidaturas en base á idoneidade, asegurando en todo momento que os postos de traballo nos diferentes ámbitos de responsabilidade son ocupados polas persoas máis adecuadas nun marco de igualdade de trato con ausencia de toda discriminación baseada no sexo.

Establecen algúns convenios como obxectivos a cumprir en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres os seguintes:

Que tanto as mulleres como os homes gocen de igualdade de oportunidades en canto ao emprego, a formación, a promoción e o desenvolvemento no seu traballo.

Que os postos de traballo, as prácticas laborais, a organización do traballo e as condicións laborais se orienten de tal maneira que sexan adecuadas tanto para as mulleres como para os homes.

Que mulleres e homes reciban igual retribución por traballo de igual valor, así como que haxa igualdade en canto ás súas condicións de emprego en calquera outro sentido deste.

Faise referencia á necesidade de utilizar unha linguaxe e imaxes non sexistas nos documentos e formas de comunicación, incorporando a perspectiva de xénero no ámbito da seguridade e a saúde laboral.

Para asegurar a ausencia de discriminación por razón de xénero, téñense en conta os seguintes factores:

- Considerarase discriminación directa por razón de sexo, a situación en que se atopa unha persoa que, fora ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de xeito menos favorable que outra en situación comparable.

- Considerarase discriminación indirecta por razón de sexo a situación en que unha disposición, criterio ou práctica en principio aparentemente neutros, sitúan a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica se poidan xustificar obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan necesarios e axeitados.

- Nas ofertas e entrevistas atenderase unicamente á cualificación requirida para o posto en cuestión, sen considerar aspectos de contido sexista.

Para reforzar estes compromisos, as ofertas de emprego basearanse en información axustada ás características obxectivas do posto e esixencias e condicións deste, utilizaranse canles que posibiliten que a información chegue por igual a homes e mulleres e non se utilizará linguaxe sexista. Neste sentido e sempre que se cumpran os requisitos establecidos, nos procesos de selección existirá unha paridade no proceso tanto de homes como de mulleres.

Estudarase o deseño de políticas que axuden e apoiem o acceso e promoción de mulleres naquelas áreas, niveis ou funcións en que estean menos representadas.

- Sensibilizarase ás persoas responsables de selección de persoal en materia de Igualdade de Oportunidades.

Nalgunhas cláusulas citan a Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, sinalando a obriga e/ou o compromiso do seu cumprimento ou recollendo o sinalado no seu artigo 3 que indica que o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil.

Hai convenios nos que estas cláusulas veñen recollidas ao sinalar as funcións do comité de empresa e/ou representación dos traballadores/as, indicando que estes deberán de vixiar o cumprimento das seguintes normas:

Que non figure nas condicións de contratación ningún requisito que supoña discriminación por sexo.

Que non se produzan diferenzas nas denominacións dos postos de traballo en función do sexo.

Que ningunha persoa traballadora poida ser discriminada, sancionada ou despedida por cuestións relativas á súa intimidade, sempre que non afecten á actividade laboral.

Que ningunha persoa traballadora poida ser obxecto de decisións e/ou condicións, ou calquera clase de medidas, que comporten un trato discriminatorio en materia de salarios, promoción, conservación do posto de traballo, etc. por razón do seu sexo.

Que se evite na redacción do convenio a linguaxe sexista.

Sinalan algúns convenios nas cláusulas respecto da clasificación profesional que con ela se pretende alcanzar unha estrutura profesional directamente correspondida coas necesidades da empresa, facilitando unha mellor interpretación de todo o colectivo no desenvolvemento das súas actividades, sen mengua da dignidade, oportunidade de promoción e xusta retribución, sen que caiba discriminación ningunha por razóns de idade, sexo ou de calquera outra índole.

Existen tamén cláusulas respecto da composición dos órganos de selección indicando que a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, debendo tenderse, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes.

Refírense outras cláusulas á non discriminación por actividades sindicais, sinalando que a empresa respectará o dereito de todas as persoas traballadoras a sindicarse libremente e non poderán supeditar o emprego dunha persoa traballadora á condición de que se afilie ou renuncie á súa afiliación sindical e tampouco despedila ou prexudicarlle de calquera outra forma a causa da súa afiliación ou actividade sindical.

Analízanse a continuación con máis detalle as cláusulas que fan referencia os plans de igualdade nas empresas, as comisións de igualdade, as medidas de acción positiva, o acoso e a violencia de xénero.

► Plan de igualdade

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece a obriga de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 250 persoas traballadoras e o fomento ou a implantación voluntaria nas pequenas e medianas empresas.

No ano 2013 teñen cláusulas sobre plans de igualdade 25 convenios (12,82% dos asinados este ano) que afectan a 6.214 persoas traballadoras (2,56%) das que 4.588 son homes e 1.626 mulleres.

En 2014 son 18 os convenios con cláusulas sobre plans de igualdade (12,50% dos asinados este ano) que afectan a 6.850 persoas traballadoras (13,92%) das que 5.350 son homes e 1.500 mulleres.

Está incluído o Plan de igualdade en 4 dos convenios asinados en 2013. Noutros 18 faise referencia á súa existencia na empresa ou no grupo ao que pertence aínda que non o acompañan ao convenio (nalgúns casos existe un plan publicado).

No ano 2014 está incluído o Plan de igualdade en 6 dos convenios asinados. Noutros 7 faise referencia á súa existencia na empresa ou no grupo ao que pertence aínda que non o acompañan ao convenio (nalgúns casos existe un plan publicado).

Sinalan algunhas cláusulas que nos Plans de igualdade deberán fixarse os obxectivos concretos de igualdade que se deben alcanzar, as estratexias e prácticas que se adoptarán para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados.

Indícase tamén que para a consecución dos obxectivos fixados, os plans de igualdade poderán recoller, entre outras, as materias de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións e ordenación do tempo de traballo para favorecer, en termos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

Outras cláusulas refírense a compromisos de elaboralo.

► **Medidas de acción positiva.**

Indícase na lei a posibilidade de que a negociación colectiva poida establecer medidas de acción positiva para favorecer o acceso das mulleres a todas as profesións podendo, para tal efecto, establecer reservas e preferencias nas condicións de contratación de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade, teñan preferencia para ser contratadas as persoas do sexo menos representado no grupo de que se trate.

Tamén se indica a posibilidade de que a negociación colectiva poida establecer este tipo de medidas nas condicións de clasificación profesional, promoción e formación, de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade, teñan preferencia as persoas do sexo menos representado para favorecer o seu acceso no grupo ou posto de traballo de que se trate.

En 2013 teñen cláusulas que fan referencia a este tipo de medidas 15 convenios (7,69% dos asinados). En 2014 son 20 os que as recollen (13,89 dos asinados).

Refírense nalgúns casos nestas cláusulas á adopción, negociación ou promoción de medidas deste tipo sen concretar ningunha pero hai convenios que si recollen compromisos máis concretos podendo sinalar os seguintes:

- *Para contribuír eficazmente á aplicación do principio de non discriminación e ao seu desenvolvemento baixo os conceptos de igualdade de condicións en traballos de igual valor, é necesario desenvolver unha acción positiva particularmente nas condicións de contratación, formación e promoción, de modo que en igualdade de condicións de idoneidade, terán preferencia as persoas do xénero menos representado no grupo profesional.*
- *Os procedementos de selección que impliquen promoción respectarán o principio de igualdade de oportunidades.*
En materia de contratación, promoverase o que, a igual mérito e capacidade se considere positivamente o acceso do xénero menos representado no grupo profesional de que se trate.
As ofertas de emprego redactaranse de modo que non conteñan mención ningunha que induza a pensar que estas se dirixen exclusivamente a persoas dun ou outro sexo.
- *En igualdade de resultados nas probas de cualificación darase preferencia para ocupar a praza ao aspirante con maior antigüidade, así mesmo terase en conta o sexo con menor representación no departamento a cubrir.*
- *En virtude da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, nas novas incorporacións que se leven a cabo, por motivos de ampliación de cadro de persoal, substitución de persoal a causa de IT, vacacións do persoal, etc. procurarase que as devanditas incorporacións sexan de persoal feminino, ata alcanzar un ratio equilibrado, tal e como indica a mencionada Lei de Igualdade, para o cal a comisión mixta paritaria elaborará un plan e farase cargo do seu seguimento.*
- *En idénticas condicións de idoneidade adxudicarase o ascenso aplicando a discriminación positiva a favor da muller, subsidiariamente adxudicarase á persoa traballadora máis antiga.*

- *En relación coa promoción, terán prioridade aquelas persoas pertencentes ao sexo menos representado no grupo profesional do que se trate.*
- *.. para ser promovido a un posto de traballo ou grupo profesional distinto do que se ostenta establecerase un procedemento de común acordo entre a empresa e a Comisión Mixta Paritaria que terá en conta as seguintes circunstancias: Superar satisfactoriamente as probas que se propoñan para o efecto; titulación; coñecementos do posto de traballo; historial profesional; antigüidade no mesmo grupo profesional.
En caso de igualdade con estes criterios, primará a antigüidade do traballador ou que sexa muller.*
- *Co fin de contribuír eficazmente á aplicación do principio de non discriminación faise necesario desenvolver unha acción positiva particularmente nas condicións de contratación, formación e promoción, de tal forma que, en igualdade de condicións de idoneidade teñan preferencia as persoas cuxo sexo estea menos representado no grupo profesional de que se trate.*
- *As ofertas incluirán os requirimentos, métodos de cualificación e perfís exixidos para cada posto de traballo e nelas farase constar que se dará preferencia a aqueles empregados e empregadas que:*
 - A. Sexan relevistas vinculados a unha xubilación parcial realizada nos termos deste convenio.*
 - B. Pertenzan a un colectivo sinalado no plan de igualdade como desprotexido ou subrepresentado.*
 - C. Teña unha discapacidade se a empresa non cumpre coa súa cota legal ou medidas substitutivas.**A dirección dará coñecemento da concorrência a cada convocatoria aos representantes dos traballadores e, se non houber candidatos internos, proverase o posto polas vías habituais de selección.*
- *A empresa comunicará á representación legal dos traballadores/as o posto ou postos de traballo a cubrir, condicións que deben de reunir as persoas aspirantes, probas de selección e documentación a achegar polas persoas aspirantes. A representación legal dos traballadores/as poderá emitir informes ao respecto e velarán pola súa aplicación obxectiva, así como pola non discriminación da muller no ingreso no cadro de persoal.
Terán dereito preferente ao ingreso, en igualdade de méritos, os que desempeñaran ou desempeñen funcións na empresa con carácter eventual en calquera das súas modalidades.
Terán preferencia as persoas do xénero menos representado no grupo profesional de que se trate.*

► A protección fronte o acoso.

En 2013 teñen cláusulas sobre acoso (sexual ou por razón de sexo e/ou moral) 90 convenios (46,15% dos asinados) que afectan a 135.513 persoas traballadoras (55,84%) das que 65.942 son homes e 69.571 mulleres.

Deles 18 son de sector (43,90% dos de sector asinados) e afectan a 125.982 persoas traballadoras (55,92%), das que 59.798 son homes e 66.184 mulleres, e 72 son de empresa (46,75% dos de empresa asinados) e afectan a 9.531 persoas traballadoras (54,81%), das que 6.144 son homes e 3.387 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre acoso. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	6	60,00%	4	100,00%	10	71,43%
	Núm. Traballad.	950	30,64%	8.406	100,00%	9.356	81,31%
	Homes	624	20,12%	4.391	52,24%	5.015	43,58%
	Mulleres	326	10,51%	4.015	47,76%	4.341	37,72%
A Coruña							
	Núm. Convenios	19	42,22%	6	54,55%	25	44,64%
	Núm. Traballad	1.978	52,99%	49.676	48,86%	51.654	49,01%
	Homes	1.060	28,40%	16.934	16,66%	17.994	17,07%
	Mulleres	918	24,59%	32.742	32,21%	33.660	31,94%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	17,65%	0	0,00%	3	14,29%
	Núm. Traballad	218	12,57%	0	0,00%	218	2,66%
	Homes	164	9,46%		0,00%	164	2,00%
	Mulleres	54	3,11%		0,00%	54	0,66%
Ourense							
	Núm. Convenios	7	77,78%	4	66,67%	11	73,33%
	Núm. Traballad	1.613	85,21%	13.300	72,58%	14.913	73,76%
	Homes	1.239	65,45%	10.873	59,33%	12.112	59,91%
	Mulleres	374	19,76%	2.427	13,24%	2.801	13,85%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	37	50,68%	4	25,00%	41	46,07%
	Núm. Traballad	4.772	68,87%	54.600	60,38%	59.372	60,98%
	Homes	3.057	44,12%	27.600	30,52%	30.657	31,49%
	Mulleres	1.715	24,75%	27.000	29,86%	28.715	29,49%
Galicia							
	Núm. Convenios	72	46,75%	18	43,90%	90	46,15%
	Núm. Traballad	9.531	54,81%	125.982	55,92%	135.513	55,84%
	Homes	6.144	35,33%	59.798	26,54%	65.942	27,17%
	Mulleres	3.387	19,48%	66.184	29,38%	69.571	28,67%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 85 convenios (59,03% dos asinados) os que teñen cláusulas sobre acoso (sexual ou por razón de sexo e/ou moral) e afectan a 34.047 persoas traballadoras (69,18%) das que 28.090 son homes e 5.957 mulleres.

Deles 8 son de sector (53,33% dos de sector asinados) e afectan a 26.987 persoas traballadoras (68,34%), das que 23.215 son homes e 3.772 mulleres, e 77 son de empresa (59,69% dos de empresa asinados) e afectan a 7.060 persoas traballadoras (72,56%), das que 4.875 son homes e 2.185 mulleres

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre acoso. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	424	95,93%	2.400	100,00%	2.824	99,37%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	105	23,76%	500	20,83%	605	21,29%
A Coruña							
	Núm. Convenios	24	63,16%	3	75,00%	27	64,29%
	Núm. Traballad	1.198	57,85%	18.458	78,72%	19.656	77,02%
	Homes	848	40,95%	17.322	73,87%	18.170	71,20%
	Mulleres	350	16,90%	1.136	4,84%	1.486	5,82%
Lugo							
	Núm. Convenios	4	26,67%	1	33,33%	5	27,78%
	Núm. Traballad	178	19,04%	750	19,33%	928	19,27%
	Homes	157	16,79%	250	6,44%	407	8,45%
	Mulleres	21	2,25%	500	12,89%	521	10,82%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	100,00%	0	0,00%	4	66,67%
	Núm. Traballad	433	100,00%	0	0,00%	433	35,12%
	Homes	366	84,53%		0,00%	366	29,68%
	Mulleres	67	15,47%		0,00%	67	5,43%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	42	61,76%	3	60,00%	45	61,64%
	Núm. Traballad	4.827	82,53%	5.379	60,04%	10.206	68,92%
	Homes	3.185	54,45%	3.743	41,78%	6.928	46,79%
	Mulleres	1.642	28,07%	1.636	18,26%	3.278	22,14%
Galicia							
	Núm. Convenios	77	59,69%	8	53,33%	85	59,03%
	Núm. Traballad	7.060	72,56%	26.987	68,34%	34.047	69,18%
	Homes	4.875	50,10%	23.215	58,79%	28.090	57,07%
	Mulleres	2.185	22,46%	3.772	9,55%	5.957	12,10%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Algunhas destas cláusulas sobre o acoso sexual e/ou moral veñen recollidas ao establecer a cualificación das faltas cando regulan o réxime disciplinario.

Inclúese noutros casos estas cláusulas dentro do contido dos plans de igualdade que existen na empresa ou que se comprometen a elaborar.

Na regulación que se fai do acoso sexual considéranse como circunstancias agravantes que a referida conduta se leve a cabo servíndose dunha posición xerárquica ou que se exerza sobre persoas especialmente vulnerables pola súa situación persoal ou laboral.

Recóllense compromisos de non exercer ningún tipo de represalias sobre as persoas que sufran ou denuncien actuacións deste tipo, indicando nalgúns casos que en caso de facelo considerárase tamén acto de discriminación por razón de sexo e un agravante para a determinación da sanción a impor ou, se é o caso, a imposición dunha nova sanción en consonancia coa devandita conduta.

Respecto do procedemento a seguir indícase a necesidade de que sexa o máis áxil e eficaz posible, e que se protexa en todo caso a intimidade, confidencialidade e dignidade das persoas afectadas, procurando igualmente a protección suficiente da persoa denunciante en canto á súa seguridade e a súa saúde, tendo en conta as posibles consecuencias tanto físicas como psicolóxicas que se deriven desta situación.

Sinálase tamén que a representación dos traballadores/as e a dirección da empresa deberán velar polo dereito á intimidade da persoa afectada, procurando preservar a súa identidade cando así fose requirido.

Establecen ou fan referencia á existencia de protocolos de actuación en caso de acoso doce convenios en 2013 e trece en 2014.

Existen noutros casos compromisos de elaborar un procedemento específico para para estes casos.

Nalgúns convenios ao regular as comisións paritarias indican entre as súas funcións as seguintes:

Asegurar a non discriminación da muller, controlando a igualdade de trato, os posibles abusos, agresións de orde sexual, laborais, físicas ou psíquicas, tanto por parte de compañeiros de traballo como de superiores.

Impedir a realización de toda conduta abusiva ou de violencia psicolóxica que se realice de xeito sistemático sobre unha persoa traballadora, manifestada especialmente a través de reiterados comportamentos, palabras ou actitudes que lesionan a súa dignidade ou integridade psíquica e que poñan en perigo ou degraden as súas condicións de traballo.

Outro tipo de cláusulas recollen definicións sobre o acoso (seguindo nalgúns casos o establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia) sinalando, entre outros, os seguintes aspectos:

Recoñéceselle ás persoas traballadoras o dereito ao respecto da súa intimidade e a consideración debida a súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

Considérase acoso sexual a situación na que se produce calquera comportamento verbal ou físico non desexado de índole sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ámbito intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Considérase acoso sexual en sentido amplo calquera comportamento contrario á dignidade e liberdade sexual, cuxo carácter ofensivo e indesexado por parte da vítima é ou debería ser coñecido pola persoa que o realiza, podendo interferir negativamente no seu contexto laboral ou cando a súa aceptación sexa utilizada como condición para evitar consecuencias adversas tanto no desenvolvemento do traballo como nas expectativas de promoción da vítima.

Considérase discriminación directa por razón de sexo a situación en que se atopa unha persoa que sexa, fora ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de xeito menos favorable que outra situación comparable.

Considérase discriminación indirecta por razón de sexo, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros, pon a persoa dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro, salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan necesarios ou axeitados.

En calquera caso considérase discriminatoria toda orde de discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo.

Constitúe acoso por razón de sexo calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, có propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade, en particular cando crea un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

O acoso sexual considérase discriminación por razón de sexo e, polo tanto, prohíbese. O rexeitamento ou a submisión a el non se poderá utilizar para tomar decisións que afecten á persoa que o tivese sufrido.

Sínálase que non é necesario que as accións de acoso sexual no traballo se desenvolvan durante un período prolongado de tempo. Unha soa acción, pola súa gravidade, pode ser constitutiva de acoso sexual.

As definicións de acoso moral que se recollen sinalan o seguinte:

Enténdese por acoso moral toda conduta abusiva ou de violencia psicolóxica que se realice de forma prolongada no tempo sobre unha persoa no ámbito laboral, manifestada a través de reiterados comportamentos, feitos, ordes ou palabras que teñan por finalidade desacreditar, desconsiderar ou illar unha persoa traballadora co obxecto de conseguir o seu auto abandono do traballo, ou o despedimento, producindo un dano progresivo e continuo na súa dignidade ou integridade psíquica.

Considérase circunstancia agravante o feito de que a persoa que exerce o acoso ostente algunha forma de autoridade xerárquica na estrutura da empresa sobre a persoa acosada.

O acoso psicolóxico defínese como a situación de asedio que sofre unha persoa traballadora no ámbito laboral, sobre a que se exercen condutas de violencia psicolóxica de forma sistemática, recorrente e durante un tempo prolongado e que lle conducen ao illamento e estrañamento social no marco laboral, podendo causarlle enfermidades psicosomáticas e estados de ansiedade ou depresión, co fin de provocar que a persoa afectada abandone o posto de traballo.

O acoso moral ou psicolóxico no traballo é a situación na que unha persoa, ou grupo de persoas, exercen un conxunto de comportamentos caracterizados por unha violencia psicolóxica extrema, abusiva e inxusta, de forma sistemática e recorrente, durante un tempo prolongado, sobre outra persoa no lugar de traballo, e que pode producir un dano á súa dignidade.

Enténdese por acoso moral o factor de risco psicosocial que se manifesta por unha conduta abusiva (xesto, palabra, comportamento, actitude, etc...) que atente, por repetición ou sistematización, contra a dignidade ou a integridade psíquica ou física dunha persoa, poñendo en perigo o seu emprego ou degradando o ambiente de traballo.

Constitúe acoso moral toda conduta xestual, verbal, comportamento ou actitude, que atenta pola súa repetición e/ou sistematización contra a dignidade e a integridade física ou psíquica dunha persoa, que se produce no marco de organización e dirección dun empresario/a, degradando as condicións de traballo da vítima e poñendo en perigo o seu emprego. Cando este tipo de comportamento teña relación ou como causa o sexo ou o xénero dunha persoa, constituirá acoso moral discriminatorio.

Nalgúns convenios estas cláusulas veñen recollidas dentro das que se refiren á seguridade e saúde no traballo.

Sinálase que as partes asinantes son conscientes da relevancia que está a tomar o acoso psicolóxico e moral no traballo, así como das graves consecuencias que da súa existencia derivan para a seguranza e saúde dos traballadores e das traballadoras, e que, ademais, leva consigo importantes consecuencias para o normal desenvolvemento da actividade da empresa.

As partes comprométense a previr aquelas prácticas consideradas perversas e que poidan implicar situacións de acoso laboral para os traballadores e traballadoras e, en caso de que aparezan, a investigalas e erradicalas, así como a súa avaliación como outro risco laboral.

Sinálase nalgunha delas que as partes negociadoras entenden e asumen que a existencia do acoso sexual ou moral pode afectar á vítima na súa prestación de servizos de moitas formas (absentismo, tensión, falta de atención,...) podendo afectar a saúde e seguridade no traballo repercutindo na doutros traballadores e traballadoras.

Neste sentido, os comités de saúde laboral e os delegados e delegadas de prevención, terán en conta as ditas circunstancias á hora de realizar a avaliación de riscos.

Outro tipo de cláusulas fai referencia ao compromiso das partes asinantes do convenio de poñer en marcha medidas de prevención deste tipo de situacións.

► Creación de Comisións específicas para temas de igualdade

Teñen cláusulas respecto da creación ou existencia deste tipo de comisións 17 convenios dos asinados en 2013 (o 8,72%) e 12 dos asinados en 2014 (o 8,33%)

Faise referencia á existencia destas comisións nuns casos para o seguimento do plan de igualdade que existe na empresa e noutros para proceder á súa elaboración ou para o deseño de medidas dirixidas a promover a igualdade.

Sinálase nalgúns casos o número de persoas que a integran e hai convenios que se refiren tamén ao seu funcionamento e competencias.

► Cláusulas sobre violencia de xénero

En 2013 existen cláusulas ao respecto en 33 convenios (16,92% dos asinados) que afectan a 48.759 persoas traballadoras (20,09%) das que 16.700 son homes e 32.059 mulleres.

Deles 7 son de sector (17,07% dos de sector asinados) e afectan a 42.231 persoas traballadoras (18,75%), das que 12.791 son homes e 29.440 mulleres, e 26 son de empresa (16,88% dos de empresa asinados) e afectan a 6.528 persoas traballadoras (37,54%), das que 3.909 son homes e 2.619 mulleres.

No ano 2014 son 30 os convenios nos que existen cláusulas ao respecto (20,83% dos asinados) que afectan a 24.787 persoas traballadoras (50,36%) das que 20.985 son homes e 3.802 mulleres.

Deles 5 son de sector (33,33% dos de sector asinados) e afectan a 22.580 persoas traballadoras (57,18%), das que 19.576 son homes e 3.004 mulleres, e 25 son de empresa (19,38% dos de empresa asinados) e afectan a 2.207 persoas traballadoras (22,68%), das que 1.409 son homes e 798 mulleres.

Ademais das cláusulas que remiten ao sinalado na lexislación vixente, as que máis se repiten refírense ao seguinte:

Recollen varios convenios total ou parcialmente o sinalado no artigo 37.7 do Estatuto dos traballadores/as indicando que a traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.

Fan referencia tamén algúns convenios ao sinalado nos artigos 45.1.n) e 48.6 do Estatuto dos traballadores/as sinalando que o contrato poderá suspenderse por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero e que o período de suspensión terá unha duración inicial que non poderá exceder de seis meses, agás que das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima requirise a continuidade da suspensión. Nese caso, o/a xuíz poderá prorrogar a suspensión por períodos de tres meses cun máximo de dezaioito meses.

Recollen outros convenios o sinalado no artigo 40.3 bis) do Estatuto dos traballadores/as sinalando que a traballadora vítima de violencia de xénero que se vexa na obriga de abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

En tales supostos a empresa virá obrigada a comunicar ás traballadoras as vacantes existentes en dito momento ou as que se puideran producir no futuro.

O traslado ou cambio de centro de traballo terá unha duración inicial de 6 meses, durante os cales a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a traballadora.

Terminado este período, a traballadora poderá optar entre o regreso ao seu posto de traballo anterior ou a continuidade no novo. Neste último caso, decaerá a citada obriga de reserva.

Tamén recollen o sinalado respecto da extinción do contrato indicando que este se extinguirá por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

Recóllese igualmente o indicado respecto de que non se computarán como faltas de asistencia, aos efectos da letra d) do artigo 52 do Estatuto dos traballadores/as, as ausencias motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero, acreditada polos servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo proceda.

Sínálase así mesmo que será nulo o despedimento das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos nesta lei.

Faise referencia tamén ao sinalado ao respecto na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, indicando que as ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física o psicolóxica derivada da violencia de xénero se considerarán xustificadas cando así o determinen os servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo proceda.

Recollen algúns convenios o dereito a flexibilidade no desfrute das vacacións.

17. IDIOMA

En 2013 teñen cláusulas sobre o idioma 44 convenios (22,56% dos asinados) que afectan a 105.372 persoas traballadoras (43,42%) das que 61.205 son homes e 44.167 mulleres.

Deles 12 son de sector (29,27% dos de sector asinados) e afectan a 99.371 persoas traballadoras (44,11%), das que 57.574 son homes e 41.797 mulleres, e 32 son de empresa (20,78% dos de empresa asinados) e afectan a 6.001 persoas traballadoras (34,51%), das que 3.631 son homes e 2.370 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o idioma. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	1	10,00%	2	50,00%	3	21,43%
	Núm. Traballad.	2.017	65,04%	4.911	58,42%	6.928	60,21%
	Homes	1.054	33,99%	2.569	30,56%	3.623	31,49%
	Mulleres	963	31,05%	2.342	27,86%	3.305	28,72%
A Coruña							
	Núm. Convenios	11	24,44%	2	18,18%	13	23,21%
	Núm. Traballad	1.051	28,15%	30.600	30,10%	31.651	30,03%
	Homes	488	13,07%	8.426	8,29%	8.914	8,46%
	Mulleres	563	15,08%	22.174	21,81%	22.737	21,57%
Lugo							
	Núm. Convenios	3	17,65%	1	25,00%	4	19,05%
	Núm. Traballad	993	57,27%	2.960	45,82%	3.953	48,24%
	Homes	802	46,25%	444	6,87%	1.246	15,21%
	Mulleres	191	11,01%	2.516	38,95%	2.707	33,04%
Ourense							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	17	23,29%	7	43,75%	24	26,97%
	Núm. Traballad	1.940	28,00%	60.900	67,34%	62.840	64,54%
	Homes	1.287	18,57%	46.135	51,02%	47.422	48,71%
	Mulleres	653	9,42%	14.765	16,33%	15.418	15,84%
Galicia							
	Núm. Convenios	32	20,78%	12	29,27%	44	22,56%
	Núm. Traballad	6.001	34,51%	99.371	44,11%	105.372	43,42%
	Homes	3.631	20,88%	57.574	25,56%	61.205	25,22%
	Mulleres	2.370	13,63%	41.797	18,55%	44.167	18,20%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 35 os convenios nos que existen cláusulas sobre o idioma (24,31% dos asinados) que afectan a 11.661 persoas traballadoras (23,69%) das que 8.302 son homes e 3.359 mulleres.

Deles 5 son de sector (33,33% dos de sector asinados) e afectan a 9.259 persoas traballadoras (23,45%), das que 7.113 son homes e 2.146 mulleres, e 30 son de empresa (23,26% dos de empresa asinados) e afectan a 2.402 persoas traballadoras (24,69%), das que 1.189 son homes e 1.213 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o idioma. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad.	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
A Coruña							
	Núm. Convenios	8	21,05%	1	25,00%	9	21,43%
	Núm. Traballad	385	18,59%	2.000	8,53%	2.385	9,35%
	Homes	208	10,04%	1.700	7,25%	1.908	7,48%
	Mulleres	177	8,55%	300	1,28%	477	1,87%
Lugo							
	Núm. Convenios	2	13,33%	0	0,00%	2	11,11%
	Núm. Traballad	148	15,83%	0	0,00%	148	3,07%
	Homes	94	10,05%		0,00%	94	1,95%
	Mulleres	54	5,78%		0,00%	54	1,12%
Ourense							
	Núm. Convenios	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Núm. Traballad	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
	Homes		0,00%		0,00%	0	0,00%
	Mulleres		0,00%		0,00%	0	0,00%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	20	29,41%	4	80,00%	24	32,88%
	Núm. Traballad	1.869	31,95%	7.259	81,02%	9.128	61,64%
	Homes	887	15,16%	5.413	60,42%	6.300	42,54%
	Mulleres	982	16,79%	1.846	20,60%	2.828	19,10%
Galicia							
	Núm. Convenios	30	23,26%	5	33,33%	35	24,31%
	Núm. Traballad	2.402	24,69%	9.259	23,45%	11.661	23,69%
	Homes	1.189	12,22%	7.113	18,01%	8.302	16,87%
	Mulleres	1.213	12,47%	2.146	5,43%	3.359	6,82%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

As cláusulas máis frecuentes refírense ao dereito das persoas traballadoras a desenvolver a súa actividade laboral e profesional en lingua galega e a recibir formación lingüística.

Faise referencia noutras cláusulas á non discriminación por razón de lingua.

Establécese nalgúñas cláusulas que a dirección da empresa e a representación dos traballadores/as fomentarán o uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos clientes e administracións en Galicia.

Sinálase noutras que as notas, avisos, documentación e comunicacións que a empresa emita en relación co seu persoal estarán redactadas en galego ou de xeito bilingüe.

Outro tipo de cláusulas refírense a que o convenio colectivo se redactará e publicará en galego ou de xeito bilingüe.

Tamén existen cláusulas respecto da valoración do coñecemento do galego para o ingreso e os concursos de traslados nos convenios de persoal laboral e acordos reguladores do persoal funcionario de concellos.

Respecto da publicación nos boletín oficiais dos convenios asinados nestes anos fíxose de xeito bilingüe nos convenios de Ourense e de Comunidade Autónoma por publicarse deste xeito o BOP de Ourense e o DOG.

En 2013 dos 166 convenios correspondentes á Coruña, Lugo e Pontevedra publicáronse en galego 96 (15 de sector e 81 de empresa) e os 70 restantes en castelán (16 de sector e 54 de empresa).

En 2014 dos 133 convenios correspondentes á Coruña, Lugo e Pontevedra publicáronse en galego 55 (7 de sector e 48 de empresa) e os 78 restantes en castelán (5 de sector e 73 de empresa).

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2009 – 2014 dos convenios con cláusulas sobre o idioma.

**Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o idioma
Por provincias. Galicia. 2009-2014**

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2009	1	25,0	1	25,0	1	33,3	0	0,0	6	66,7	9	30,0
2010	2	50,0	2	33,3	1	33,3	0	0,0	1	11,1	6	20,0
2011	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	2	66,7	2	7,7
2012	3	75,0	0	0,0	-	-	0	0,0	2	50,0	5	35,7
2013	2	50,0	2	18,2	1	25,0	0	0,0	7	43,8	12	29,3
2014	0	0,0	1	25,0	0	0,0	0	0,0	4	80,0	5	33,3
Empresa												
2009	1	11,1	11	28,9	3	37,5	0	0,0	14	21,2	29	22,1
2010	2	28,6	10	33,3	1	6,3	2	20,0	12	22,2	27	23,1
2011	3	42,9	4	13,3	1	12,5	1	10,0	8	21,1	17	18,3
2012	1	20,0	5	17,2	2	20,0	0	0,0	8	14,3	16	15,5
2013	1	10,0	11	24,4	3	17,7	0	0,0	17	23,3	32	20,8
2014	0	0,0	8	21,1	2	13,3	0	0,0	20	29,4	30	23,3
Total 2014	0	0,0	9	21,4	2	11,1	0	0,0	24	32,9	35	24,3

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

18. ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE TRABALLO (AGA)

En 2013 fan referencia ao Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA) 115 convenios (58,97% do total dos asinados este ano) que afectan a 200.967 persoas traballadoras (82,81%) das que 121.351 son homes e 79.616 mulleres.

Deles 27 son de sector (65,85% dos de sector asinados) e afectan a 190.477 persoas traballadoras (84,55%), das que 114.426 son homes e 76.051 mulleres, e 88 son de empresa (57,14% dos de empresa asinados) e afectan a 10.490 persoas traballadoras (60,32%), das que 6.925 son homes e 3.565 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o AGA. Galicia. 2013

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	9	90,00%	4	100,00%	13	92,86%
	Núm. Traballad.	3.036	97,90%	8.406	100,00%	11.442	99,44%
	Homes	1.732	55,85%	4.391	52,24%	6.123	53,21%
	Mulleres	1.304	42,05%	4.015	47,76%	5.319	46,22%
A Coruña							
	Núm. Convenios	39	86,67%	10	90,91%	49	87,50%
	Núm. Traballad	2.850	76,35%	99.711	98,08%	102.561	97,31%
	Homes	1.650	44,20%	56.652	55,73%	58.302	55,32%
	Mulleres	1.200	32,15%	43.059	42,36%	44.259	41,99%
Lugo							
	Núm. Convenios	10	58,82%	2	50,00%	12	57,14%
	Núm. Traballad	1.492	86,04%	3.050	47,21%	4.542	55,43%
	Homes	1.272	73,36%	2.650	41,02%	3.922	47,86%
	Mulleres	220	12,69%	400	6,19%	620	7,57%
Ourense							
	Núm. Convenios	7	77,78%	4	66,67%	11	73,33%
	Núm. Traballad	1.030	54,41%	4.310	23,52%	5.340	26,41%
	Homes	949	50,13%	2.273	12,40%	3.222	15,94%
	Mulleres	81	4,28%	2.037	11,12%	2.118	10,48%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	23	31,51%	7	43,75%	30	33,71%
	Núm. Traballad	2.082	30,05%	75.000	82,94%	77.082	79,17%
	Homes	1.322	19,08%	48.460	53,59%	49.782	51,13%
	Mulleres	760	10,97%	26.540	29,35%	27.300	28,04%
Galicia							
	Núm. Convenios	88	57,14%	27	65,85%	115	58,97%
	Núm. Traballad	10.490	60,32%	190.477	84,55%	200.967	82,81%
	Homes	6.925	39,82%	114.426	50,79%	121.351	50,01%
	Mulleres	3.565	20,50%	76.051	33,76%	79.616	32,81%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

No ano 2014 son 89 convenios (61,81% dos asinados este ano) os que fan referencia ao Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) e afectan a 40.084 persoas traballadoras (81,44%) das que 32.824 son homes e 7.260 mulleres.

Deles 12 son de sector (80% dos de sector asinados) e afectan a 34.208 persoas traballadoras (86,63%), das que 29.008 son homes e 5.200 mulleres, e 77 son de empresa (59,69% dos de empresa asinados) e afectan a 5.876 persoas traballadoras (60,39%), das que 3.816 son homes e 2.060 mulleres.

Convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o AGA. Galicia. 2014

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	3	75,00%	1	100,00%	4	80,00%
	Núm. Traballad.	400	90,50%	2.400	100,00%	2.800	98,52%
	Homes	319	72,17%	1.900	79,17%	2.219	78,08%
	Mulleres	81	18,33%	500	20,83%	581	20,44%
A Coruña							
	Núm. Convenios	36	94,74%	4	100,00%	40	95,24%
	Núm. Traballad	1.999	96,52%	23.449	100,00%	25.448	99,72%
	Homes	1.330	64,22%	21.614	92,17%	22.944	89,91%
	Mulleres	669	32,30%	1.835	7,83%	2.504	9,81%
Lugo							
	Núm. Convenios	10	66,67%	3	100,00%	13	72,22%
	Núm. Traballad	797	85,24%	3.880	100,00%	4.677	97,13%
	Homes	637	68,13%	2.476	63,81%	3.113	64,65%
	Mulleres	160	17,11%	1.404	36,19%	1.564	32,48%
Ourense							
	Núm. Convenios	3	75,00%	2	100,00%	5	83,33%
	Núm. Traballad	428	98,85%	800	100,00%	1.228	99,59%
	Homes	366	84,53%	475	59,38%	841	68,21%
	Mulleres	62	14,32%	325	40,63%	387	31,39%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	25	36,76%	2	40,00%	27	36,99%
	Núm. Traballad	2.252	38,50%	3.679	41,06%	5.931	40,05%
	Homes	1.164	19,90%	2.543	28,38%	3.707	25,03%
	Mulleres	1.088	18,60%	1.136	12,68%	2.224	15,02%
Galicia							
	Núm. Convenios	77	59,69%	12	80,00%	89	61,81%
	Núm. Traballad	5.876	60,39%	34.208	86,63%	40.084	81,44%
	Homes	3.816	39,22%	29.008	73,46%	32.824	66,69%
	Mulleres	2.060	21,17%	5.200	13,17%	7.260	14,75%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O tipo de cláusula que máis se utiliza indica que as partes asinantes do convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) nos propios termos en que están formuladas.

Recóllense tamén referencias ao AGA nalgúns convenios ao indicar o xeito de resolver as discrepancias en temas concretos, sinalando entre outros os seguintes:

Discrepancias no seo da comisión paritaria do convenio.

Inaplicación do convenio

Bloqueo na negociación do convenio.

Mobilidade xeográfica

Modificación substancial das condicións de traballo.

No cadro seguinte pódese apreciar a evolución no número de convenios con estas cláusulas no período 1994 – 2014.

**Convenios con cláusulas sobre o AGA.
Galicia. 1994-2014**

	SECTOR	EMPRESA	TOTAL
1994	16	3	19
1995	14	4	18
1996	23	11	34
1997	19	14	33
1998	27	11	38
1999	21	17	38
2000	21	13	34
2001	24	11	35
2002	25	18	43
2003	19	13	32
2004	24	23	47
2005	24	39	63
2006	25	32	57
2007	25	31	56
2008	28	46	74
2009	15	36	51
2010	17	31	48
2011	15	39	54
2012	11	42	53
2013	27	88	115
2014	12	77	89

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

19. OUTRAS CLÁUSULAS

Outras cláusulas que se poden destacar nos convenios asinados estes anos en Galicia son as seguintes:

➤ Comisión Paritaria do convenio

Existen cláusulas ao respecto na práctica totalidade dos convenios asinados.

Refírense moitas destas cláusulas á composición da comisión, sinalando xeralmente o número de compoñentes, aínda que ás veces tamén se indican os nomes. Tamén se sinala en moitos casos a necesidade de que formaran parte da comisión negociadora do convenio.

Establecen algúns convenios un prazo para a constitución da comisión desde a sinatura do convenio.

Outras cláusulas refírense ás normas de funcionamento interno da comisión, remitindo nuns casos a regulamentos internos que fixará a propia comisión e sinalando noutros casos a convocatoria e periodicidade das reunións, o xeito de adoptar os acordos e de resolver as discrepancias e ás persoas asesoras que poden participar por cada parte.

➤ Outras cláusulas recollidas en moitos dos convenios asinados estes anos refírense a temas como a vinculación á totalidade, lexislación supletoria, compensación e absorción e publicidade do convenio.

**PARTE II. CONVENIOS COLECTIVOS ESTATAIS CON
APLICACIÓN EN GALICIA. ANOS 2013 E 2014**

Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia.

Recóllense neste apartado os convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia dos que se ten coñecemento neste Consello.

Para a súa elaboración pártese inicialmente dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano que se analiza ou posterior, combinando esta información coa extraída directamente do programa Regcon para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos.

Os datos do número de persoas traballadoras dos convenios de sector foron elaborados polo IGE en base ao traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación de ditos convenios.

Nos convenios de empresa este dato obtense coa información extraída do programa Regcon.

A información remitida polo IGE é extraída do ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social e indica o número de persoas asalariadas para Galicia por actividade, non por empresa, información esta última suxeita a segredo estatístico.

Utilízase o mesmo criterio de inclusión dos convenios colectivos que o seguido ao elaborar a parte do informe referida aos convenios negociados en Galicia, que é o da vixencia económica, téndose en conta só os que teñen vixencia e efectos económicos durante o ano que se analiza.

Respecto dos convenios de sector só se teñen en conta aqueles para os que non existen convenios de ámbito provincial ou autonómico en Galicia.

Para a elaboración da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta as cláusulas de revisión salarial recollidas nestes convenios, e que poden apreciarse nos anexos que acompañan a este informe.

Tamén se recollen nos mesmos anexos as cláusulas sobre vixencia, denuncia e ultraactividade pactadas nos convenios asinados e revisados nestes anos.

ANO 2013. CONVENIOS COLECTIVOS ESTATAIS CON APLICACIÓN EN GALICIA

Os cadros seguintes indican os convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia asinados e/ou revisados en 2013, que foron 120 e afectan a 78.275 persoas traballadoras.

Deles 87 son de empresa e afectan a 13.073 persoas traballadoras e 33 son de sector e afectan a 65.202 persoas traballadoras.

Convenios colectivos

	Nº Convenios	Nº Traballadores/as
Empresa	83	12.976
Sector	29	61.934
Total	112	74.910

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Revisións salariais

	Nº Convenios	Nº Traballadores/as
Empresa	4	97
Sector	4	3.268
Total	8	3.365

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os cadros que seguen a continuación reflicten o número de convenios colectivos (asinados ou revisados) segundo o número de persoas traballadoras ás que afectan.

Neles obsérvase que nos convenios de empresa o maior número concéntrase nas empresas que teñen ata 50 persoas traballadoras.

Nos de convenios de sector o maior número de convenios sitúase nos que afectan entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras.

Convenios colectivos asinados e revisados en función do nº de traballadores/as. Empresa

Nº Traballadores/as	Estatais	
	Nº	%
0 - 50	57	65,52%
51-100	13	14,94%
101-500	10	11,49%
501-1000	4	4,60%
1001-3000	2	2,30%
>3000	1	1,15%
Total	87	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos asinados e revisados en función do nº de traballadores/as. Sector

Nº Traballadores/as	Estatais	
	Nº	%
0 - 50	1	3,03%
51-100	0	0,00%
101-500	8	24,24%
501-1000	7	21,21%
1001-3000	11	33,33%
>3000	6	18,18%
Total	33	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto do ámbito temporal, o 62,65% dos convenios asinados de empresa e o 55,17% dos de sector teñen unha vixencia igual ou superior a 3 anos.

Estes datos aprécianse con maior detalle nos cadros que seguen.

Vixencias medias dos convenios de empresa. Porcentaxe sobre o total

	Nº Convenios	%
Menos de 1 ano	1	1,20%
1 ano	7	8,43%
De 1 a 2 anos	3	3,61%
2 anos	17	20,48%
De 2 a 3 anos	3	3,61%
3 anos	27	32,53%
Máis de 3 anos	25	30,12%
Total	83	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Vixencias medias dos convenios de sector. Porcentaxe sobre o total

	Nº Convenios	%
Menos de 1 ano	1	3,45%
1 ano	3	10,34%
De 1 a 2 anos	1	3,45%
2 anos	7	24,14%
De 2 a 3 anos	1	3,45%
3 anos	6	20,69%
Máis de 3 anos	10	34,48%
Total	29	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados ou revisados con vixencia económica para o 2013 foi do 0,34.

Media ponderada do incremento salarial pactado

Ano 2013	Convenios Colectivos		Revisións salariais		Total
	Sector	Empresa	Sector	Empresa	
	0,38	0,15	0,41	2,60	0,34

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Este incremento é inferior ao IPC galego do ano 2013 que foi do 0,5 e lixeiramente superior ao IPC estatal que foi do 0,3.

Para o cálculo deste incremento tivéronse en conta os convenios que indican incrementos salariais en porcentaxe, que foron 106 este ano (88,33% do total), así como as cláusulas de revisión salarial que figuran no 21,43% dos convenios asinados e no 37,50% dos revisados este ano.

A media por sectores económicos recóllese no cadro seguinte

Media ponderada do incremento salarial pactado por sectores de actividade

	Estatais
	1,00
	0,41
	1,50
	0,29
	0,34

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os cadros seguintes indican os convenios asinados e revisados que teñen cláusula de revisión salarial e as persoas traballadoras ás que afectan.

Convenios colectivos asinados con cláusula de garantía salarial

	Estatais			
	Nº Convenios	%	Nº Traballadores/as	%
	Empresa			
	15	18,07%	2.269	17,49%
Sector	9	31,03%	26.835	43,33%
Total	24	21,43%	29.104	38,85%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos revisados con cláusula de garantía salarial

	Estatais			
	Nº Convenios	%	Nº Traballadores/as	%
	Empresa			
	1	25,00%	9	9,28%
Sector	2	50,00%	1.628	49,82%
Total	3	37,50%	1.637	48,65%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

A xornada pactada nos convenios asinados e revisados este ano foi de 1.764,03 horas.

No cálculo desta media tivéronse en conta os 101 convenios asinados ou revisados este ano que sinalan a xornada de xeito anual, que supoñen o 84,17% do total de asinados e revisados este ano.

Xornada pactada. Media ponderada para o ano actual

	Xornada media (horas/ano)		
	Sector	Empresa	Total
	2013		
	1.763,88	1.764,63	1.764,03

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Xornada por sector de actividade

	Agrario	Non agrario			Total
		Industria	Construción	Servizos	
Empresa	-	1.687,16	1.750,53	1.775,78	1.764,63
Sector	1.776,00	1.758,35	-	1.766,94	1.763,88
Total	1.776,00	1.753,22	1.750,53	1.769,09	1.764,03

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Dos convenios que indican a xornada anual, 8 de empresa indican unha xornada de 1.826 horas e os 93 restantes sinalan unha xornada inferior.

ANO 2014. CONVENIOS COLECTIVOS ESTATAIS CON APLICACIÓN EN GALICIA

Segundo se pode apreciar nos cadros que seguen a continuación os convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia asinados e/ou revisados en 2014 foron 88 e afectan a 46.589 persoas traballadoras.

Deles 58 son de empresa e afectan a 5.891 persoas traballadoras e 30 son de sector e afectan a 40.698 persoas traballadoras.

Convenios colectivos

	Nº Convenios	Nº Traballadores/as
Empresa	48	4.285
Sector	18	21.575
Total	66	25.860

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Revisións salariais

	Nº Convenios	Nº Traballadores/as
Empresa	10	1.606
Sector	12	19.123
Total	22	20.729

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os cadros seguintes reflicten o número de convenios colectivos (asinados ou revisados) segundo o número de persoas traballadoras ás que afectan.

Neles obsérvase que nos convenios de empresa o maior número concéntrase nas empresas que teñen ata 50 persoas traballadoras.

Nos de convenios de sector o maior número de convenios sitúase nos que afectan entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras.

Convenios colectivos asinados e revisados en función do nº de persoas traballadoras. Empresa

Nº Traballadores/as	Estatais	
	Nº Convenios	%
0 - 50	39	67,24%
51-100	11	18,97%
101-500	6	10,34%
501-1000	0	0,00%
1001-3000	2	3,45%
>3000	0	0,00%
Total	58	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos asinados e revisados en función do nº de persoas traballadoras. Sector

Nº Traballadores/as	Estatais	
	Nº Convenios	%
0 - 50	4	13,33%
51-100	1	3,33%
101-500	7	23,33%
501-1000	6	20,00%
1001-3000	9	30,00%
>3000	3	10,00%
Total	30	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto do ámbito temporal, o 70,83% dos convenios asinados de empresa e o 44,45% dos de sector teñen unha vixencia igual ou superior a 3 anos.

Estes datos aprécianse con maior detalle nos cadros seguintes.

Vixencias medias dos convenios de empresa. Porcentaxe sobre o total

	Nº Convenios	%
Menos de 1 ano	1	2,08%
1 ano	4	8,33%
De 1 a 2 anos	0	0,00%
2 anos	9	18,75%
De 2 a 3 anos	0	0,00%
3 anos	12	25,00%
Máis de 3 anos	22	45,83%
Total	48	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Vixencias medias dos convenios de sector. Porcentaxe sobre o total

	Nº Convenios	%
Menos de 1 ano	0	0,00%
1 ano	4	22,22%
De 1 a 2 anos	1	5,56%
2 anos	5	27,78%
De 2 a 3 anos	0	0,00%
3 anos	5	27,78%
Máis de 3 anos	3	16,67%
Total	18	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

